Voy ahora --porque luego tendré ocasión de intervenir en el trámite de réplica-- a un segundo aspecto que es el contenido de la ley en el que creo que en gran medida parte el error del redactor del proyecto.

En cuanto al contenido de la ley, el objeto de la ley --si mal no he visto-- pretende tres cosas: unas sanciones en materia pesquera, unas sanciones en materia de marisqueo, y otras sanciones en materia de cultivos marinos. La graduación de las sanciones --hecho en el que no entro, es decir, no entro en la clasificación de las sanciones como leves, como graves, o como muy graves-- decía en mi enmienda que era puro mimetismo de la ley estatal de 13 de julio de 1982.

Pues bien, señor Conselleiro, no solamente es tan puro mimetismo que salvo un artículo que se ha sacado aquí en la redacción del proyecto me parece que este proyecto de ley tiene 17 artículos y la ley del Estado 16; claro, si se le saca uno y las matemáticas no fallan el mimetismo ya es absoluto. Lo único

que sí ha hecho el redactor del proyecto, es que la tipificación de las sanciones en los artículos 3, 4 y 5 que está de corrido --digamos-- en la ley estatal --y para muestra está el comparar los dos textos-- la han clasificado en apartados. Entonces hay, dentro de las sanciones leves, el apartado a), b), c), d), e), f) que todos ellos puestos de corrido llegarían a determinarse exactamente con el contenido correlativo del artículo 3°.

Han introducido una modificación, porque la ley tenía que atender a la nominación que tiene, al título que tiene. La ley de 13 de julio de 1982 no es cierto que no contemple sanciones en materia de cultivos marinos --aunque yo no la comparto-- pero no es cierto, porque lo dice en el artículo 1°. Curiosamente el artículo 1° de esta ley es copia literal del de la otra. Pero, han introducido la palabra "marisqueo", y eso sí es cierto, señor Conselleiro. Lo que pasa es que no solamente con introducir la palabra se obtiene el propósito de que la finalidad sancionadora vaya precisamente a aspectos concretos del marisqueo.

Aquí quiero disociar dos temas que son muy importantes, que usted ya aludió a ellos. En materia pesquera lo que yo no comparto como enmendante es la escala tipificadora. Usted ha dicho que la escala tipificadora era precisamente lo que se reflejaba de una ley que el 13 de julio del año 1982 aprueban las Cortes Generales en materia de sanciones. Pero es que, señor Conselleiro, la Autonomía nos tiene que servir para algo más original. No se debe atender solamente a la tipificación de una ley, que no está hecha para las aguas interiores, por una razón muy evidente. En el año 1982, el legislador central tenía una Constitución, tenía unos Estatutos de Autonomía y tenía que respetar el artículo 27.15 del Estatuto de Autonomía de Galicia. Por lo tanto, esta ley no está hecha para aguas interiores. El supuesto de aplicación de la ley del 82 no

está hecha para aguas interiores, ni en materia de pesca ni en materia de cultivos marinos, ni en materia de marisqueo. Y esto es lo que no ha querido ver quien ha tomado como modélica la ley para transcribirla al ámbito de la Comunidad Autónoma.

Y ¿por qué? Porque en las aguas interiores se da una singularidad muy grande. Lo que puede ser fuera de nuestras rías el hecho de tener motores de mayor potencia que la de calada --y hago esa alusión porque creo que tiene una gravedad tremenda-- en aguas interiores el problema es enorme. Imaginemos que a un barco se le puede poner la potencia que a uno le dé la gana, ¡bueno, es que le llevan a rastras hasta los biotopos del señor Pérez Queiruga; ¡Vamos; ¡Esto por supuesto; Se pueden utilizar incluso para otros fines completamente distintos de lo que es el marisqueo, se puede llevar a esquilmar totalmente los bancos naturales, y se puede utilizar en esas faenas de importación clandestina de otros productos que no son precisamente venidos por el mar. Esa es la picaresca. Y si el legislador no tiene previsión en estos momentos de incluirlo como sanción grave es que no está atendiendo la realidad. Yo imploraría aquí a la sensatez del señor Presidente, en temas además que a lo largo de la mañana de hoy o de la tarde, incluso, van a tener un auge impresionante, para que este tema no se identificara no solamente con el fomento del furtivismo sino con otro tipo de actividades que lamentablemente se dan en aguas de nuestra ría.

Es evidente que la ley del 82 está contemplada para otra cosa. La ley del 82 del Estado --incluso con cierta picardía-- tenía que ser agresiva en ese tema por una sencilla razón. Porque las cuotas de pescado independientemente --y es un tema que conoce Su Señoría-- las tenemos precisamente muy comprometidas fuera de nuestros caladeros, fuera de la pesca en aguas interiores, y el legislador tenía casi ca-

si que dar como una especie de patente de corso para que pudieran hacerse en los caladeros de otras aguas, pero no en aguas interiores y no en la ría.

Como considero grave, a través de la tipificación de las sanciones, que no se atiende un principio de seguridad de la vida humana, señor Conselleiro, y le voy a decir por qué. Las leyes cuando son penas tienen una finalidad por encima de todo, y es un bien jurídico protegido. Aquí será la pesca, aquí será el marisqueo, o el cultivo marino, pero también es la persona. No me digan que cuando la limitación de las embarcaciones que faenan en el interior de las rías, pueden ir sobrecargadas y eso no constituye un sistema de fiscalización para que la multa no llegue a una cuantificación superior de 25.000 pesetas, estamos precisamente queriendo garantizar la vida de esa gente que se está jugando no solamente el pan, sino la persistencia o su persistencia en el mar.

El tema es realmente grave. Si vamos al mimetismo de la ley del 82 caemos en el vicio o en el pecado, desde luego, de no atender al desarrollo de un derecho específico que sirva, o por lo menos que defina lo que es la materia sancionadora defendiendo la autonomía de Galicia.

Pero hay un hecho que es muchísimo más grave. La ley del 82, señor Conselleiro, señoras y señores Diputados, está contemplada en una finalidad a la que el redactor del proyecto le ha añadido aquí la palabra "marisqueo", pero está contemplada en función de la embarcación. Yo reto al señor Conselleiro, o a cualquier Diputado --en el reto dialéctico naturalmente que comporta esta Cámara-- a que leyendo el artículo 4º, leyendo el artículo 5º y leyendo el artículo 6º se me diga si ahí está tipificada alguna conducta que pueda ser sancionable con arreglo a esa tipificación sobre el marisqueo a pie.

Señor Conselleiro, éste es un

hecho gravísimo. Se han olvidado ustedes de regular el marisqueo a pie. Ante la realidad de un proyecto de ley olvidar el hecho del marisqueo a pie solamente se explica por un motivo que es evidente: el mimetismo con la ley del 82. Si habíamos antes coincidido en que la ley del 82 no tenía competencias en materia de pesca, ni tampoco competencias en materia de cultivos marinos, porque estaban ya reservadas en el Estatuto de Autonomía a las aguas interiores y al marisqueo como competencia exclusiva, es evidente que ustedes al añadir "marisqueo" están contemplando en el interior de este proyecto solamente el marisqueo a flote, pero no el marisqueo a pie. Y yo quiero que me digan en el artículo 4º, en el artículo 5º o en el artículo 6º --que es donde se tipifican las sanciones-- donde está inserta alguna conducta que pueda suponer la sanción ante la tipificación de un furtivismo cometido con el marisqueo a pie.

Esa omisión, señor Conselleiro, es imperdonable. Como es imperdonable a mayores el hecho de que tampoco se tenga una tipificación sobre cultivos marinos. Yo no he visto a lo largo de todo el proyecto de ley ninguna tipificación referente a las cetáceas, a los establecimientos marisqueros, a los cultivos, a las concesiones o al ámbito de la infracción que se puede cometer en el ejercicio de estas concesiones o autorizaciones administrativas; ni un solo artículo del proyecto de ley habla precisamente de ese tipo de sanción.

Por lo tanto, no me digan que esto es un proyecto de ley que contempla las tres vertientes. Acepto que contempla la pesca, desde luego con las deficiencias que ya he enunciado; acepto que contemple marisqueo a flote, pero no el marisqueo a pie; y desde luego no hay ni una sola referencia a los cultivos marinos, señor Conselleiro, y me parece que he repasado la ley el tiempo suficiente y las veces suficientes como para darme cuenta de

ello, ¿por qué? Porque el mimetismo es el del año 82.

Le voy a dar otra razón que ya es concluyente. Mire usted, si la ley fuera racional y técnicamente correcta tendría la tipificación de sanciones como leves, como graves, y como muy graves para las tres materias: pesca, marisqueo y cultivos marinos. Habría sanciones graves en pesca, sanciones graves en marisqueo y sanciones graves en cultivos marinos, como las habría leves, en pesca, en marisqueo y en cultivos marinos, y como las habría muy graves en los tres supuestos que acabo de decirle. Falta de la imaginación del legislador es que no ha sabido desligar los tres conceptos de la aplicación de las tres conductas sancionadoras en la graduación de las escalas. Esto es evidente, esto es una verdad rotunda.

Solamente en el ánimo de querer sacar adelante el proyecto y no atender a estas razones se podrá decir que, bueno, por la fuerza de los votos el proyecto se saca adelante. Pero, ¿que se me contradiga con alguna explicación mucho más coherente que la que yo estoy dando de que esto no es así; ¿Por qué no es así? Porque se han ido precisamente a lo que vuelvo a resaltar: al mimetismo de la ley del 82, que no tenía por qué contemplar estas diferencias cuando realmente estaba regulado para un supuesto completamente distinto. Esto es evidente.

No hay, por lo tanto, esa diferenciación. Hay un hecho muchísimo más grave todavía. Que si se quisiera insertar tímidamente por la vía de la analogía --cuando esa interpretación analógica en el derecho sancionador o penal no va a la ampliación de los tipos-- si lo quisieran hacer tímidamente, por extensión analógica veríamos que el marisqueo a pie y el marisqueo a flote tendrían la misma cuantificación de la sanción, salvo el arbitrio de quien la dejara, pero objetivamente la misma tipificación de la sanción y esto tampoco es justo. Como no se ha hecho gradualmente en

cada una de las escalas de las penas con arreglo a las actividades, claro, ha salido esta ley que es completamente distinta en mi posición a como usted la ha presentado...

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Señor Deputado, rógolle que remate o máis brevemente posible porque xa lle finalizou o tempo.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Sí, gracias, señor Presidente. Termino porque ya tendré ocasión de intervenir después. No delimita el ámbito competencial, señor Conselleiro, y yo tenía aquí una anotación. Creo que es una ley --se lo digo con sinceridad-- catastrófica o caótica. Creo que el redactor del proyecto lo ha asimilado, porque fíjese usted, en una Disposición Adicional, que es la segunda, dice: "Para a efectividade da presente Lei, e nun prazo dun mes a partir da súa publicación, constituirase unha comisión de seguimento integrada por representantes das Consellerías afectadas". Es decir, que si la ley afecta a las Consellerías excuso decirle.

Nada más, señor Presidente. Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Moitas gracias, señor Deputado.

Entramos agora na defensa da emenda de totalidade de devolución do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román.

Señor Nogueira Román, pode facer uso da palabra por tempo máximo de 15 minutos.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, cando o noso partido, e sobre todo nun caso coma este, presenta unha emenda á totalidade a un proxecto de lei do Goberno Galego, non o fai por unha

rutina opositora, nin por ganas de leva--la contraria; faino honradamente por un puro cumprimento do deber. Nós cremos que este proxecto de lei, entre outras razóns, non é nin coherente nin desde logo innovador como merecen se--las leis establecidas desde a Autonomía política.

Non é coherente porque non forma parte dunha política global. E, desde logo, non se pode concebi--la política global pesqueira que merece Galicia configurada --segundo dixo o señor Conselleiro-- polas leis de Ordenación Pesqueira recentemente tratada neste Parlamento, esta Lei de Sancións, e a futura Lei de Marisqueo e Cultivos Mariños. Nin todas esas leis están no Parlamento, porque a Lei de Cultivos Mariños e Marisqueo non sabemos que contido ten nin desde logo chegan en absoluto para configurar unha política pesqueira da importancia que necesita o noso país.

Esta lei non é innovadora. Galicia, como é natural, necesita algo máis ca unha simple asunción administrativa das competencias cedidas polo Estado Central. Cómpre unha política innovadora que teña en conta tanto a importancia das rías como unha unidade singular para a pesca, como unha unidade de moita importancia para o futuro, como tódolos factores que inciden realmente na pesca e nos cultivos mariños, e non simplemente a soa explotación ou as artes de pesca que son contempladas nos proxectos que acabamos de citar.

O problema é moito máis complexo. Este proxecto de lei só recolle en realidade a sanción das actividades de pesca, marisqueo e cultivos mariños no referente ás artes e obxectos de pesca, pero non se penalizan outras actividades. Non se ve como realmente se quere melloralo rendemento da nosa pesca se non se contemplan como sancionables cuestións tales como verquidos urbanos, a extracción de concheiros, de áridos, ou de recheos ou simplemente, como cito na nosa emenda á

totalidade, o establecemento de estruturas flotantes en zonas non permitidas, etc.

Por outra parte, a lei non contempla tampouco outras actividades que poden ser orixe de faltas que hai que sancionar, como son as actividades de cultivos mariños como parques de cultivos, parques reguladores, cetáceas, etc. Son estas as actividades que estarán no futuro de absoluta actualidade e que son, como é evidente, susceptibles de incorrer en sancións.

Realmente, ó expoñer estas argumentacións non podo máis que ter en conta que a lei que hoxe debatemos é unha simple lei mimética doutras establecidas no Estado; leis que como é natural non contemplan en absoluto a singularidade das nosas rías, singularidade que debe ser obxecto de tratamento especial desde a Autonomía política.

A lei, por outra parte, é insuficiente na regulación das sancións en materias de mercado. Non contempla, por exemplo, as sancións en relación coa introducción de especies, ou de individuos vivos procedentes da importación. Esta cuestión está contemplada nun Decreto recente da Xunta de Galicia pero en cambio esta falta non é sancionada no momento en que se produza. Non contempla tampouco a pesca deportiva.

Remato, Señorías, afirmando que esta lei é produto dun equipo pequeno da pesca, dun equipo descoordinado —como se pode ver ante o feito de que nos aparece aquí unha Lei de Sancións antes de te-la Lei de Cultivos Mariños e de Marisqueo—, dun equipo que aparentemente ignora os condicionamentos últimos das actividades pesqueiras hoxe.

Cremos que é merecedora desta emenda á totalidade por ser unha lei mimética e non innovadora como realmente necesitamos neste momento de construción da Autonomía nun sector tan fundamental para Galicia como é a pesca.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): O representante do Grupo Centrista pode facer uso da palabra para defende-la súa emenda.

O señor PARDO MONTEIRO: Señor Presidente, Señorías, vou tratar de facer unhas sucintas consideracións previas da razón fundamental pola que o noso Grupo formula esta emenda de totalidade. Certamente non son referidas ó contido da lei como tal, aínda que non nos guste, porque é unha lei á que lle hai que recoñecer unha certa sistemática e unhas certas cualidades técnicas, que eu non vou deixar de mencionar aquí. Discrepo en parte respecto dalgúns compañeiros que me precederon no uso da palabra. Aínda que estou de acordo con eles noutros aspectos sen embargo discrepo neste apartado concreto.

A lei ten condicións técnicas asumibles e tamén unha certa sistemática que para min mellora notoriamente a lexislación do Estado, de onde sen dúbida se atopa inspirada. Que sexa representativa ou non da Nosa Terra, das nosas condicións, iso xa é máis problemático.

Estou de acordo totalmente co señor Nogueira en que me parece prematura e en que incide nunha temática que non era necesario tocar polo de agora en tanto non se fíxese o que é primario como é a ordenación da pesca e do marisqueo.

Pero a razón da oposición nosa anda por outra dirección. A nós preocúpanos sempre a seguridade xurídica, e a seguridade do cidadán que se ataca desde tódolos sectores, desde tódolos aspectos, e con toda clase de matizacións. Por iso, tratarei de facer un breve exordio, pregando á Cámara que me perdoe algo que realmente deba ser tema dunha clase de Dereito Administrativo.

Unha sanción, en principio, é

un mal que se infrinxe ó administrado por consecuencia dunha conducta ilegal. Entón, en principio, unha sanción administrativa e unha sanción penal xeral neste aspecto concreto non se distinguen en nada. O que pasa é que, así como o deber da sanción penal é tutela--lo interés colectivo ou social, a sanción administrativa --por dicilo nalgún término-- é unha sanción doméstica, unha sanción de andar por casa, que debe estar limitada e constringida a aquilo que é fundamental: para o exercicio e autoprotección do propio órgano institucional, ou para o deber e a relación inmediata daqueles administrados que teñen por algunha circunstancia unha concatenación directa con esta Administración.

Entón, mentres a sanción penal se refire a un concepto de carácter abstracto, a sanción administrativa refírese sempre ás relacións máis ou menos directas entre o administrado e o propio sector que a Administración concreta trata de regular ou tutelar.

Por iso, este deber de protección da Administración que se projecta a si mesma --a autoprotección de que falan os administrativistas-- para poder exercita--la súa vocación, para realiza--la súa tarefa, vai un pouco máis alá. Sabemos que nisto hai discrepancia nos sistemas xurídicos internacionais. Así como os sistemas xurídicos europeos --non os anglosaxóns-- están máis ou menos na liña de facilita--la capacidade sancionadora da Administración, tamén é certo que os sistemas anglosaxóns que teñen unha Administración tan eficaz coma a nosa, e probablemente máis cá nosa, dubidan moito disto, discuten moito este aspecto e, en caso de dúbida, sempre dirimen o tema en favor daquelas actuacións de carácter puramente xudicial.

Esta auprotección nas sancións administrativas ten unha serie de aspectos que se contemplan. Primeiro, as chamadas sancións disciplinarias que fan referencia ós fun-

cionarios, ós usuarios de servicios públicos, ós concesionarios de concesións administrativas, a contratistas, etc. Sancións de policía demanial onde xa por extensión se abordou algo que non estaba en principio comprendido na potestade sancionadora da Administración. De protexe--lo patrimonio público, o demanio, os bens de dominio ou de uso público tutelados pola Administración pasouse por vía de extensión --e non demasiado suxeita a principios de xuridicidade-- á tutela dos ben patrimoniais ou dos bens privativos. Tema moi discutible, tema moi controvertido, tema no que hoxe non existe nin sequer unha adecuación ou unha tendencia harmónica na doutrina xurídica pero que, en cambio, está infestando a nosa pluralidade de lexislación neste sentido. Sancións tamén rescisarias de actos de carácter favorable para o propio administrado. E sancións de carácter tributario.

Máis ou menos nun sentido de concretar con carácter xeral e simplificador, estes serían os catro aspectos sobre os que a Administración pode, e en certa medida debe sancionar; fóra de aí non. Todo o demais corresponde ó Dereito Penal, corresponde ó dereito sancionador do Estado como tal en canto que tutela a organización colectiva, pero non corresponde a ese aspecto do brazo administrativo do Estado que non está fundamentalmente adicado a estas cuestións.

Pois ben, calquera que sexa o sentido sancionador xeral ou particular neste aspecto concreto administrativo, hai uns principios xurídicos que non poden ser sobrepassados. Son principios que inspiran toda a potestade sancionadora, salvo que se pretenda construír unha sociedade sobre a base da arbitrariedade ou da anarquía.

Estes principios son os seguintes. Principio de legalidade que fai referencia a que toda sanción ten que responder a unha normativa previa, pero ademais a que ten que haber unha lei formal, é dicir, que

non serve calquera clase de normativa, senón precisamente unha normativa con rango de lei e coa garantía de elaboración dunha lei. Principio de tipicidade en canto á definición da conducta que se pretende sancionar para que non poida ser calquera conducta, nin poida quedar á consideración daquel que arbitre en cada momento a concreta medida sancionadora. Ten que haber unha tipificación que emane tamén dunha lei. Principio de culpabilidade --engaden algúns-- para eludilo sistema de sanción con carácter obxectivo que tanto proliferou en tempos de non boa recordación e non demasiado lonxanos tamén. E un principio de acreditación da realidade que se trata de sancionar porque todo o mundo é inocente mentres non se probe e se demostre o contrario.

Penso, deixando á parte outras cuestións, que esta lei incide negativamente nalgúns destes principios, que para min son de carácter inescusable.

Repito, tecnicamente pode estar axeitada, mesmo algúns tipos parécenme adoitados, pero evidentemente hai algunhas afirmacións que non se poden facer. E unha lei que explicita pouco. Esta lei ó defini--lo artigo primeiro, empeza referíndose --como a do Estado-- ós regulamentos, á posibilidade de que a tipificación se faga por regulamento. Eu digo que tratándose dunha tipificación administrativa non hai que caer no maximalismo de deixalo todo coutados na lei, pero si teñen que quedar coutados aqueles principios primarios básicos dentro dos cales se deba mover esta conducta tipificada.

Cos artigos 4, 5, e 6, que fan referencia ás conductas sancionables de carácter leve, grave ou moi grave, nós diríamos que, en principio, con esta clasificación si estaríamos de acordo, porque parécenos que mellora a concepción mesmo da lei estatal, e que mellora tamén a sistemática do tema. Para nós as conductas referidas ó transporte e

circulación de persoas, ó réxime de policía de establecementos, etc., nos temas xerais onde nos atopamos teñen unha tipificación máis benigna porque realmente teñen unha perigosidade inferior. Parécenos ben que sexan de carácter leve.

Tamén nos parece adecuado o feito de remiti--las accións de carácter menos grave a aquelas que poñen en perigo os recursos mariños renovables e poñer, en cambio, como de carácter moi grave aquelas que prexudican os recursos mariños non renovables. Tamén me parece unha sistemática primaria adoitada. Ata aquí estou de acordo.

Estiven a punto de retirar esta emenda de totalidade, pero hai temas que entendo que non se dan subsanado no período de ponencia, nin no período de Comisión. Porque hai incisos nestes artigos que botan por terra todo canto que se fai antes, en canto se abren vías soterradas, máis ou menos amplas, deixando a tipificación que se produza nesta propia lei, ó que se faga no desenvolvemento de carácter regulamentario, e ata aí non podemos chegar. Ese é un tema que nós non podemos asumir como bo, deixando que queda un regulamento posterior á tipificación de conductas as bases das cales non veñen concretamente expresadas nesta lei; veñen algunhas pero non todas, e déixase un portelo aberto co que non estamos conformes.

Despois hai outro tema, que por certo incide sobre unha frase do señor Conselleiro na presentación da lei. Trátase de aquilo de non tipificar conductas extrañas á propia actividade que se regula. Hai preceptos, un en concreto, que di máis ou menos que se castigarán ou considerarán tamén de carácter leve aquelas conductas inobedientes, desatentas coas autoridades administrativas, etc. Iso non é desta lei. Iso é meter algo extraño dentro dun texto articulado da lei que corresponde a outra esfera. Iso pode ser desacato, pode ser atentado, pode ser unha falta que está regulada no

Código Penal. Non estamos regulando relacións humanas entre o administrado e os funcionarios da Administración. Estamos simplemente regulando unha determinada e específica actividade administrativa e ata aí somos competentes; fóra de aí xa non temos ningunha competencia.

Hai outro tema que vai contra o sentido de tipificación. E o artigo 9 --para min un dos máis preocupantes-- en canto fala da agravación por reincidencia. Nós sabémolo--lo trato que recentemente na orde penal xeral sufriu a reincidencia xustamente para eliminar vellas concepcións que estaban gravitando nunha adoitada tipificación penal. Pois ben, aquí incídese nisto. Eu estaría conforme coa lei do Estado, ou con este proxecto de lei, se dixese que a reincidencia supón un aumento da contía sancionadora, e iso paréceme moi ben. Pero, non me desfaga vostede o tipo sancionador, non me diga vostede que cambie de tipoloxía. Tres faltas leves minúsculas, aínda que se acumulen, seguirán sendo sempre tres faltas leves minúsculas. E unha inseguridade para o cidadán que tres faltas leves minúsculas se poidan poñer en situación de sanción máis forte e peor respecto daquel que comete unha soa falta pero das consideradas moi graves, con outros medios que ó mellor non ten o particular, o home de a pé que anda pola rúa.

O quebranto deste sentido de tipificación para min é totalmente inasumible. Se lle parece que o 50% de recargo por incidencia que pon a lei estatal é insuficiente, pónase o 100% ou o 200% pero non se me cambie a tipificación do feito, porque --repito-- unha falta leve mínima seguirá sendo sempre unha falta leve mínima, aínda que se reitere moitas veces por necesidade. En cambio, unha falta moi grave só se pode cometer por quen ten vocación precisamente de ir delinquir.

Despois, hai temas relativos á confiscación, e á devolución de efectos, cando hai un procedemento no que se acaba absolvendo da fal-

ta. Tampouco eu podo admitir que quede á discreción do órgano que sanciona a devolución de efectos confiscados cando se absolve. Cando se absolve non hai outra alternativa que lle devolver todo ó interesado porque non era responsable de nada, estaba actuando lícitamente. Esta reserva tampouco podería quedar na lei.

En fin, ¿que sería de todo isto o único probablemente renovable? Díciase polos responsables da Consellería falando dunha lei anterior, un argumento que hai que considerar: "que precisamente se vai a non caer nunha excesiva tipificación porque é unha dinámica atroz a que se move neste sector; a lei é sempre máis lenta de elaboración e, en cambio, o feito de que se faga a través de regulamento, de que se regule por este medio imprímelle unha aceleración acorde coa propia dinámica". Ben, isto é un argumento de efectividade que podería ser un pouco considerado neste sentido, pero este non é un argumento que teña carácter absoluto. Toda a dinámica sancionadora e a efectividade que se persiga non pode xustificala inseguridade. O ataque á inseguridade leva consigo a inxusticia e, polo tanto, isto prima e antes está nunha escala superior ó que está os límites a que pode tenderla eficacia.

Por outro lado, neste sentido, o único que parece renovable é a contía das multas. Esta contía pódese modificar por decreto, ou en sucesivos regulamentos de aplicación e, mesmo, facendo unha modificación nos límites xerais da lei. O que non parece lóxico é que unha lei se faga con vocación dunha permanencia tan pequena. As leis teñen vocación de perennidade. Unha vocación de estar para hoxe e non servir para mañá demostra que en principio é unha lei timorata ou unha mala lei. Entón, o proxecto de lei ten que estar con vocación de servir para moito, o cal demostra que necesita ter imaxinación, ter anticipación de futuro, saber prever as situacións que poden devir co

mañá e telas aí xa reguladas de antemán.

Pois ben, esta posición fai que non me pareza correcto o proxecto por cuestión de oportunidade en canto que non está tratada a ordenación deste sector con leis xa vixentes e, por outro lado, porque os principios que o animan, aínda sendo bos nalgúns aspectos, quebrantan outros máis fundamentais.

Quero terminar cunha cita de Hebbel que dicía: "pódese andar cunha pistola cargada, pódese andar cunha pistola descargada. O que non se pode andar é cunha pistola que non se sabe se está cargada ou está descargada". Pode haber unha lei dura, pode haber unha lei máis branda, pero temos que saber que clase de lei é, e en que límites se move.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós) : Por Coalición Galega pode defende-la súa emenda o señor González Mariñas.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, na nosa emenda de totalidade hai moitas razóns que entendemos que a avalan. Son de distinto rango e de distinta importancia. Algunha delas xa foi respostada polo señor Conselleiro no turno chamado de presentación do proxecto. Polo tanto, procurarei ir a aqueles puntos que son --ó noso entender-- máis substantivos. Hai razóns menores tamén como esa referencia que faciamos ó artigo 12, apartado terceiro, cando regula a devolución das especies depositadas, que foi en parte clarexada polo señor Conselleiro. Pero, en todo caso, é discutible esa reserva aínda que se refira estrictamente ó tema do interés; entendo que segue sendo moi discutible.

Seguimos pensando tamén dentro destas cuestións menores, dentro do punto das garantías, que este arti-

go 15 reenviante á Lei de Procedemento Administrativo, dalgún xeito aminora --diciamos nós na emenda-- formalmente as garantías. E evidente que a non referencia explícita á existencia do recurso contencioso-administrativo non podería xerar de ningún xeito unha exclusión, un ámbito inmune; isto é certo. Pero, en todo caso, entendemos que se debe facer constar expresamente, ou polo menos non o omitir, cando a norma que se toma de base a Lei Estatal do 13 de xuño do ano 1982, así o fai.

E, por último, aludiamos tamén ó tema da Disposición Final primeira, dicindo que era de imposible cumprimento. Estou disposto a rebaixa--la expresión e dicir de difícil cumprimento polo menos, e desde logo de difícil entendemento.

Pero, en fin, son todos estes temas menores que dicía que iamos pasar un pouco por alto, porque entendemos que os problemas de defectuosa técnica xurídica teñen moita maior gravidade noutros puntos que xa se foron resaltando ó longo do debate, concretamente no que se refire a ese tema xa tocado --repetido-- da tipificación das infraccións; tipificación que é, desde logo, o cerne de calquera Lei de Sancións.

Hai un punto especialmente importante que trata xustamente das facultades discrecionais administrativas, é dicir, das facultades das autoridades sancionadoras. En principio entendo que pode non ser malo como criterio aumentar dalgún xeito a discrecionalidade, co obxecto de posibilitar unha aplicación flexible, unha aplicación axeitada das distintas sancións que procedan nunha materia que certamente é moi casuística. Pero é evidente que isto haino que facer con moito coidado, con moito tacto, con mecanismos estrictos de defensa da legalidade, xustamente para evitar que esa discrecionalidade que pode ter algunha virtualidade positiva, corra o risco de se transformar en arbitrariedade, é dicir, en aplica-

ción non igual da norma, ou o que sería peor: en falta de garantía.

Pensamos e seguimos a pensar que isto ocorre no proxecto da Xunta. Esa afirmación que se fai na Exposición de Motivos de que se amplían notablemente as facultades discrecionales das autoridades sancionadoras é desde logo un feito que se pode comprobar no proxecto. Todos eses artigos, 4, 5, 6, que están adicados á tipificación das infraccións, mostran unha evidente imprecisión, sobre todo naqueles casos en que non están tomados os tipos sancionables da lei estatal (por exemplo, ese artigo 4.2 g), condutas desatentas coas autoridades de vixilancia, que é dunha imprecisión verdadeiramente notoria, ou o que é peor --e xa se dixo tamén-- que remiten a regulacións regulamentarias aínda non vixentes.

A pregunta faise por si soa, é dicir, ¿entende a Xunta --e parece que si-- que é un bo criterio, un bo principio deixar ó regulamento a tipificación de infraccións, mesmo infraccións moi graves, como é o caso da prevista no artigo 6.2, apartado f), é dicir, en materia de transportes, en materia de comercialización de peixes, infraccións que é evidente que conlevan unhas sancións máximas mesmo para o nivel de sancións máximas previsto no proxecto da Xunta?

Nós entendemos que isto haino que facer por lei, e polo tanto non deixa--la tipificación das infraccións, sobre todo nos casos moi graves, a un regulamento posterior.

E, por outra parte, dentro deste mesmo tema da tipificación das infraccións --que entendo que é moi importante nunha lei de sancións-- unha serie de supostos como os artigos 4.2 h), ou 5.2 m), e 6.2 f), resultan moi significativos deste criterio xeral que ten a lei de facer--la tipificación. Entendemos nós que isto constitúe un contraste insalvable respecto desa afirmación da Exposición de Motivos de que "o proxecto incorpora novos tipos de

ilícitos administrativos". Certamente non sei se os incorpora --nalgún caso pode ser-- pero o que é evidente é que non os precisa, que os deixa moitas veces sen definir. Nós pensamos que con todo iso a discrecionalidade posible sobrepasa os límites que se poden entender aceptables, e ó tempo esa pretendida tipificación non é en absoluto completa, quedando en exceso demorada a prescricións regulamentarias con toda a inseguridade que isto conleva.

Esta defectuosa tipificación global --entendemos nós-- confírmase nalgúns carencias que seguen resultando absolutamente sorprendentes. Ten desde logo menos importancia --aínda que non é desprezable de ningún xeito-- a tipificación concreta de infraccións en materia de pesca submarina, non deportiva e a súa comercialización, que tanto preocupa en moitos lugares da nosa costa, como o señor Conselleiro coñece perfectamente, e desde logo esa explicación de que este tema está no artigo 5.2 d) para min non resulta satisfactoria porque o señor Conselleiro sabe que nese precepto se define como infracción estrictamente a captura con equipos submarinos non autorizados, pero máis nada. Non hai máis regulación, non hai máis tipificación de infraccións respecto de todo o complexo mundo da pesca submarina non deportiva, a súa comercialización, etc.

Pero, desde logo, o que non acabamos de entender é a omisión no proxecto da referencia explícita como falta sancionable do emprego de explosivos para a pesca. Entendemos que isto é unha das lacras que nós calificamos de ecolóxico--sociais --e penso que mesmo quedamos cortos no tema-- que debe desde logo erradicarse xa das nosas costas. A esa falta de referencia explícita como infracción e, polo tanto, coa sanción pertinente da utilización de explosivos na pesca, tratamos de buscar unha explicación de por que iso non estaba na lei como unha falta sancionable. Pensa-

bamos que podía estar no artigo 5.2 a) no uso de instrumentos prohibidos dun xeito xenérico; podía caber aí. Pero, en fin, parece que non. Parece que a explicación que dá a Xunta é que se obvia o tema facendo unha remisión á lexislación penal común.

A verdade é que nós entendemos que a referencia á prohibición do uso de explosivos para a pesca é incomprendible que se faga así por extensión a unha lexislación penal común, unha lexislación inespecífica, e seguimos entendendo que, desde logo, non cabe este tipo de formulacións cripticas, escuras, nunha lei que ten que definir tipos específicos para combater--los maiores defectos, as maiores lacras da nosa pesca.

Esa referencia, señor Conselleiro, entendemos que debe ser explícita, inequívoca, con nomes e apelidos, para que non quede dúbida ningunha da vontade da lei e poñer nela os instrumentos precisos para erradicar por completo canto antes esta verdadeira praga, e desde logo aplicarlle sancións procedentes que pensamos que deben ir moito máis lonxe do que unha simple multa. Logo volverei sobre este tema.

No tema das sancións tamén hai unha serie de defectos que son graves. O proxecto atribúese o mérito de que se enchen con el determinadas lagoas que existían na anterior legalidade, que se consegue un tratamento sancionador máis axeitado.

Entendendo, sen embargo, as sancións seguen sendo baixas, tal como están no proxecto da Xunta, salvo ese xogo da reincidencia, que coido que con axustado criterio xurídico criticou o señor Pardo, esa reincidencia con cambio de tipo que, desde logo, non entendemos que poida ser asumible. Se non é asumible co sistema de sancións tal como está, se non é asumible este criterio --para nós non o é-- poden continuar estas sancións deixando en ilusorio o obxectivo de corrixir por medio delas o nivel infractor

da nosa pesca e do noso marisqueo. E esta afirmación desde logo é notoria se se toma como referencia a lei estatal do 13 de xullo de 1982, que é a lei que se toma como base, como xa se sabe, para facer esta lei galega. Pero debe terse en conta ademais que esa limitación do 30% do valor do buque, ó que creo que se refería o señor Conselleiro, que dalgún xeito é o que xustificaría esa afirmación da exposición de motivos do proxecto de que na legalidade actual, na legalidade estatal as sancións poden chegar a converterse en ilusorias --á parte de que este criterio do 35% do valor do buque non xoga no marisqueo e cultivos mariños, polo menos con carácter xeral--, vai ser eliminada pola Administración Central segundo a información que nós temos, sen que isto impida, como xa se ten anunciado, unha elevación das sancións previstas na lei 53/82, que en todo caso son xa moito máis elevadas, hoxe en día, sen esta reforma, das que establece o proxecto da Xunta.

E por último pensamos que xa de feito global hai que suliñar --aínda que xa se fixo por outros Grupos-- que é evidente que hai aquí unha disfunción global xeral, no sentido de que a lei toma como base a lei estatal do 13 de xullo do 82 de infraccións administrativas en materia de pesca marítima. Sen embargo, e dadas as especificidades galegas evidentes, coa importancia actual que ten o marisqueo, coa importancia incipiente dos cultivos mariños, a lei galega o que fai é extender a estes sectores esa normativa; normativa estatal que é moi parca naturalmente na regulación destes sectores. Isto trae como consecuencia para este proxecto unha evidente pobreza normativa en materia de sancións referentes a marisqueo, a cultivos mariños, e pobreza normativa de desaxustes notorios por non estar pensada --como dicía o señor Piñeiro-- esta lei estatal para augas interiores.

Pensamos xustamente que aí pode estar unha das explicacións desa

falta que notabamos da regulación e prohibición de uso de explosivos. Probablemente o tema dos explosivos para a lei estatal tiña moi pouca importancia. En alta mar, evidentemente, isto ten pouca importancia. Onde este instrumento é verdadeiramente desastroso, pero eficaz desde o punto de vista de quen o utiliza, é xustamente en augas interiores. Aí pode esta--la explicación de por que no proxecto non está regulado o tema dos explosivos: polo mimetismo coa lei estatal. Como non está regulado nela pois nós non o poñemos. A parte hai todos eses temas, xa resaltados polo señor Piñeiro, que teñen tamén aquí neste mimetismo a súa razón de ser, como a potencia de motores, o esquecemento do marisqueo a pé, cultivos mariños, etc. O mesmo artigo 10 --aínda que isto ten moita menos importancia-- que non prevé o sistema da anotación das sancións por estar tomado tamén da lei estatal e pensado para a pesca de altura, e non para a nosa pesca e o marisqueo.

E por se todo isto fose pouco, entendemos que o proxecto non acadará tampouco unha das súas ambicións máximas, as que confesa na propia Exposición de Motivos, e que entendemos que non sería difícil de conseguir: facer un corpo legal único para Galicia nesta materia. O proxecto evidencia unha estrutura incompleta fronte a esa intención que manifesta na súa Exposición de Motivos, fronte a esa pretensión de unifica--la lexislación dispersa existente na materia e crear un corpo legal para Galicia. A realidade é que --como xa recoñeceu o señor Conselleiro-- se remite en todo ó tema procedemental, que é un tema abosolutamente básico en toda a normativa sancionadora. O proxecto remite á tramitación doutras leis, concretamente á Lei do Procedemento Administrativo, ou á propia lei estatal do ano 82.

Evidentemente, sen entrar a valorar agora o axeitamento desta normativa procedemental ó tema que se trata de regular, é evidente que non se acadará o obxectivo da lei de

lograr unha lexislación, un corpo único, o cal se comproba tamén coas previsións de supletoriedade que a lei ten que facer aínda que parezan innecesarias.

Entendemos, en definitiva --por non alongar máis esta exposición, e por non reincidir e reiterar criterios xa expostos e que están no Boletín Oficial do Parlamento-- que todo isto revela que estamos ante un proxecto incompleto, non axeitado ás nosas necesidades sobre todo en materia marisqueira e de cultivos mariños. Establece unha incompleta e non garante tipificación das infraccións, establece unha serie de sancións non suficientes para erradicar algunha das lacras máis graves da nosa actividade pesqueira e marisqueira, unha evidente pobreza normativa en moitos aspectos dado ese mimetismo criticable respecto da lei do ano 82.

Como dicía Julián Marías, desde logo nunha ocasión moito máis importante ca esta entendemos que "o proxecto non ten emendas", ten difícil emenda; o axeitado sería empezar de novo". E non importaría tanto perder uns meses máis dos que xa se perderon. A política é sempre ensaio e erro. O que importa é facer unha boa normativa, sobre todo en materia substantivamente tan importante como é a pesca para a nosa Comunidade Autónoma.

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Grazas, señor Deputado.

Prégolles ás persoas que ocupan a Tribuna dos periodistas que garden o debido silencio en respecto ó Deputado que está en uso da palabra.

Pode pasa--lo representante do Grupo Socialista a defende--la súa emenda á totalidade.

O señor GARCIA DORGAMBIDE: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, realmente, despois das

intervencións dos señores Piñeiro, Nogueira, Pardo Montero e González Mariñas non queda moito que dicir. Pero, algún punto aínda podemos tocar para que este proxecto de lei sexa devolto e non sexa tomado en consideración.

O señor Conselleiro, el mesmo, case me deu os argumentos para que este proxecto de lei sexa devolto e non se tome en consideración. Falou de tres pilares fundamentais, que son: a Lei de Ordenación Pesqueira, a Lei de Marisqueo e Cultivos Mariños, e a Lei de Sancións en Materia Pesqueira, Marisqueira e de Cultivos Mariños, que é a que nos ocupa neste momento.

Señor Conselleiro, ou vostede está iluminado polo Espírito Santo, ou non comprendemos en absoluto como se pode presentar unha Lei de Sancións en Materia Pesqueira, Marisqueira e de Cultivos Mariños sen ter aprobada a Lei de Ordenación Pesqueira, e sen ter sequera presentada a Lei de Marisqueo e Cultivos Mariños.

Non coñecemos--lo campo en que se vai aplicar esta Lei de Sancións, non coñecemos en absoluto a extensión da Lei de Ordenación Pesqueira, porque aínda non foi aprobada polo Parlamento, non coñecemos en absoluto a Lei de Marisqueo e de Cultivos Mariños. Voulle poñer un exemplo. ¿Vostede concibe, e os señores Deputados conciben que sen aproba--la Constitución, que é a Lei Magna, a Carta Magna, sen ter unha Constitución aprobada, puidemos facer unha reforma ou un novo Código Penal? Hai que ter unha visión total e absolutamente futurista, pero nin sendo un xenio se pode aprobar unha lei sancionadora sen coñece--la lei básica dos dereitos e deberes dos cidadáns, e isto é un caso análogo. Sorprendíase o señor Piñeiro --eu tamén estou moi sorprendido-- de que non se fale do marisqueo a pé, de que non se fale dos cultivos mariños. Pero, ¿como se vai falar se non está aprobada a Lei, se non está presentado sequera o proxecto na Cámara? E absoluta-

mente imposible.

Aquí parece que estamos poñendo antes o carro cós bois. Teño que insistir unha vez máis en que sen coñecer e sen estar aprobadas --non só coñecidas, senón aprobadas-- estas dúas leis fundamentais, ¿como se pode aprobar unha Lei de Sancións? Non coñecemos en que van consisti--las cetáreas, ou que vai ser delas, en que van se--los cultivos mariños, etc.

Pero entrando nalgúns dos artigos do proxecto de lei vemos que efectivamente fai unha división en infraccións leves, graves e moi graves. Coa división podemos estar de acordo nestes tres apartados, pero nin moito menos podemos estalo na forma en que se conceptúa este tipo de infraccións. O artigo 4 di: "considérase falta leve ter maior potencia de motores cá máxima autorizada". Non sabemos se isto, señor Conselleiro, é para promove--lo furtivismo, porque sabemos precisamente que a potencia dos motores deses barcos chamados planeadoras son os que acaban co marisco, xa que son moi difíciles de perseguir. Parece que en vez de ser unha Lei de Sancións, queremos promove--lo furtivismo, ou ben que cando non teñan xa marisco que recoller, ou peixes que pescar, se dediquen ó contrabando, porque outra explicación non ten que se considere unha falta leve te--los motores maior potencia cá autorizada.

Por outra banda --á parte do que dixeron xa os demais compañeiros que me precederon no uso da palabra-- efectivamente a lei o que fai é copiar practicamente a do 13 de xullo de 1982, cunhas sinxelas variacións: suprime o 35% do valor do buque na sanción, etc., pero practicamente --unha ten 16 artigos, outra 17 artigos-- o que fai é copiar, o que se contradí coa Exposición de Motivos. Por certo, que cando se le a Exposición de Motivos parece que vai saír algo novo nesa lei. Aínda que é coñecido de todos, para darlle máis forza á argumentación, imos le--lo primeiro párrafo

da Exposición de Motivos, que di: "O presente Proxecto de Lei sobre sancións en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños significa un esforzo tendente a unificar a lexislación diversa existente na materia para crear un corpo legal que regule estas incidencias no ámbito da zona xeográfica galega, e tendo en conta, principalmente, as peculiaridades socio-económicas do sector".

Verdadeiramente non sabemos que gran esforzo de imaxinación puido face-lo señor Conselleiro, ou o equipo do señor Conselleiro. ¿Onde está a unificación desa lexislación? ¿Onde está ese esforzo tendo en conta principalmente as peculiaridades socio-económicas do sector en Galicia? Sabemos que nada novo hai baixo o sol, pero isto non nos pode levar a copiar exactamente a lei do Estado.

Por outra banda, esquécese total e absolutamente --non aparece, nós non a vimos-- de sancións cando se instalan parques ou cultivos mariños (ben, cultivos mariños, como non hai nada de cultivos mariños esa é unha incógnita "x", que queda aí) sen a correspondente concesión administrativa; por exemplo, bateas ilegais. Non aparece sanción en absoluto.

Tampouco aparece sanción en absoluto para aqueles que fondeen unha batea, instalen un parque e non se adapte ás medidas, lonxitudes de cordas, etc., non aparece sanción ningunha en absoluto para estes. Poden pedir un viveiro de 500 metros cadrados e poñelo de 2.000, porque aquí non aparece sanción ningunha en absoluto. Poden dicir que poñen cordas de 3 metros, e poñelas de 25, porque non aparece sanción en absoluto. Que non se me diga que isto se pode mellorar en Ponencia e en Comisión, porque hai cousas que xa non se poden mellorar ó naceren mal desde un principio.

Como final da mina intervención, señor Conselleiro, direi que non aparece nin un só artigo que se

refira a que pasa nos casos de insolvencia cando o infractor non paga a multa. Volvemos ó caso do contrabando. Sabemos que veñen as capitulacións matrimoniais, separacións de bens, o infractor non paga, non hai ningunha sanción, nin para o marisqueiro, nin para a cetárea que incorra nunha grave infracción, nin para unha fábrica. A fábrica será doutro, será un insolvente. Se non se fai constar nos artigos, esta lei é un papel mollado, non serve para nada, podémola tirar ó mar, non serve para nada porque todos serán insolventes, porque non pagan as multas, non hai onde llelas cobrar, van polo mandado compulsorio e non servirá para nada. A pesar de tódalas razóns aplastantes que se deron aquí, non só o Deputado que lles está falando, senón os compañeiros que me precederon no uso da palabra, sabemos que este proxecto vai prosperar, pola forza dos votos. Pero aquel infractor que non pague a multa, polo menos habería que sancionalo, telo un tempo sen autorización de pesca, pechar por un tempo determinado o establecemento mencentil, amarra-lo barco, etc.

Creo que por todas estas razóns, por un pouco de sensatez, por un pouco de sentido común este proxecto de lei debe de ser devolto.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Gracias, señor Deputado.

Pasamos agora ó turno a favor e en contra das emendas.

¿Turno a favor? (Pausa). ¿Turno en contra? (Pausa).

Poden facer uso da palabra o señor Pérez Queiruga por tempo máximo de 15 minutos.

O señor PEREZ QUEIRUGA: Señor Presidente, Señorías, indubitablemente, sería xa interesante estar neste Parlamento só para oír--las

brillantes intervencións dos xurídicos que temos aquí. Pero, realmente, volvo insistir neste tema: a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación pensa sempre máis no aspecto pragmático, a quen van dirixidas e a quen van favorecer estas leis ca no aspecto xurídico, sen marxinar este, por suposto. Por iso, ó longo destas intervencións vertéronse aquí aspectos interesantes, aspectos que, mesmo, poderían contribuir a mellora--la Lei de Sancións.

Señor Piñeiro, esta Lei de Sancións non é mimética, nin sequera se limita --como aquí se dixo dun modo xeneralizado-- a plaxia--la lei 53/82. Non se limita a iso porque o equipo que a elaborou ten outros puntos de vista distintos dos que teñen vostedes. Non actúa independentemente, senón que todos eses membros dese equipo son conscientes de que van redactar non un Proxecto de Lei de Sancións, senón que van redactar un Proxecto de Lei de Ordenación Pesqueira e que van redactar un Proxecto de Lei de Ordenación Marisqueira. Polo tanto, ó estaren confeccionando ese borrador teñen que ter en conta os aspectos que vostedes analisan aquí individualmente, en cada unha destas leis, concretamente, neste Proxecto de Lei de Sancións.

Recomendaríalles que botasen unha visual á lei de febreiro do 32, unha lei feita na República. Dáme a impresión de que aqueles homes que a confeccionaron eran ó menos tan intelixentes como as persoas que hoxe interviñeron aquí. E, sobre todo, eran moito máis pragmáticos porque coñecían perfectamente o sector pesqueiro e o marisqueiro. Dábanse conta de que este sector é tan cambiante que é preciso remitir case todo o contido da lei ós regulamentos, porque se non, é difícilísimo poder estar lexislando ou contemplar nunha lei toda a variedade da problemática pesqueira e marisqueira e, sobre todo, concretamente nas nosas rías, onde esta complexidade aumenta sensiblemente.

Miren vostedes, a lei do 32 consta sinxelamente de tres artigos, e remite todo ó desenvolvemento posterior. Precisamente fíxoo así polas razóns que eu dixen antes. Isto veñenmo confirmar algunhas das intervencións que se fixeron aquí.

O señor Piñeiro tivo a sorte, coma min, de nacer nun pobo do litoral, Vilagarcía de Arousa, e, sen embargo, quizais tivese máis contacto cun sector limitado, co sector marisqueiro. Pero, claro, esta lei non está feita única e exclusivamente para o sector marisqueiro senón que está feita tamén para o sector pesqueiro.

Volvo insistir en que non puido haber mimetismo, posto que se vostedes se fixan no enunciado da lei 53/82, do 13 de xullo, di: "Sobre infracciones que en materia de pesca marítima cometan los buques extranjeros en las aguas bajo jurisdicción española, y los buques españoles cualesquiera que sea el ámbito de su..." Refírese unicamente a buques, mentres que o proxecto de lei que se presenta hoxe aquí non se refire unicamente ós barcos, senón que se refire tamén á problemática en terra.

O mesmo que fixeron eses homes que elaboraron esa lei o ano 32, creo que quizais a esta lei lle bastaría co artigo primeiro, porque nel dise claramente: "Serán sancionadas en vía administrativa e con suxección á presente Lei e normas regulamentarias que a desenvolvan as infraccións cometidas en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños." Logo, aquí, contémpanse todos.

Dá a impresión de que neste momento hai un vacío legislativo polo que lle oín ultimamente ó señor Dorgambide, esquecendo que neste momento segue vixente a Lei 59/69, da que é un plaxio non mellorado esa Lei de Cultivos Mariños que agora está recorrida por inconstitucional. Polo de agora, segue vixente a 59/69, que é unha lei moi

acertada, e foi feita no seu momento tendo en conta a problemática marisqueira, concretamente a da Ría de Arousa.

Falaba o señor Piñeiro de que este proxecto de lei consideraba como faltas leves as faltas de policía. ¡Forzosamente teñen que ser faltas leves! Por exemplo, un barco que sae para o mar ás seis da mañá, atópase sen un par de homes nese momento. Isto é unha cousa que ocorre normalmente e tódolos que viven nos portos de mar e conviven con esta xente sábeno perfectamente. Nun momento determinado cóllese un home que hai nun bar, nunha taberna e métese a bordo. Non por iso se lle pode meter unha sanción superior ás 25.000 pesetas. Creo que con que se lle metan de 5.000 en adiante vai ben servido. Nós, ás veces, na estrada cometemos infraccións que, mesmo, poden chegar a produci-la morte nosa ou doutras persoas, e cando nos impoñen unha sanción de 5.000, por pisar unha liña continua, sentímonos tremendamente ofendidos. Polo tanto, porque un barco leve un home máis ou menos non vai contribuír ó furtivismo. Son cousas distintas o furtivismo e estas sancións de vixilancia ou de policía.

O levar unha bengala de menos, ou porque a un home non se lle ocorre nun momento determinado que ten unha bengala alí que está caducada, non se pode esixir que se lle poña unha multa de 100.000 pesetas; unha multa de 5.000 pesetas sería suficiente.

En canto á potencia de motores non son os motores os que fan o furtivismo; son dúas cousas totalmente distintas. Hai lanchas de recreo que están autorizadas para unha potencia grande. Sen embargo, hai embarcacións pesqueiras que están autorizadas para unha. Pero se son sorprendidas cometendo furtivismo, cun motor superior ó que está autorizado pola lei, levará unha sanción leve por levar ese motor, e ó mesmo tempo, impoñerase unha sanción grave, ou moi grave --segundo

as circunstancias-- por estar cometendo un acto de furtivismo. Son cousas totalmente distintas. Polo tanto, creo que a lei contempla perfectamente as faltas que deben ser sancionadas como leves, e as faltas que se deben sancionar como graves.

Dise tamén, polo menos na emenda escrita --porque como o señor Piñeiro non tivo tempo para terminala-- que é humorista establece--los horarios das saídas e entradas dos portos das embarcacións. Vostede sabe, señor Piñeiro, que mesmo, para mariscar a flote, hai uns horarios de saída. As lanchas teñen que saír a unha hora determinada. O regreso é distinto. O regreso depende de cando collesen o tope que lles teñen fixado. Pero, mesmo, para a pesca, cando se vai pesca--la pescada ós cantís, vostede sabe que hai barcos de distinta potencia, uns teñen motores de 300 cabalos, outros de 400. Estou falando sempre nun sentido pragmático. Dado o reducido do ámbito dos cantís onde han de pescar, teñen que ordenarse, teñen que largar ordenadamente, mesmo por numeración. Entón, non cabe dúbida de que un barco que lle leva 3 horas en chegar non pode estar discriminado con respecto a outro que lle leva dúas horas porque é máis veloz, posto que este collearía a parte máis importante dos caladeiros. Entón, hai que fixa--los horarios de saída. ¿Como non vai haber que fixalos? Despois, claro, pon a súa nota trágica, a súa nota dramática, respecto do regreso. Afortunadamente hoxe os barcos melloraron bastante e prodúcense poucos casos deses. E moitas veces non chegan a porto non porque houbera unha traxedia senón porque deciden por un temporal refuxiarse noutro porto.

Estes argumentos, señor Piñeiro, non son suficientes como para emendar unha lei á totalidade. Ademais esta lei é prioritaria por unha razón moi poderosa: porque a pediu un sector prioritariamente. O señor Dorgambide dicía que el non concebía que se trouxese aquí unha

Lei de Sancións en augas interiores cando non había outras leis que regulasen ou ordenasen o sector.

Eu dixen hai un momento que non hai un vacío lexislativo. ¿Ou en todos estes anos da historia de España nos que se estivo lexislando do mar non había leis? Volvo insistir en que segue vixente a 59/69, e en que tampouco hai problema para os parques de cultivos. Remito a calquera das Súas Señorías que vaia ó Decreto de 30 de decembro do 61, e verá como efectivamente alí se contemplan, se regulan tódolos parques de viveiros flotantes, cando se deben fondear, como se concede unha concesión sobre augas determinadas. Todo isto está perfectamente regulado. Por iso esta lei nosa ten en conta, ten en consideración esa lexislación. Volvo insistir en que os lexisladores non se limitaron única e exclusivamente á lei 53/82, senón que tiveron en conta a do 32 e tiveron en conta a do 61.

Hai un tema que se tocou que o considero sumamente importante, porque foi un dos motivos que o sector estivo esgrimindo constantemente: o uso de explosivos, señor González Mariñas. Isto sabémolo por comentarios de mariñeiros, porque eu non os vin utilizar. Vostede sabe que non se soen utilizar en augas interiores. Bótanse normalmente na costa, e fóra de augas interiores. E tan grave a repercusión e a preocupación dos Gobernos a través dos tempos sobre o uso de explosivos que non se pode contemplar nunha lei, á parte de que sería unha contradicción co artigo --páreceme que é o 7-- que di que non se poderá impoñer unha sanción por dous conceptos, ou sexa, por unha falta administrativa e por un delito penal.

Creo que isto foi unha das cousas que corrixiu perfectamente esta Lei de Sancións. A lei 53/82, si o trae, fala de explosivos, substancias corrosivas. Sen embargo, a nosa lei non contempla iso intencionadamente, porque consideran que é tan grave o uso de explosivos que é

obxecto dunha lei específica, que é a que está en vigor agora, de 31 do decembro do 46, que atribúe unhas penas graves.

Este é un problema que nin se corrixiu ata agora, nin se vai corrixir por unha lei que fagamos nós aquí, poñendo un artigo máis, posto que desde o ano 1885 véñse regulando a pesca de explosivos.

Vostede sabe que no ano 1885 o Regulamento da liberdade regulamentada --parece unha redundancia, pero é así-- establecía 12 tipos de sancións gubernativas para o uso de explosivos. E como non se fixo nada en febreiro --páreceme que foi-- do ano 1907 apróbase unha lei para acabar co furtivismo.

Aquí tamén lle contesto indirectamente ó señor Pardo Montero --home moi brillante tamén nas súas intervencións-- cando afirma que o lexislador debe pensar en que as leis deben ter unha gran duración. Sen embargo, nisto de explosivos, a cuestión debía ser tan grave que despois do ano 1907, o 11 de xullo do 34, vólvese aprobar outra lei, e o 1º de agosto do 35, un ano despois, vólvese aprobar outra lei para poder combaterlo furtivismo, para poder combaterlo uso de explosivos no mar.

Señores, cando se fai referencia aquí ó equipo do Goberno, creo que se está cometendo un erro, porque quizais o mérito maior do Goberno fose contar co propio sector para elaborar estas leis. Por iso, ás veces, no aspecto xurídico parecen un pouco improcedentes; pero, sen embargo, contemplan a realidade do propio sector. Son leis pragmáticas e contemplan as sancións tal e como deben ser.

Teño que lles dicir a vostedes, por experiencia, non en teoría, que a lei 83/52 se fixo máis por presión que pola realidade dunha necesidade. Entón sucede o que sucedeu. A lei 53/82 cando se fixo foi porque nese momento intensificárase tanto o uso dos cans, intensificá-

rasedo tanto o arrastre de barcos pequenos nas rías, das baquiñas, que o sector, desesperado ante a desaparición das especies, presionou á Administración Central para que sacase unha nova lei que substituíse á do 61, que contemplaba como sanción máxima a de 25.000 pesetas. Fíxose entón esa lei, e así ocorreu o que ocorreu.

Non é ningún mérito, señor González Mariñas, non é ningún mérito, pero si considero que é un acerto o suprimir ese 35%. Eu coñezo un Director Xeral que se veu nunha ocasión na seguinte circunstancia: tiña por unha mesma falta tres aspectos completamente distintos. Era unha sanción de 700.000 pesetas, unha sanción de 40.000 pesetas, e unha sanción de 4.000 pesetas. ¿Por que? Porque facendo o mesmo dano eses barcos foran valorados polo perito de acordo co seu valor real, e un barco tiña 20 anos, o outro tiña 2 anos, e o outro era unha dorna, e facendo case o mesmo dano un pagaba 700.000 pesetas, outro pagaba 40.000, e outro pagaba 4.000. Esta lei nosa corrixe ese defecto que é, quizais, o principal.

Volvo insistir en que indubidablemente non hai orixinariedade. Dixen o outro día aquí que fora o señor Tamames o que dixera iso, que somos exéxetas, intérpretes dos que máis nos ensinaron, e eu humildemente que se teño a sorte de ir interpretando o que fixeron ata agora os demais xa me considero ben pagado e moi satisfeito.

Señores, considero que todas estas emendas que se fixeron á totalidade non proceden. Por iso eu despois das miñas argumentacións pídolle ó meu Grupo que vote a favor deste proxecto de lei.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Corresponde agora o turno de Portavoces para aqueles Grupos Parlamentarios que non interviñeron no debate. (Pausa). (Denegación).

Non hai turno de Portavoces. Polo tanto, vaise proceder á votación das emendas.

(O señor Piñeiro pide a palabra).

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): ¿Para que quere intervir, señor Piñeiro?

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Si, señor Presidente. Paréceme que hai un turno de réplica.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Hai turno de réplica se o pide o señor Deputado. Pero tendo en conta o artigo 78 deberá referirse exclusivamente á intervención do señor Pérez Queiruga.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Así es, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Pode facer uso da palabra polo tempo máximo de 5 minutos.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Gracias, señor Presidente, y desde el escaño si me lo permite. Yo creo que cuando subí a la Tribuna y expuse el contenido de mi enmienda presenté unos interrogantes utilizando cierta astucia parlamentaria que no solamente eran --y lo dije-- lo que había sido objeto de la enmienda cuando la plasmé y cuando la presenté ante el Parlamento en las oficinas administrativas.

Yo presenté unas interrogantes que aquí no han tenido respuesta. Estos interrogantes eran en aspectos más fundamentales que no los que reflejaba en la redacción de la enmienda en el momento en que la formulé.

Los interrogantes estaban --independientemente de las consideraciones jurídicas en las que no voy

a entrar ahora-- en que siendo una Ley de Sanciones --independientemente o no de que exista una Ley de Cultivos Marinos y de Marisqueo-- no hay una referencia explícita de la tipificación de sanciones en cuanto al marisqueo a pie y en cuanto a los parques de cultivo, las cetáreas, etc., otro tipo de establecimientos, en cuanto a las concesiones administrativas o autorizaciones, en cuanto al fondeo de las bateas, y un largo etcétera, de lo que pueden suponer específicamente los cultivos marinos. A esto no he tenido respuesta.

Tampoco he tenido respuesta a otro de los interrogantes que planteé, que era la inseguridad jurídica que suponía el hecho de dejar todo el desarrollo de los artículos de la ley casi casi al ejercicio de la potestad reglamentaria. Creo que era muy significativo el ejemplo que había puesto en contradicción con el espíritu que ilustraba la Exposición de Motivos.

Concretamente después de hacer esta precisión quiero contestar al señor Pérez Queiruga en el mismo tono de cordialidad. A él sí que le reconozco ser un conocedor de la pesca, pero me parece que ha defendido la posición de su Grupo sin una gran convicción.

Lo digo porque yo no quiero incidir en aspectos parciales sobre lo que eran ahí las sanciones leves. Hablaba Su Señoría de la extrapolación de la ley del 82 y del mayor número de personas en una embarcación. Pero, es que estamos hablando de un tema que es completamente distinto, es decir, ese riesgo no se supone para lo que está contemplando la ley del 82, que es la pesca específicamente fuera, de las aguas interiores. Ya expliqué el porqué a lo largo de mi intervención. Porque el legislador en la ley del 82 no podía regular la pesca en aguas interiores puesto que estaban en el ámbito de la Comunidad Autónoma y era una competencia estatutaria exclusiva del artículo 27.15 de nuestro Estatuto de Auto-

nomía. Entonces, creo que tiene mucha mayor transcendencia el hecho de que los barcos vayan sobredimensionados, incluso en cuanto a la tripulación, cuando se trata de marisqueo y de cultivos marinos, porque se puede llegar a esquilmarse.

Con respecto a los motores, señor Queiruga, usted me sorprendió con el razonamiento. Usted me dice, no es tanto el hecho de que un barco tenga un motor de mayor potencia sino el uso que se haga de ella. Bueno, según su razonamiento, todo el mundo podría llevar pistola y no está permitido, porque todo dependería también de la capacidad que tuviera la gente para reaccionar con su propia utilización.

Yo lo que digo y reitero es que el hecho de que un barco tenga motores de mayor potencia que las declaradas y eso constituya una sanción leve, a mí me parece muy grave. Vamos, es la opinión que tengo y que además la expongo de una manera bastante correcta desde el escaño, desde mi posición de Diputado, porque sigo en la creencia de que no se desvanece la duda que yo tengo de la utilización de esos motores y sobre todo en aguas interiores. Ya digo que la potencia, quizá, para otros fines fuera de las aguas interiores, una vez que están homologados casi todos los motores, y por ahorro de combustible, no tienen esa aplicación alternativa que puede tener aquí el uso de motores de mayor potencia. Era un argumento que utilicé entonces y que sigo utilizando ahora.

En cuanto al tema de los explosivos --que no lo dije yo específicamente, pero sí algún otro Diputado-- tengo un argumento que es convincente. Si la ley del 82 regula esos explosivos, incluso para algo más que es el ámbito de su artículo 1º --y estoy hablando de la ley del Estado-- como es también el marisqueo y Su Señoría lo sabe perfectamente que lo dice el artículo 1º, creo que no estaría de más que se recogiera en la ley autonómica, porque si no van ustedes a tener un

grave problema, o lo va a tener la Comunidad Autónoma, no solamente el equipo de Gobierno.

Y es que al no tipificarlo si el explosivo se emplea en el ámbito de la Comunidad Autónoma estamos renunciando a una competencia estatutaria y autonómica porque no lo vamos a poder perseguir. Van a ser las autoridades o en aplicación subsidiaria de la ley por el 149/3 y por la transitoria del Estatuto recogiendo como derecho propio el que está en la ley de 1982. Es decir, si se tipifica el empleo de la dinamita en aguas interiores, lógicamente no se está renunciando a una competencia estatutaria para que se pueda perseguir en el ámbito de la Comunidad Autónoma. Hay un principio "nullum crimen nulla poena sine previa lege". O sea, que si usted no tiene la tipificación en el ámbito de la Comunidad, o bien acude al derecho transitorio, que es el derecho estatal, o bien usted no sanciona el furtivismo a través de la pesca con dinamita. Esto es una cuestión apodíctica, vamos.

Entonces insisto en esto. Esos son como puntos esenciales de la contradicción a lo que usted ha planteado y, desde luego, los interrogantes que yo he planteado aquí siguen sin contestar. No hay en una Ley de Sanciones en materia de Cultivos Marinos ninguna referencia a los cultivos marinos. Lo que es piedra fundamental de la ley, artículo 4, artículo 5 y artículo 6, está contemplado única y exclusivamente para el empleo de embarcaciones. Y no voy a cansar a Sus Señorías --no tengo tiempo además-- leyéndolo, pero es evidente que se puede comparar el texto de la Administración Central y el texto que nos somete hoy aquí como proyecto de ley el Gobierno para ver que el mimetismo a mi modo de ver es absoluto.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Procédese agora á votación...

(O señor Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación pide a palabra).

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): ¿Para que pide a palabra, señor Conselleiro?

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACION (Garrido Valenzuela): Señor Presidente, en ahorro del trámite después de la brillante intervención del señor Pérez Queiruga, este Conselleiro no había pedido la palabra, pero después del señor Piñeiro me veo en la obligación de intervenir.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Ben, señor Conselleiro, concédolle a palabra, pero que saiban os demais Deputados proponentes das emendas que tamén, con arreglo ó artigo 78, terán despois o dereito a réplica; ou sexa, que son eles os que deben pecha--lo debate.

Señor Conselleiro, voulle le--lo artigo 78. Di así: "En todo debate, o que fose contradito nas súas argumentacións por outro ou outros dos intervinientes, terá dereito a replicar ou a rectificar por unha soa vez e por tempo máximo de cinco minutos".

Polo tanto, señor Conselleiro, vostede non debeu pedi--la palabra antes de que o señor Deputado fíxese uso do dereito a réplica.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACION (Garrido Valenzuela): Señor Presidente, no tengo el Reglamento de la Cámara, pero entonces en estos momentos solicitaría una cuestión de orden sin poder citar el artículo porque entiendo que el Gobierno puede hacer uso de la palabra en este trámite en cualquier momento.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Indubidablemente. Eu con-

cédolle o dereito de réplica ó Deputado. De todos xeitos, se vostede quere plantexalo como unha cuestión de orde rógoille que nomee o artigo como é así regulamentario.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACION (Garrido Valenzuela): Renuncio ó uso da palabra, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Moitas grazas, señor Deputado.

Procédese á votación.

Votación da emenda á totalidade do señor Piñeiro Sánchez e outros señores Deputados.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 54
 Votos a favor 24
 Votos en contra 30

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Queda rexeitada esta emenda.

Ponse agora a votación a emenda á totalidade do Grupo Mixto.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 54
 Votos a favor 24
 Votos en contra 30

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Queda rexeitada esta emenda.

Pasamos a votar agora a emenda á totalidade do Grupo Centristas.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 54
 Votos a favor 24
 Votos en contra 30

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Queda rexeitada esta emenda. Votación da emenda á totalidade de Coalición Galega.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 54
 Votos a favor 24
 Votos en contra 30

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Queda rexeitada esta emenda.

E por último, xa, ponse a votación a emenda do Grupo dos Socialistas de Galicia.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos 54

Votos a favor 24

Votos en contra 30

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Queda rexeitada esta emenda.

Suspendo--la Sesión durante 10 minutos.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

MOCION

-DO G.P. MIXTO, A INICIATIVA DE D. ANXEL GUERREIRO CARREIRAS, SOBRE SUPOSTAS E GRAVES IRREGULARIDADES NO CONCELLO DO GROVE.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Corresponde trata--lo punto terceiro da Orde do Día. Moción do Grupo Mixto, a iniciativa de don Anxel Guerreiro Carreiras, sobre supostas e graves irregularidades no Concello do Grove, a consecuencia da interpelación sobre o mesmo tema, debatida no Pleno do 6 de novembro.

Non houbo emendas a esta moción. Polo tanto, o señor Guerreiro pode facer uso da palabra por un tempo máximo de 10 minutos.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, Señorías, imos tratar hoxe unha moción que a súa importancia está superada en si mesma pola polémica que causou a anterior intervención parlamentaria sobre este tema.

Sinto que no Banco Azul non estea nin o Presidente do Goberno nin o señor Vicepresidente Político

--non sei se chegarán, quizais non calcularon a hora-- porque como pretenderei demostra--la responsabilidade en que incorre a Xunta de Galicia, e particularmente o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio, incúmbele a el persoalmente, pero tamén ó Presidente do Goberno Galego sempre de forma subsidiaria e neste caso de forma moi clara.

Se se demostra, como pretendo, documentalmente que o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio está inmerso en irregularidades graves na xestión desde a Xunta de Galicia, e non tendo eu como Deputado a posibilidade da reprobación, porque o impide o Regulamento, o único que pode cesar ó señor Conselleiro, e así limpa--las institucións públicas, é o señor Presidente do Goberno.

Eu non sei se está ausente nun certo despreco parlamentario, ou ben está asinando o cese do señor Conselleiro, que nese caso disculparía a súa ausencia no Banco Azul. Desde logo eu penso que é o que debía facer. Entón sería perfectamente disculpable que non estivese presente por estar asinando ese decreto de cese.

Como é evidente, no Concello do Grove están sucedendo graves irregularidades. Non as vou repetir pormenorizadamente porque xa o fixen o outro día no momento de discutir--la interpelación que deu lugar a esta moción. Pero plantexabamos --e resumo para memoria das Súas Señorías--, en primeiro lugar, que hai un secuestro dos dereitos constitucionais dos concellais do Grove, que os plenos non existen desde hai moito tempo, desde hai máis dun ano non hai plenos ordinarios, e desde hai máis de nove meses non hai plenos extraordinarios.

En segundo lugar, estanse tomando decisións por medio da alcaldía, mediante decreto, acordos que non corresponden ó órgano que representa o alcalde senón ó pleno municipal. Explicaba varios deles,

desde a habilitación e transferencia de créditos. Hai sentenza dos tribunais, concretamente do Tribunal Económico-Administrativo da provincia de Pontevedra anulando eses acordos. Hai contratación de servizos directamente polo alcalde cando a Lei de Réxime Local obriga taxativamente a que sexa o pleno. Hai unha serie de acordos que describía o outro día e que agora non os quero repetir para non cansalos.

Non quero dicir con isto que o señor Conselleiro sexa o responsable dos acordos que toma o Concello do Grove. O que quero é dar toda unha serie de datos do que pasa no Concello do Grove para resaltar dúas cousas. Primeiro, que a Xunta de Galicia debe de controlar--la legalidade dos municipios tal como implica a lei, e tal como os traspasos de competencias a obrigan; e, en segundo lugar, naquilo que non poida controlar, o que non pode facer--la Xunta de Galicia é colaborar con municipios, ou con outros entes, que non cumpran estrictamente a legalidade vixente.

Polo tanto, iso é o que eu plantexo desde o punto de vista dos feitos que ocorren no Grove. Pero, hai un feito moi importante, que afecta ó Concello do Grove, pero directamente afecta ó señor Conselleiro de Ordenación do Territorio. Son dous feitos. Primeiro, a subvención de 36 millóns que se lle vai dar ó Concello do Grove para obras de infraestrutura e saneamento, sen que exista acordo plenario, sen que existan proxectos técnicos sobre eses proxectos aprobados polo pleno, e sen que o pleno saiba sequera de que obras se trata.

O señor Conselleiro dixo na súa anterior intervención: "pero iso está nunha lei dos 12.000 millóns aprobados por este Parlamento". E eu digo: "señor Conselleiro, ningunha subvención, ningunha inversión da Xunta de Galicia, estea prevista na lei que estea, se lle pode dar a ningún Concello se este non cumpre a legalidade. Antes de inverter eses cartos públicos hai que esixi-

-la legalidade do ente a que van destinados". Vostede tamén ten previstos nos presupostos xerais axudadas a determinadas empresas. Pero se a esas empresas non se lles controlan eses cartos públicos, non os gastan no que está previsto, non cumpren a legalidade a pesar de estaren previstos na lei, vostede non lles pode dar esa subvención a esas empresas aínda que estea prevista por lei.

Polo tanto, esa subvención de 36 millóns é un compromiso directo do señor Conselleiro de Ordenación do Territorio cun Concello que non cumpre a legalidade vixente nin sequera as normas democráticas mínimas esixibles no funcionamento das Corporacións Locais.

Pero máis grave que todo iso é o tema da lonxa do mercado. Aquí, relendo a acta literal da intervención do señor Conselleiro no anterior pleno, a cousa complícase.

E evidente como se demostraba claramente o outro día que para esas obras non existe acordo plenario, non existe consignación presupostaria, non hai proxectos técnicos, e vostede aproba subvencións --segundo as súas palabras, que vou ler literalmente-- polas seguintes cantidades.

Dixo vostede textualmente: "Entonces, han previsto y se ha solicitado subvención que alcanza el 100% de los mercados de nueva construcción y hasta el 30% para las lonjas, deduciéndose que a la Consellería de Industria y Comercio le corresponde dar a O Grove 35 millones para el mercado" --leo en castelán porque foi no idioma en que vostede falou e así está traducido--" e 33,8 para la lonja". Isto súmame a min 68 millóns de pesetas.

Pero, é que as obras adxudicadas polo señor Alcalde do Grove a dedo, sen acordo plenario, están valoradas en 53 millóns, e adxudicadas por esa cantidade á empresa constructora, e vostede dálle 68 millóns, señor Conselleiro, vostede

non, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Industria e Comercio. ¿Onde están eses 15 millóns? ¿Por que se lle dan 15 millóns de máis para unhas obras que eles mesmos valoran en 53 millóns?

Pero, hai outra particularidade: que ese 30%, eses 33 millóns para a lonxa só cobren o 30% da lonxa, co cal se multiplicamos esas obras segundo consta na afirmación do señor Conselleiro valerían 150 ou 140 millóns. Eu non entendo que o señor Alcalde do Grove adxudique unhas obras por 53 millóns, obras ilegais, e ademais vostedes pensen --non sei se xa llos deron-- darlle 68 millóns só subvencionando o 30% da lonxa. Eu quixera saber como se dan eses cartos, e ademais onde están eses 15 millóns extras que lle dan ó señor Alcalde do Grove.

Pero, en calquera caso, aínda que foran só os 53 millóns, a Xunta de Galicia non pode inverter 53 millóns nunhas obras que non cobren os requisitos legais.

E por se fose pouco, o señor Conselleiro reconece na súa intervención que para facer esas obras é obrigatoria a concesión administrativa por parte da Xunta de Galicia ó Concello do Grove, porque os terreos onde se fan a lonxa e o mercado son da Xunta de Galicia. Di que se vai publicar proximamente no Diario Oficial de Galicia. Non sei se se publicou, pero en todo caso vaise publicar despois de que as obras estean rematadas. E dicir, fixéronse sen concesión administrativa en terreos da Xunta de Galicia co seu consentimento obras ilegais e en terreos sen concesión administrativa por parte da Xunta de Galicia.

Pero, eu creo que, ademais, o señor Conselleiro sabe que esa concesión administrativa non a pode publicar, porque para dar unha concesión administrativa non lla pode dar a un alcalde; tenlla que dar a solicitude dun pleno da Corporación Municipal, que é o preceptivo. Polo tanto, é evidente que esas irregu-

laridades, e o seu compromiso con esas irregularidades, existe.

Pero, por se isto fose pouco, eu creo que a Xunta de Galicia está comprometida politicamente, a través da Dirección Xeral de Xusticia e Interior, nesa situación. Porque, señores Deputados, o informe a solicitude da Comisión de Peticións que fai a Dirección Xeral de Xusticia e Interior a min dáme vergonza. E un documento que trata de encubri--lo que está pasando no Concello do Grove e ademais sen tomar ningunha deducción legal do que aquí se afirma nalgúns casos.

Só vou ler un párrafo sobre o que di este informe da Dirección Xeral de Xusticia e Interior. Está tamén en castelán porque a Xunta tamén segue normalizando o idioma nos seus documentos internos. Di así: "La contratación por urgencia de la construcción de un mercado municipal y lonja de contratación. Tal facultad está reconocida a la Alcaldía por el artículo 7 de la Ley 40/81, con lo que el acuerdo adoptado tiene al menos apariencia legal" --di o señor Director Xeral de Xusticia e Interior-- "la cual debe ser destruida mediante prueba que invalide dicha urgencia y del expediente parece deducirse lo contrario. En el supuesto de falta de urgencia, el Alcalde sería responsable de los daños y perjuicios subsiguientes".

Pero, señor Director Xeral, a vostede o Parlamento pediulle unha investigación. Vostede ten os medios, que é a administración, e vostede debera de saber varias cousas. Primeiro, que existe acta notarial que é unha proba en contra desa legalidade, levantada polo Notario da vila, no mes de agosto, dicindo que non hai emerxencia sobre o tema da lonxa e o mercado, seis meses despois de que se produxe este acordo do señor Alcalde do Grove, unha acta notarial demostra que alí se segue traballando normalmente, que non hai emerxencia. Polo tanto, non é de aplicación ese artigo da lei 40/81, e vostede tí-

ño que reflexar aquí, señor Director Xeral.

Pero, o que é peor: hai estudos publicados e visados polo Colexio de Arquitectos do cal lles fixemos mención neste Parlamento, do señor D. Juan Virardo Fernández e D. Xosé Hermo Tunez. Entre outras conclusións sobre a lonxa e o mercado sacan as seguintes. Leo dúas para non entretelos máis. "Podemos afirmar con certeza que non se trata dun suposto de ruína inminente etc..." "Así ha debido de entenderlo la propia autoridad municipal cuando actualmente permite las operaciones normales de mercado y lonxa transcurridos varios meses desde la decisión adoptada por aquella de aplicar el artículo 7 de la ley 40/81".

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Señor Deputado, prégole que remate.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Un minuto nada máis, señor Presidente.

Permítame unha reflexión final. Eu creo que está claro que hai irregularidades serias no municipio do Grove, que á Xunta lle compete o seu control de legalidade, non de interferencia na autonomía municipal, pero si de control de legalidade.

Segundo, que hai compromisos, colaboración da Xunta de Galicia a través de diferentes Consellerías, particularmente da de Ordenación do Territorio; hai compromisos nestas ilegalidades, participación directa con coñecemento desas irregularidades.

Hai só dúas posibilidades: ou o señor Conselleiro descoñece esas irregularidades e polo tanto é un irresponsable na inversión dos cartos públicos, ou ben coñéceas e é plenamente corresponsable desas irregularidades.

Polo tanto, dito isto, ¿que

ocorre? Permítame unha soa reflexión política e remato, señor Presidente. Aquí díxose noutro debate que intervencións como a que eu fixera dinamitaban ata as institucións públicas. Eu admito, naturalmente, calquera xuicio libre, democrático sobre calquera intervención. O que si digo é que quen afirma isto debera de afirmar coa mesma solemnidade que é moita peor dinamita a que se pon ás institucións públicas cando os xestores públicos están incumprindo sistematicamente a legalidade vixente, que se están a cometer irregularidades, favoritismos e clientelismos. Iso é o que dinamita o crédito das institucións, non quen o denuncia. Iso é o que dinamita o crédito das institucións políticas democráticas.

Que haxa un xestor corrupto en calquera partido e institución non é un problema. O problema é que as institucións non respondamos con enerxía, con solvencia, e con claridade fronte a unha corrupción e hai exemplos abondos ó máis alto e ó máis pequeno nivel.

Eu quero recordarlles só que cando aparece un escándalo como o do Presidente Nixon, se a democracia non respondese como respondeu, o desprestixio sería enorme. Así saíu fortalecida a democracia. Iso non é o problema.

Señor Presidente, dígollo con toda claridade, vostede ten nas súas mans levanta--lo crédito das institucións. Xa dixen antes --vostede estaba ausente-- que o que está claro é que eu non podo presentar unha moción de reprobación contra o señor Conselleiro. Vostede é o único que pode solucionar esa irregularidade na que está comprometido parte do seu Goberno. Se vostede non o fai será corresponsable do descrédito que o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio salpica sobre as institucións democráticas, empezando polo Goberno e por este Parlamento.

Non se me conteste que vaia ós Tribunais porque xa irei, pero

nunha democracia hai dous tipos de responsabilidades: as penais, que se depuran lóxicamente nos Tribunais, e as políticas, que se depuran nesta Cámara democrática. E iso é o que estou facendo hoxe en uso das miñas atribucións.

E, finalmente, señores, sobre a anterior intervención, hai xente á que lle preocupou que se misturase con certos temas á Xunta...

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Señor Deputado, debe rematar xa.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, señor Presidente só 30 segundos.

O tema é o seguinte. E verdade que a Xunta é a Xunta de tódolos galegos, non é a Xunta de Alianza Popular. Ben, nese sentido eu non quero relaciona--la Xunta co que dixen; relaciono a Alianza Popular, en todo caso, pero non á Xunta de Galicia. Pero dito isto fórmase un escándalo tremendo. Eu preguntome, señores do Goberno, ¿como vostedes chegan por primeira vez na historia da democracia española e da Autonomía Galega, a romper relacións institucionais cun Goberno por unha intervención parlamentaria? Hai temas como a reconversión, como a conxelación de competencias, como a invasión de competencias por parte das autoridades e do legislativo central sobre a autonomía, e vostedes non din nin pío; só se dedican a chorar, e por esta situación eu creo que iso é unha cobertura política, unha cortina de fume para evitar responsabilidades.

Polo tanto, remato, señor Presidente, e grazas pola súa benevolencia, solicitando do señor Presidente da Xunta que polo ben das institucións, para que non se dinamiten as institucións e o seu prestixio político, como aquí está claro que hai irregularidades, que hai favoritismo e que hai --en términos vulgares-- corrupción, restitúa a autoridade do seu Goberno, a auto-

ridade das institucións cesando ó señor Conselleiro de Ordenación do Territorio.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Señor Carreño, ¿vai intervir en nome do Goberno?

O señor CONSELLEIRO DE ORDENACION DO TERRITORIO E OBRAS PUBLICAS (Carreño y Rodríguez--Maribona): Señor Presidente, señora, señores Diputados, si del señor Guerreiro es encomiable la constancia --y buena prueba de ello es insistir, con esta moción sobre el Ayuntamiento de O Grove, en la ya debatida interpelación por este Parlamento-- no podemos decir lo mismo en este caso de su actuación política.

El señor Guerreiro ha olvidado quizás que en el período anterior, el Ayuntamiento de O Grove tuvo sucesivamente como Alcaldes a los señores Alvarez Corbacho y Mourellos, y el señor Guerreiro ha olvidado o no se ha documentado suficientemente, o lo ha hecho cargando indebidamente en el haber del actual Alcalde, señor Bea Gondar, decisiones, irregularidades, que voy a recordar a quienes corresponden o correspondieron.

El Ayuntamiento de O Grove, presidido por el señor Bea Gondar --como consecuencia de sentencias de Magistratura de Trabajo, tuvo que abonar a personal contratado para limpieza de centros de EGB, a personal sin contrato escrito, o con contrato caducado, y por descubiertos a la Seguridad Social, personal --subrayo-- incorporado a trabajar en el Ayuntamiento de O Grove en aquel período anterior de los señores Alvarez Corbacho y Mourellos, la cantidad de 8.347.670 pesetas, relación uno de personal, relación dos de abonos en función de las sentencias. Esos sí son ejemplos de irregularidades con caro coste para el Ayuntamiento y los vecinos de O Grove.

El señor Guerreiro habla de la

no celebración de plenos. Debe referirse el señor Guerreiro a algunos aplazados, por ejemplo, porque el Concejal D. Ramón Arce Prieto, del PC, asiste a una consulta médica por haberse fracturado un dedo (escrito número 3 de 18 de junio del 82) o a que el Alcalde se encuentra indispuerto repentinamente (escrito número 4). Evidentemente no era Alcalde el señor Bea Gondar. Pero, afortunadamente otro 18 de junio --con "n" de Navarra--, éste de 1980, aún no ocurrían aquellas cosas, era Alcalde D. Joaquín Alvarez Corbacho, y por su importancia voy a leer el punto tercero: moción de la alcaldía sobre lonja de contratación.

Acta de la sesión extraordinaria, celebrada por el pleno municipal el día 18 de junio de 1980, bajo la Presidencia del señor Alcalde D. Joaquín Alvarez Corbacho. Punto tercero. Moción de la alcaldía sobre lonja de contratación. "Como ya indicaba el miembro de esta Corporación en la propuesta a ellos presentada en sesión plenaria celebrada el día 4 de octubre de 1979, el edificio que viene destinándose a lonja de contratación resulta insuficiente para el buen funcionamiento del correspondiente servicio, y por otra parte sus instalaciones son inadecuadas en la actualidad. Ahora bien, el primer problema que se nos plantea es el de obtener el terreno necesario en donde poder ubicar el edificio a construir con destino a lonja de contratación, por cuyo motivo, y al objeto de tratar de la resolución, esta alcaldía propone a la Corporación se adopte acuerdo, en el sentido de solicitar del Ministerio de Obras Públicas la concesión administrativa para ocupar una parcela en la zona marítimo--terrestre continua al arranque del dique del muelle, con el fin de construir en ella una nueva lonja de contratación que cubra las necesidades presentes y las previsibles en el futuro. La Corporación, después de deliberar, acuerda por unanimidad de los miembros que la integran hacer suya en todas sus partes la moción de la

alcaldía y, en consecuencia, solicitar del Ministerio de Obras Públicas la concesión administrativa para ocupar una parcela en la zona marítimo--terrestre contigua al arranque del dique del muelle, con el fin de construir en ella una nueva lonja de contratación, que cubra las necesidades presentes y las previsibles en el futuro, facultando a la alcaldía para gestionar tal concesión, quien solicita el apoyo de todos los Grupos Políticos de la Corporación para llevarlo a cabo".

Iba, por lo tanto, con el punto número 5, y esa debatida irregularidad de ausencia de acuerdo de pleno municipal.

Consecuente con este acuerdo adoptado por unanimidad el 18 de junio de 1980, con fecha 22 de julio, el Alcalde señor Alvarez Corbacho se dirige al Concejal entonces señor Bea Gondar, con un escrito que dice: "Según lo acordado en sesión plenaria de 18 de junio último, pongo en su conocimiento que el próximo jueves día 24 a las 12 horas se efectuará una entrevista con don José María Pita, Ingeniero Jefe de la Junta de Obras del Puerto, para tratar del asunto relacionado con la ubicación de la futura lonja. El Grove, 22 de julio de 1980".

Y ha de esperarse la entrada en la alcaldía del señor Bea Gondar para llevar a cabo aquel acuerdo de pleno paralizado 3 años, y, hoy --gracias a una eficaz gestión administrativa de la Xunta y del Ayuntamiento--, en vías de solución.

Decía el señor Guerreiro que el Ayuntamiento de O Grove no celebra plenos desde hace meses. Otra vez le falla al señor Guerreiro la información. Yo tengo aquí copias de actas de plenos ordinarios, o extraordinarios desde el 8 de mayo de 1983 hasta 29 de setiembre de 1984, interrumpidos persistentemente.

Acta del 8 de mayo del 83. Para

no agotar a los señores Parlamentarios sólo voy a comentar la última acta de la sesión ordinaria celebrada en el Ayuntamiento pleno el día 29 de setiembre de 1984. Termina: "El señor Mascato contesta: usted convoca el pleno y son 17 los miembros de esta Corporación, y se va a aprobar el instituto para El Grove. La oposición está aquí todas las veces que es convocada para que se celebre el pleno". El señor Alcalde declara: "Señor Mascato, espere usted a que resuelvan los Tribunales". El señor Mascato sigue haciendo uso de la palabra, y el señor Alcalde siendo la 10 horas 10 minutos del día de la fecha, 29 de setiembre de 1984, declara que se levanta la sesión.

Hay plenos municipales. Lo que no hai es el acta de pleno extraordinario solicitado para tratar como único punto del Orden del Día el cese del Alcalde Bea Gondar. Sencillamente no hay esa acta porque no se ha celebrado tal pleno, porque como usted debe saber --y en este caso no creo que le falle la información-- el señor Mascato Bea ha firmado un documento como Concejal en el ejercicio de funciones, y la posible legalidad o no de su firma en el ejercicio de las competencias de Concejal está en los tribunales, en el Fiscal de la Audiencia de Pontevedra.

Tengo jurisprudencia del Tribunal Constitucional en relación con este tema, tengo la información enviada al Fiscal de la Audiencia Provincial de Pontevedra con fecha 4 de abril del 84, que como digo ha motivado el envío al Ministerio Fiscal de la documentación acreditativa de que un Concejal elegido y que no ha jurado el respeto a la Constitución, no ha tomado posesión como tal, y firma en el ejercicio del cargo de concejal esa petición de celebración de pleno extraordinario con un único punto del Orden del Día.

Decía el señor Guerreiro: "hai irregularidades." Yo cambiaría el verbo y diría: "hubo irregularida-

des." Yo creo que las irregularidades existieron antes, señor Guerreiro. Hai un ex--Concejal de la época del señor Alvarez Corbacho que ha sido procesado y condenado a la pena de inhabilitación 6 años y 1 día en el ejercicio de sus cargos de Concejal o cualquier otro de elección de cargo público. Seguimos con irregularidades, señor Guerreiro. Creo que es mejor trabajar constructivamente y no "meneallo" más.

Y con ese sentido constructivo como digo, el Ayuntamiento y la Cofradía de Pescadores, por separado, acordaron --aquél, como antes señalé, en ese pleno de 18 de junio de 1980, y esta Cofradía de Pescadores el 27 de febrero de 1984--, la imperante necesidad de la construcción de una lonja y mercado, y que la concesión administrativa a solicitar ante la Consellería de Ordenación del Territorio y Obras Públicas se haga conjuntamente por dicha Cofradía y el Ayuntamiento.

Pido que se haga una revisión de todos los frigoríficos de lonjas, etc., construidos en los puertos gallegos hasta que fueron transferidos a la Xunta de Galicia, los años que se tardó en la concesión administrativa, los años que estuvieron funcionando sin respaldo de dicha concesión administrativa, listado que por otra parte tendré mucho gusto en facilitar al señor Guerreiro. Como decía, quiero felicitar a la Cofradía de Pescadores, al Ayuntamiento y personal de la Consellería por ese récord establecido, que soluciona la carencia de iniciativa del Ayuntamiento de O Grove para poner en marcha durante 3 años aquel acuerdo unánime de 18 de junio del 80, y que recoge no sólo los deseos sino las urgentes necesidades del pueblo de O Grove y de sus pescadores.

Y también recogen los deseos y necesidades del pueblo de O Grove, los proyectos de abastecimiento y saneamiento incluidos en la Ley de Insuficiencias Financieras, el de los 12.000 millones, dentro del

Plan de Abastecimientos y Saneamientos a núcleos con más de 500 habitantes y hasta 36.990.768 pesetas.

Ya decía en la intervención anterior del 6 de noviembre, que los proyectos técnicos obran en la Consellería, corresponden a abastecimientos, saneamientos y consiguiente reposición del firme para la construcción de esas obras de esa colocación de tuberías, y está previsto que se adjudiquen y se lleven a cabo las obras inmediatamente.

He de aclarar que los proyectos incluidos en los planes de inversión del Estado de la Administración Estatal, de la Administración Autonómica, se realizan dentro de un suelo, dentro de un Ayuntamiento, y su inclusión en un plan --como debiera conocer el señor Guerreiro-- no exige acuerdo de pleno municipal solicitando "la" o "las" obras públicas.

Pero, además, en pleno municipal extraordinario, que se pierde en la lejanía de los tiempos, el 1 de febrero de 1974 siendo Alcalde D. José Lores González, se toma un acuerdo de aprobar un plan de obras municipales, entre ellas la red de distribución de agua potable a O Grove. Y todos los proyectos incluidos en este programa nuestro de actuación son estrictamente en cumplimiento de aquel acuerdo municipal y en cumplimiento riguroso de la ley aprobatoria del Plan de inversión en Obras de Abastecimiento y Saneamiento por importe de hasta 596 millones de pesetas, que se aprobó --como recordaba el señor Guerreiro-- por este Parlamento y previamente por la Xunta.

Creo que como consecuencia del acta y de un no profundo conocimiento de los Capítulos VI y VII, se confunde lo de subvenciones. La obra del abastecimiento y saneamiento en O Grove no es subvención a dicho Ayuntamiento, sino inversión propia de la Consellería, Capítulo VI. No es subvención, y cae bajo la estricta responsabilidad de

la Consellería de Ordenación del Territorio y Obras Públicas. Lo mismo ocurre con el encauzamiento del río Sar, en el término municipal de Santiago, para defender la Colegiata, que hemos acometido recientemente, y como otras obras de abastecimiento y saneamiento que se están realizando y adjudicando directamente por la Consellería.

Y respecto de la tramitación ante la Dirección General de Comercio de subvención para la financiación de la lonja o mercado, eso no quiere decir que se concedan 50, 60 o 68 millones hasta, naturalmente, la cantidad máxima que permita la legislación.

Después de lo expuesto debemos rechazar las tres primeras partes de la moción, como es obvio que la cuarta, que en éste y en todos los casos la seguiremos cumpliendo a rajatabla.

Muchas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Intervención dos diferentes Grupos Parlamentarios para fixa--la súa postura sobre o debate. (Pide a palabra o señor Nogueira).

Señor Nogueira, de acordo co Regulamento vostede non pode intervir neste momento, pero pódeo facer na explicación do voto.

Pediron a palabra os señores González Mariñas, Díaz e Díaz e Pía Martínez.

Pode facer uso da palabra o señor González Mariñas, por un tempo máximo de 10 minutos.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, é claro que ante situacións coma a que nos ocupa, que provocan unha inevitable sensación de inquedaanza e desagrado íntimo, o máis fácil sería gardar silencio e asumir que aquí non pasa nada.

Entendo que isto sería a demostración máis palpable da nosa incapacidade para a vida pública, porque é unha obviedade dicir que nela ten que predominar sempre o dereito, a legalidade e a xusticia, pero xamais calquera outro tipo de conductas patolóxicas, coma a comprensión ou a tolerancia viciada pola amizade, polo compañeirismo político respecto das irregularidades. Por iso, entendo que como responsabilidade de Grupo Parlamentario temos que fixa-la nosa postura, e así o facemos.

A moción que debatemos ten unha formulación absolutamente irreprochable. Penso que non se prexulga ningún tipo de cuestións que están ou poderían chegar a estar "sub iudice", senón que se constatan uns feitos. Sobre eses feitos, dos que traen causa unha serie de decisións posteriores, apeladas de irregularidad, ínstase simplemente a que se cumpra a legalidade. Pensamos que iso é o menos que se pode pedir ante graves feitos irregulares nos que están implicados membros da Xunta de Galicia.

Desde logo, non vou recorrer neste momento ó patetismo, pero sí quero dicir que esta é unha tarefa absolutamente fundamental para o Parlamento: velar pola legalidade; instar porque se cumpra esa legalidade, que é unha forma de velar polas institucións.

Os Grupos e Deputados que estamos neste Parlamento entendemos que non é normal, que non se poden xustificar irregularidades apelando a que noutros momentos houbo tamén irregularidades. As irregularidades xamais se xustifican por outras, aínda que fosen máis graves, cousa na que evidentemente non entramos.

De aí a nosa postura que é franca, aberta: parécenos que hai que apoiar esta moción, para contribuír simplemente a erradicar da nosa sociedade comportamentos políticos semellantes, aínda que é difícil chegar a situacións de irregularidades máis graves cás que se

dan no Concello do Grove.

Como digo, hai que contribuír a erradicar todo este tipo de comportamentos, que na Comunidade Galega só poden producir auténticos estragos de escepticismo, de negación, de desengano, de falta de confianza nas institucións. Se non combatemos desde as institucións galegas e desde o mesmo Parlamento todo tipo de comportamentos desta natureza, entendo que incorreríamos en auténtica cobardía civil. E despois, desde logo, xa non estaríamos lexitimados para queixarnos do desalento, da falta de fe, da indiferencia, da separación dos nosos cidadáns da política, dos políticos nin do propio abstencionismo electoral.

Por todo isto a nosa postura é clara, e o noso Grupo Parlamentario vai apoiar esta moción; entendemos que hai que exercer desde a Presidencia da Xunta de Galicia as accións pertinentes que demanda esta situación no Concello do Grove.

Esta postura positiva é un voto a favor da claridade e da imprescindible dignificación da vida pública de Galicia.

Máis nada, e moitas grazias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Pode facer uso da palabra o señor Díaz e Díaz, do Grupo Parlamentario Socialista, polo término de 10 minutos.

O señor DIAZ E DIAZ: Señor Presidente, Señorías, un está sorprendido pola posición do Goberno neste tema.

Nós pensamos que esta moción domesticada do señor Guerreiro ía ser aprobada por unanimidade, porque o único que se pretendía era que no Concello do Grove se cumprise a legalidade vixente, e tamén na relación entre o devandito Concello e as institucións autonómicas. Pero o señor Conselleiro sorprendeunos non recoñecendo erros anteriores e

intentando presentar estes erros como éxitos importantes da súa Consellería e do Concello do Grove.

Dinos que no Grove hai plenos. O señor Consellerio sabe mellor ca nós --porque se documentou previa e especificamente para este tema-- que no Grove non hai plenos desde hai tempo. Hai simulacros de plenos, ou hai farsas, que se montan e se interrompen cando o señor Alcalde sabe que vai perde--las votacións. E unha farsa a que está pasando no Grove; unha farsa non democrática, senón antidemocrática.

O outro día o señor Vicepresidente do Goberno Galego dicíanos --cando se tratou o tema do Hotel Miño-- que estaba ó completo o Banco Azul, para amosa--la súa solidariedade co señor Conselleiro de Traballo naquela actuación. E hoxe, ó ver aquí ó Goberno en pleno, entendemos que tamén vostedes están amosando a súa solidariedade e o seu apoio ó señor Carreño nesta actuación irregular no Concello do Grove.

Se é así, señores da Xunta, todos vostedes deberían dimitir para deixar paso a un novo Goberno que respete e faga respecta--la legalidade democrática. Digo isto, señores da Xunta de Galicia, porque no Concello do Grove estase conculcando a legalidade democrática, cun Alcalde en minoría, que está gobernando por decreto. A Xunta non só consente esta situación, senón que, polo que levamos visto, a apoia.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Pode facer uso da palabra o señor Pía Martínez.

O señor PIA MARTINEZ: Señor Presidente, evidentemente, o Grupo de Alianza Popular non vai apoiar a moción do señor Guerreiro. Isto está claro por canto dixó o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio en nome da Xunta de Galicia,

e porque sería unha tremenda inxusticia proceder doutro xeito.

En realidade, o señor Guerreiro vén montar neste Parlamento un proceso ó Alcalde do Grove, sen dúbida influenciado polo feito de que fose o actual Alcalde quen, dalgunha maneira, desprazou ó Partido Comunista do Goberno daquel Concello. Esa circunstancia non importa agora e aquí, ó Grupo de Alianza Popular, para argumentar respecto das irregularidades que se produciron no Concello do Grove, cando estaba gobernado polos correligionarios do señor Guerreiro. Esas están aí, e realmente xa foron destacadas.

Pero o que si nos importa é deixar claro que a actuación da Xunta de Galicia --que é a que este Parlamento dalgunha maneira ten que estudar, ten que criticar, facendo tamén a oposición sobre ela-- é perfectamente correcta, está dentro da legalidade e non podía ser doutra maneira. Porque aquí, señor Guerreiro, parece que a vostede non lle gusta que un Alcalde integrado no Grupo Popular faga cousas no pobo que está gobernando, realice obras que interesan a toda a Comunidade e que favorecen, evidentemente, a todo o vecindario. Non lle interesa que leve a cabo estas obras, porque entón está facendo unha boa laboura, está facendo, realmente, un bo traballo polo seu pobo.

En prol dese partidismo, trata vostede de torpedear estas obras cuns pretextos que se efectivamente tivesen unha base de realidade, terían que ser estudiados e xulgados polos Tribunais de Xusticia.

As competencias que ten a Xunta de Galicia en materia de dirección local parece que as coñece ben o señor Guerreiro, pero o que non quere é interpretarlas na forma debida. Evidentemente, nós temos que velar pola legalidade das actuacións das Corporacións Locais, como ten que velar por esta legalidade o Goberno Central, que recibe tamén coma nós os extractos das actas; e

como os componentes da Corporación Municipal, ou calquera veciño que se sinta prexudicado polos acordos ou polos actos destas Corporacións. Todos teñen aberta a vía xudicial.

Sabe o señor Guerreiro que na legalidade actual --quizais non na futura--, se o Proxecto sobre Réxime Local que está actualmente en tramitación nas Cortes Xerais chega a ser lei, tal como está aprobado na tramitación da Ponencia, dalgunha maneira poderá suspender--los acordos municipais. Pero non será a Xunta de Galicia, neste caso, quen o poderá facer, senón a instancia do Delegado do Goberno nas distintas Comunidades. Mesmo o Consello de Ministros poderá suspender a algunha Corporación Municipal cando a súa actuación se entenda gravemente danosa para os intereses xerais.

Pero nós, o único que podemos facer é controlar se os acordos que se adoptan polos órganos colexiados das Corporacións Locais, Plenos e Permanentes, se adaptan á legalidade. Segundo ese informe detallado --que é un pequeno apartado que nos leu aquí o señor Guerreiro, remitido á Comisión de Peticións do Parlamento, á súa instancia-- en toda aquela voluminosa documentación que nos foi remitida non aparece ningunha irregularidade da Xunta de Galicia para impugnar ante a xurisdicción contencioso--administrativa.

Respecto dos actos que o señor Guerreiro imputa ó señor Alcalde do Grove --ó que tildou aquí, na Sesión anterior, como delincuente común-- terán que se--los Tribunais da xurisdicción ordinaria os que teñan que dilucidar se efectivamente merecen o castigo da lei.

Pero nós non nos podemos erixir en Tribunal de Xusticia, porque este Parlamento non é un Tribunal de Xusticia. E a Xunta de Galicia menos pode incidir nesas conductas, porque non lle está atribuída a súa tutela.

O señor Guerreiro parece ignorar que na legalidade vixente non

existe unha tutela do organismo superior --neste caso da Xunta de Galicia-- sobre os Concellos. Estes son autenticamente independentes na súa actuación, sempre que o fagan conforme á lei. Son soberanos, nesa soberanía limitada que poden ter--las Corporacións Locais, e nós non podemos interferir nas súas actuacións simplemente por meras sospeitas ou por meras denuncias infundadas, e sobre todo cando non temos ningunha arma legal para poder intervir.

En calquera caso, o contido da moción pouco se compadece coa actuación que o señor Guerreiro fixo ante esta Tribuna. A moción, como dicía o señor Díaz, se estivese formulada en abstracto podería ser aceptada por tódolos Grupos políticos, e mesmo pola Xunta, que por suposto, sempre e en todo momento cumpre coa legalidade vixente e non se aparta do cumprimento da lei. Isto é unha cousa, e outra cousa é seguirille o xogo ó señor Guerreiro, a quen, por razóns puramente políticas, non lle gusta a actuación da Corporación do Grove.

Se se dan actuacións que poidan ser contrarias á lei, non é a Xunta de Galicia, neste caso concreto, quen as pode enxuciar. Volvo repetir que son os Tribunais da xurisdicción ordinaria quen o ten que facer. En realidade, todo se reduce nesta moción a crítica--la construción dunha nova lonxa no Grove que, por outra parte, parece que é absolutamente necesaria, prescindindo agora de se a actual está en estado de ruína inminente ou se ofrece ou non perigo. O certo é que xa a Corporación anterior, gobernada polos comunistas, entendeu que era unha necesidade para o pobo do Grove, e así solicitara a concesión administrativa dos terreos.

Que a Xunta de Galicia atenda ó saneamento do Grove con obras de infraestrutura sanitaria en canto ó abastecemento de augas, parécenos unha cuestión normal. ¡Oxalá se puidese facer en tódolos municipios que están necesitados destas actua--

cións; Pero iso non supón nin entraña ningunha ilegalidade. En calquera caso, o Grupo de Alianza Popular en absoluto se solidariza coa actuación da Corporación ou do Alcalde do Grove. O único que se solidariza é coa legalidade estricta da actuación da Consellería de Ordenación do Territorio, que é a que se por aquí en dúbida.

E respecto das instancias que correspondan ó enxuciamiento da conducta dos componentes da Corporación do Grove, deixa que sexan os Tribunais de Xusticia os que dilucidan se efectivamente incorre ou non en responsabilidade penal, posto que a responsabilidade administrativa está claro que non aparece nas actuacións que ten á súa vista a Xunta de Galicia. Tampouco aparecen irregularidades --está claro-- para a Administración do Estado, que tamén controla a legalidade das institucións municipais, como dixen ó principio, posto que non houbo impugnación de ningún acto nin de ningún acordo por parte do Gobernador Civil de Pontevedra.

En consecuencia, nós non podemos entrar alí onde non temos competencia. Todos debemos ser celosos na defensa da competencia municipal, sen que iso signifique en ningún momento encubrir nin pretender disculpar actuacións que estean fóra da legalidade por parte de ningún representante municipal, sexa do partido que sexa.

En realidade, non se ten por que aceptar ningún dos apartados da moción, agás o 4º, que non se necesita poñer a discusión e a votación, posto que como xa afirmou aquí o señor Conselleiro --e reitéroo eu-- a Xunta de Galicia actúa dentro da legalidade. Non é consciente de cometer ningunha irregularidade, nin administrativa, nin doutro tipo por suposto. Por conseguinte, este apartado é total e absolutamente improcedente que sexa posto a discusión.

En calquera caso, o voto e a posición do Grupo de Alianza Popu-

lar é contrario á aceptación desta moción, e imos votar en contra.

Máis nada, señor Presidente, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Señor Guerreiro, pode replicar.

Ten a palabra por 5 minutos, señor Deputado.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, Señorías, durxeito moi breve, e telegraficamente, polo tanto.

Mal servizo se lle presta hoxe á Xunta de Galicia se se solidarizan co señor Conselleiro a democracia e a autonomía. ¡Moi mal servizo!

Señor Carreño, o señor Bea "levouno ó horto", se vostede me permite a expresión neste Parlamento.

E verdade que existen unhas Sentencias da Maxistratura de Traballo por impagamentos de descubertos á Seguridade Social.

Houbo catro Alcaldes neste período: primeiro, o señor Bea Gondar; segundo, o señor Corbacho; terceiro, o señor Mourellos; e agora novamente Bea Gondar. O Concello presidido por un comunista tivo que pagar--los descubertos do período anterior de Bea Gondar, señor Carreño. (Murmurios).

Voulle traer esas actas, e voulle traer iso para que vostede dimita, xa que non o cesa o Presidente.

Eses descubertos son da etapa primeira do señor Bea Gondar, que lóxicamente os seguintes Alcaldes teñen que pagar, porque a institución é o Concello: nin é comunista, nin é de Alianza Popular. E se mañá vostedes nos deixan un descuberto, e gaña as eleccións outro partido, haberá que pagalas, evidentemente.

Pero respecto deses descubertos, señor Carreño, dígalle ó señor Bea que non o leve ó horto; a vostede nin ás institucións democráticas. Iso para empezar.

En segundo lugar, o señor Carreño di que o señor Corbacho levou ó pleno o tema da lonxa do mercado. Naturalmente, como hai que facer. Se iso o fixese o señor Bea Gondar non estaríamos discutindo isto.

Eu non me opoño a que O Grove teña unha lonxa ou un mercado. ¡Claro que é necesario! Pero, señor Carreño, se o señor Bea Gondar se basease nese acordo plenario, por unanimidade da Corporación --cando a presidía o señor Corbacho--, ¿por que recorre a Lei 40/81, por vía de emerxencia, se había acordo plenario? ¡Imos ser serios!

O señor Bea Gondar non solicita iso por ningunha vía de emerxencia, a través do acordo plenario. Di: "Baseándome no artigo 7 da Lei 40/81, solicito por vía de emerxencia a construción dunha lonxa e dun mercado". Iso é o ilegal. Porque hai acta notarial de que non hai estado ruinoso.

A propia Corporación que solicita a emerxencia segue deixando funciona--las instalacións que son perigosas. ¿En que quedamos? Se houbo acordo plenario, o señor Corbacho foi o que cumpriu estrictamente a legalidade vixente.

Pero ademais diso un señor Conselleiro de Industria --non sei se este, o anterior, o seu predecesor-- en escrito remitido ó Concello do Grove, con número de rexistro de entrada 1.355, creo recordar, esixe para esa subvención os requisitos que eu lle pido a vostede que cumpra, señor Conselleiro. A súa Consellería e a de Industria teñen criterios diferentes: unha cumpre a legalidade e a outra non. Esa é a cuestión.

Aquí había dúas actitudes, señor Conselleiro. Unha era dicir: "Señores: o Concello do Grove non

cumpre a legalidade. Nós non imos axudar nin imos colaborar con ese Concello". E outra, é a que están vostedes tomando, respaldando e corresponsabilizándose con esas irregularidades, e o conxunto do Goberno coas irregularidades que comete o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio. Ese é un mal servizo á democracia; é un mal servizo ás institucións.

¿E que mensaxe me lanza o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio, e algunhas outras persoas? ¿Que mensaxe se nos di?: "Hai que facer un traballo constructivo". ¿Pero que mensaxe se nos manda? ¿Que calémo--las irregularidades, os favoritismos e a corrupción? ¿Esa é a mensaxe que se nos manda?

Pois eu dígolles unha cousa: non me manden esa mensaxe, porque aínda que eu quedase só en Galicia --que non quedarei-- desde logo, esa mensaxe non a vou atender. Ese telegrama non o recibo. Recibo outros, pero ese, non. Ese telegrama non llo recibo, señor Carreño: nin a vostede nin a ninguén.

Xa digo que o que prexudica ás institucións é a actitude que están tomando vostedes en solidariedade cunha ilegalidade; non trae--la denuncia. Porque, ademais, se ante esta denuncia se levantase o señor Presidente da Xunta e dixese: "Cesado, o señor Conselleiro", prestíxiase el e as institucións democráticas. Agora, estas accións son as que dinamitan o crédito das institucións.

Eu vou seguir cumprindo dentro da total cortesía parlamentaria --e se algunha vez faltei a ela, pido disculpas humildemente-- pero dentro dela fareino inflexiblemente, no meu deber e no meu dereito, que é defende--la legalidade democrática.

Señor Pía, as súas afirmacións son dunha gravidade tremenda. ¿Pero vostede que di? ¿Que hai que facer obras, sexan ilegais ou legais? ¿Pero é esa a mensaxe que nos man-

da? E dicir, ¿vostede preguntame se eu me opoño a que no Grove haxa obras? ¡Non, señor Pía! Opoñoome a que non se fagan legalmente, porque iso é un principio de inseguridade xurídica, de arbitrariedade. Vostede como avogado debíao de coñecer, e tense que opoñer, se realmente é un avogado que está cos intereses e coa estrutura democrática da lexislatura actual.

Ese é o problema, e non que o señor Bea Gondar faga obras. ¡Oxalá faga moitas para O Grove! Non estamos en desacordo con que se faga a lonxa e o mercado, pero que se fagan legalmente, porque o demais é abrirollle unha vía á arbitrariedade. ¡E iso é o que nos propón vostede!

Finalmente, o señor Carreño dínos que no ano 74 se aprobou un plan xenérico de obras, etc. Vostede sabe que para aprobar unhas obras hai que aprobar un proxecto concreto; non un acordo xenérico de que hai que facer obras de infraestructura no ano 1974. ¿Onde está ese proxecto concreto? ¿E cando entrou na Consellería de Ordenación do Territorio? Iso é o que ten que dicir vostede. Cando entrou e que proxecto concreto; pero non un acordo xenérico de que hai que facer obras de infraestructura, etc. Vostede sabe que iso non é serio.

E sobre a celebración de plenos, eu creo que esa é a última humorada do señor Conselleiro. Eu non sei se houbo un aprazamento de dous plenos na época en que gobernaban os comunistas no Concello do Grove. Ninguén protestou por secuestro de dereitos constitucionais dos Concellais, porque efectivamente había unha vida regular da Corporación Municipal.

Vostede sabe que non hai plenos desde hai máis dun ano. E voulle dicir algo máis, e voulle demostrar aquí. Traerei esta vez este tema aquí, porque non se pode permitir que ademais das irregularidades se intente enganar a esta Cámara, que iso xa é enormemente grave. Un engano deliberado a esta Cámara.

E respecto das sentencias de que vostede fala, sobre xura ou promesa da Constitución, dígolle que entón hai que dissolve--la Corporación do Grove. Non me pode presentar vostede unha soa acta dun pleno onde desde o Alcalde ó último Concellal, alguén xurase a Constitución no Concello do Grove. ¡Ninguén! ¿Por que se lle esixe a un só Concellal que toma posesión en decembro de 1983, en acto de constitución do Concello e sucesivos, mentres houbo plenos, cando o señor Bea Gondar nin ningún Concellal xurou e prometeu a Constitución no Concello do Grove? ¿Por que se lle vai pedir a un só? ¿Por que? ¡Non hai nin un só pleno onde se xurase ou prometese a Constitución no Concello do Grove!

Señorías, gracias, señor Presidente, remato dicindo o seguinte: con artimañas parlamentarias, con cortinas de fume, con pseudo--lexislación e con pseudo--actas, non se pode intentar tapa--lo que está claro, que hai irregularidades, que hai --en términos vulgares, non sei se xurídicos-- corrupción, para entendernos. E esta Cámara, por dignidade política, para salva--lo prestixio das institucións, naturalmente debera toma--las medidas que lle pido, señor Presidente, e eu sería o primeiro en felicitar e apoiar.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ORDENACION DO TERRITORIO E OBRAS PUBLICAS (Carreño y Rodríguez--Maribona): Señor Presidente, Señorías, me ha extrañado del señor González Mariñas la coincidencia en la defensa de la tesis del parlamentario señor Guerreiro, en el tema de O Grove.

Quiero recalcar mi insistencia en que desde el punto de vista de actuación de la Xunta sobre compe-

tencias, no hay irregularidades. Lo afirmo rotundamente, a pesar de que el señor González Mariñas ha parecido dejar entrever irregularidades que se estarían dando. Desde el punto de vista de las competencias de la Xunta, repito, no hay irregularidades.

El señor Díaz e Díaz ha manifestado también que no se reconocen errores anteriores. Yo he reconocido, he comentado las irregularidades y las he enumerado. Si no lo he hecho exhaustivamente con todas fue por no cansar, como decía antes, a los señores parlamentarios.

Hay una Ley de Régimen Local que ya ha comentado el señor Pía. Si el señor Díaz fuera consecuente con lo que ha argumentado aquí, supongo que de actuar un Alcalde por Decreto se aceptarían muchas enmiendas a esa Ley de Régimen Local, aunque lamentablemente creo que no ocurrirá así. No obstante, el señor Pía ha aclarado, donde compete, las posibles actuaciones del hoy Alcalde de O Grove. En todo caso lo tiene planteado el propio señor Bea Gondar, donde estima que corresponde.

El señor Guerreiro, con gran habilidad --normal en él, por otra parte--, ha modificado la base de su argumento sobre las irregularidades. Tanto en la Sesión del 6 de noviembre como en la de hoy, la base era que no había acuerdo de pleno municipal de O Grove respecto del lugar donde se iba a construir o está en construcción la lonja y mercado. Y yo he rebatido esta hipótesis, porque es la irregularidad que ha indicado.

El señor Diputado también se ha referido a la actuación de emergencia. Quiero decir que con independencia de aquel acuerdo de pleno de día 18 de junio de 1980, con fecha 8 de marzo de 1984 se ha aportado un dictamen jurídico, complementando otro técnico del ingeniero industrial señor Riera Nieves, a requerimiento de la Alcaldía. Este hace referencia a la actuación,

conforme a la ley de 1981, que ahora comentaré. Dice: "Necesidad urgente de aportar las medidas necesarias ante una situación que supone grave peligro y que afecta a la sanidad y seguridad pública." Y en el resumen, añade: "Se tomen urgentes medidas y se provea a la construcción de menos edificios e instalaciones destinados a lonja y mercado". Este es el resumen de este dictamen jurídico, complemento del técnico.

La relación que yo citaba --no sé si tiene otra el señor Guerreiro-- de irregularidades en personal contratado, es la siguiente: doña Carmen Vázquez López, con entrada de prestación de servicios el 6 de octubre de 1980; doña Emilia Germá de Domínguez, el 6 de octubre de 1980; y termina con don Luis Casimiro Barros, desde el 15 de julio de 1982 al 13 de julio de 1983.

Esto supongo que habrá sido por la simple cronología de fechas de este personal. Es fácil constatar quién era Alcalde y qué partido político regía el Ayuntamiento de O Grove.

En cuanto a lo de aprobar obras que están dentro de los planes de la Xunta, parece que no se ha enterado el señor Guerreiro que los que se contratan directamente, por la Xunta, son competencia suya. Simplemente hemos aplicado eso en este caso, y están dentro de los programas de inversión al 100% de la Xunta. Y esto con independencia de acuerdo de pleno municipal, que se pierde en aquel año 1974, cuando era Alcalde el señor Lores. Por alguna circunstancia especial, que quizá conozca el señor Guerreiro, he recalcado el apellido de dicho Alcalde.

O señor PRESIDENTE (González Anadiós): Imos proceder á votación da moción.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Señor Presidente, pregunto se a votación

dos apartados será por separado, ou en conxunto.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Se non hai petición do proponente, será en conxunto, pero a Mesa está ó que diga o autor da proposta.

O señor PIÑEIRO SANCHEZ: Pediríalle ó compañeiro que se fixese por separado. Se non fose así, a miña posición de voto está condicionada.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Ten a palabra o señor Guerreiro.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, co seu permiso, comprendo a petición dalgúns Deputados de que se vote por separado, pero non podo neste caso --aínda que normalmente o tago-- porque se podería desvirtuar a votación. ¡Claro! Evidentemente, respecto do cuarto punto, xa dicía o señor Pía e o señor Carreño que ata están dispostos a votala eles, como quen di, que non vai con eles. Pero iso non é problema deles...

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Señor Deputado, conteste concretamente se quere que se vote conxuntamente ou por apartados.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Conxuntamente, para que non se desvirtúe o voto.

Síntoo por algúns Deputados, naturalmente.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Gracias, señor Deputado.

Ponse a votación, conxuntamente, toda a moción.

¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos

en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado:

Votos emitidos	56
Votos a favor	21
Votos en contra	31
Abstencións	4

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Queda rexeitada a moción.

Explicación de voto.

¿Algún Deputado que non interviñese no debate quere facer uso da palabra? (Pide a palabra o señor Díaz e Díaz).

O artigo 94.3 do Regulamento, señor Díaz, di: "Non caberá explicación de voto cando a votación fose secreta ou cando o Grupo Parlamentario interviñera no debate precedente. Sen embargo e neste último suposto, o Grupo Parlamentario que cambiara de sentido o seu voto ten dereito a explicalo".

Como vostede non reúne ningunha desas condicións, señor Deputado, non ten dereito a explicación de voto. (Murmurios).

O señor PEREZ VIDAL: ¿Permíteme, señor Presidente?... Invocando o mesmo artigo có señor Presidente, o 94.3, que eu saiba o señor Nogueira é do mesmo Grupo Parlamentario có señor Guerreiro, e tampouco cambiou o voto. Sinxelamente creo que só hai dous Grupos nesta Cámara que teñen dereito a explicalo voto, que son o Centrista e o Independente.

Gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Polo sistema que se se-

guiu sempre neste Parlamento --precisamente polas características especiais que reúne o Grupo Mixto, os membros do cal pertencen a dous partidos políticos diferentes--, esta Presidencia concédelle a palabra ó señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Deputado, polo término de 5 minutos.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Moitas gracias, señor Presidente.

Señorías, como xa ocorreu noutros debates semellantes a este, eu teño que dicir aquí que despois do debate habido o señor Conselleiro non demostrou que coa súa actuación a Xunta de Galicia non estea apoiando irregularidades que se dan concretamente neste caso no municipio do Grove, como tampouco demostrou suficientemente que actuase dentro da legalidade no caso tratado recentemente do Hotel Miño.

Nese sentido, como é natural, e pola búsqueda do prestixio das institucións, que sempre guía a conducta deste Deputado neste Parlamento, loxicamente votei a favor da moción presentada polo meu compañeiro de Grupo, o señor Anxel Guerreiro.

Creo que é mal método o practicado pola Xunta de Galicia. Se cada vez que se trata aquí dun problema político, aínda que non estea no ámbito do Goberno Autónomo, da Xunta en canto tal; se estando no ámbito da xurisdicción política da Xunta, esta como tal institución non ten en principio responsabilidades --senón que son propias dun municipio ou dunha Deputación--; se cada vez que ocorre iso a Xunta só se limita a "sostenella e non emendalla", e non clarifica a situación, realmente, chegará un momento en que todo o mundo se sinta impune e que calquera pode cometer irregularidades en calquera Concello ou Deputación, sabendo que se hai unha crítica política no Parlamento desta Comunidade, sempre haberá un Grupo maioritario que saia en de-

fensa desa impunidade.

Creo que pola propia vida e prestixio das institucións debemos evitar que isto ocorra. O Parlamento debe clarifica--la situación, para facer que o respecto á legalidade e á honradez prime sobre outros actos que empañan a vida política.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Ten a palabra o señor Pardo Montero.

O señor PARDO MONTERO: Señor Presidente, só para facer constar expresamente que a circunstancia de que o señor proponente da moción adoptase o sistema de votación conxunta de tódolos seus apartados, sen dúbida contraría a nosa posición de voto respecto dalgún deles, que sería asumido por este Grupo. Pero entendemos que isto non se pode predicar de todos.

Mistúranse aí, sen máis, os coñecementos, sen estaren clarificados os términos dalgunhas cuestións que son de tipo xurisdiccional e que corresponde resolvelas ós Tribunais de Xusticia. Neste aspecto pareceríanos unha intromisión, sobre todo non tendo coñecemento obxectivo do que hai no trasfondo de todo este asunto.

Pero queda outra dúbida, máis forte aínda, que é o feito de que a atribución ó Executivo para calificar--los actos doutros órganos que son autónomos nas súas decisións, para outorgar ou non subvención, nos levarían a lles dar unha patente de curso, que poderían usar con discrecionalidade, como quixese, calificando se a aquel Concello é digno de subvención ou non, porque cumpre ou deixa de cumprir trámites, entrometéndose en temas que non son da súa competencia e deixándolle a porta aberta á arbitrariedade, cousa que nós non podemos apoiar.

Esta é a razón de que nos abstivésemos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (González Amadiós): Rematado o punto 3º, suspéndese a Sesión ata as 5 da tarde.

Suspéndese a Sesión.

Reanúdase a Sesión.

(Ocupa a Presidencia o señor Vicepresidente Primeiro, D. Pablo Moure Mariño)

PROPOSICION NON DE LEI

-DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS ALIANZA POPULAR DE GALICIA, INDEPENDENTE, COALICION GALEGA, CENTRISTAS DE GALICIA E MIXTO, SOBRE A REDUCCIÓN DE PRAZAS DE FORMACION DE ESPECIALISTAS (MEDICOS INTERNOS E RESIDENTES).

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Continúa a Sesión.

Corresponde entrar na consideración do punto 4º, que se refire á proposición non de lei de tódolos Grupos Parlamentarios da Cámara, sobre as repercusións da redución de prazas de especialistas, médicos internos e residentes, que foi publicada no Boletín 34 de 22 de novembro de 1984.

Como tódolos Grupos Parlamentarios están de acordo --despois de falar cos Portavoces--, ímonos limitar a dar lectura da proposición por parte do señor Secretario, habida conta de que non houbo emendas.

Logo, someterémolo a aprobación, se lles parece ben, por asentimento.

O señor Secretario vai proceder

a dar lectura desta proposición non de lei.

O señor SECRETARIO (Olives Quintás): Por aforro procesal, procedemos á lectura soamente da parte dispositiva da proposición non de lei, presentada por tódolos Grupos Parlamentarios da Cámara.

"Punto primeiro.-- Abrir inmediatas negociacións co Goberno Central de cara a lograr medidas correctoras na dotación de prazas MIR, de xeito que garantice:

a) A interrupción da actual dinámica do deterioro dos hospitais galegos causada pola redución progresiva de prazas MIR.

b) O incremento do número de especialistas que se van formar polo sistema MIR nos hospitais galegos.

c) Que tódalas prazas ofertadas polos hospitais galegos se doten e polo tanto se cubran.

Punto segundo.-- Lograr do Goberno Central que, de xeito inmediato, se aplique rigorosamente a lexislación vixente nos temas de desdoblamento de Cuotas e de Incompatibilidades".

Asinado por tódolos Portavoces de tódolos Grupos Parlamentarios presentes nesta Cámara.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Suárez--Vence Santiso): Tendo en conta que é unha proposición sen emendas, que o camiño loxicamente está pechado e que todos sabemos asumido, pois, por boas conversas previas co resto dos Grupos, non con todos, a min ocórreseme, e así o quero plantexar, que no punto primeiro, letra a), posiblemente serviría mellor para as intencións

da Cámara intercalar unha palabra. Interpreto que sería demasiado superficial, e en certo modo incompleto, asegurar "A interrupción da actual dinámica de deterioro dos hospitais galegos causada pola redución progresiva de prazas MIR". Eu creo que había que matizar dicindo "causada en parte".

E evidente que o deterioro inmenso dos hospitais galegos non está causado única e exclusivamente polos problemas dos MIR, sendo importantes. Por tanto eu propoño --non sei se isto é posible ou non-- que se intercale a expresión "en parte", por matizar un pouco esa aseveración que eu creo excesiva.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): A Mesa non ten inconveniente --se os demais Grupos non fan oposición-- a intercalar esa expresión, como corrección gramatical. ¿Están de acordo tódolos Grupos en que se faga así?

Ten a palabra o señor González Mariñas.

O señor GONZALEZ MARIÑAS: Señor Presidente, para unha simple matización, ampliando a suxerida polo señor Conselleiro, e dicindo: "en gran parte, polo sistema MIR".

E unha simple matización, que penso que recolle dalgún xeito toda a motivación da iniciativa, e non desvirtúa o sentido último da proposición conxunta.

O señor RODRIGUEZ GONZALEZ: Para aceptar a corrección, que nos parece adecuada, ya que la interrupción de la dinámica no se debe a una sola causa, y sí, en gran parte, a la ausencia de plazas MIR.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): ¿Algún outro Grupo quere facer

algunha observación? (Denegación).

Entón, ímoslle dar lectura, con esa pequena corrección que se remata de facer.

O señor SECRETARIO (Olives Quintás): O apartado a) do punto 1º, quedaría redactado como segue: "A interrupción da actual dinámica de deterioro dos hospitais galegos causada, en gran parte, pola redución progresiva das prazas MIR."

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Con esa corrección, ¿dan asentimento os señores Deputados para que quede aprobada? (Asentimento).

Queda aprobada, por asentimento, a proposición non de lei, presentada por tódolos Grupos Parlamentarios, sobre as repercusións de redución de prazas de especialistas, médicos internos residentes.

INTERPELACIONES

-DE D. BENITO GARCIA DORGAMBIDE, DO G.P. SOCIALISTAS DE GALICIA, SOBRE PRESUNTA ENTREVISTA DO PRESIDENTE DA XUNTA CON CONTRABANDISTAS DO MORRAZO E REPERCUSIONS NA IMAXE PUBLICA DA INSTITUCION PRESIDENCIAL.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Pasamos ó punto seguinte, 5º: Interpelación de D. Benito García Dorgambide, do G.P. Socialistas de Galicia, sobre presunta entrevista do Presidente da Xunta con contrabandistas do Morrazo e repercusións na imaxe pública da institución presidencial.

O señor autor da interpelación pode facer uso da palabra, por 10 minutos.

O señor GARCIA DORGAMBIDE: Señor Presidente, señora e señores Deputados, posiblemente o contra-

bando de tabaco rubio americano sexa unha actividade sen importancia, produto da fantasía do Gobernador Civil da provincia de Pontevedra ou da prensa galega e nacional que escribe páxinas enteiras con grandes titulares; que todos eses sumarios que se ven a diario na Audiencia Provincial de Pontevedra e outros en trámite na Audiencia Nacional, tampouco sexan unha realidade.

E quizá tampouco teña moita importancia a Lei Orgánica do 13 de xullo de 1982, que castiga os delitos de contrabando, en xeral, con penas de prisión menor, ou sexa, de 6 meses e 1 día a 6 anos.

O mellor tamén son verdade as afirmacións que fan as persoas que se adican a esta actividade, dicindo que o contrabando de tabaco cumpre un fin social en Galicia. E o mesmo eses 3.000 estancos que existen en Galicia, dos que viven outras tantas familias honradamente, e que os contrabandistas din que non os danan en nada coa súa actividade.

E o mellor tampouco é certo que o Estado perde anualmente uns 30.000 millóns --que poden ser 25 ou 20 millóns de pesetas, máis ou menos-- do imposto de luxo que deixa de recadar polo consumo do tabaco. Isto, ademais de moitos millóns que se evaden en divisas, porque o tabaco de contrabando hai que pagalo en divisas, xa que non se pode pagar en pesetas.

E agora, tristemente, desde hai uns meses --desgraciadamente temos datos certos diño-- este contrabando que en principio ou na súa maioría era de tabaco, era de armas, hoxe está dexenerando e xa é mesmo de drogas. Os contrabandistas están pagando en droga ós que lles axudan a descargar, e xa hai detencións en certos Xulgados.

Ante este panorama, nunha visión rápida do problema, atopámonos con que o señor Presidente da Xunta, do Goberno Galego, da nosa Comunidade Autónoma --polas noticias

que temos e que non foron desmentidas-- parece que o 6 de xullo tivo unha entrevista na vila de Cerveira, a 15 quilómetros da fronteira de Tui, non sei se cunha representación de contrabandistas ou ben un grupo de contrabandistas da península do Morrazo. E parece que fixo de intermediario para esta entrevista o Conselleiro de Ordenación do Territorio, D. Anxel Mario Carreño.

Esta noticia, non cabe dúbida, señor Presidente, preocúpanos. Dígollo con todo o respecto que sabe que lle temos á súa persoa, pero preocúpanos pola imaxe da institución presidencial, pola institución que é o Presidente do Goberno Galego. Por todo iso, dunha forma clara e rotunda témoslle que face--la seguinte interpelación a través das preguntas que lle vou formular.

¿Como explica e valora o Presidente da Xunta as devanditas entrevistas cuns presuntos delinquentes comúns que se atopan fuxidos, e mesmo hoxe se atopan fuxidos en Portugal? ¿E o Conselleiro de Ordenación do Territorio?

¿E consciente o Presidente da Xunta das consecuencias que se seguen desas entrevistas verbo da imaxe e xestión da institución presidencial? ¿E o Conselleiro de Ordenación do Territorio?

De momento máis nada, e moitas grazias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Resposta da Xunta.

Señor Presidente, dispón vostede de 10 minutos.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fernández Albor): Señor Presidente, Señorías, en vez de discutir co señor Deputado sobre a introducción que nos fixo respecto do contrabando de tabaco, de drogas --e mesmo falou de contrabando de armas--, quero mellor non entrar nese terreo

e respostar soamente por que estiven calado ata este momento e por que vou explica--los feitos.

En efecto, o día 6 de xullo viña de Oporto. Tiveramos alí unhas conversas coa Comisión de Coordinación da zona norte de Portugal. Parei a dormir en Vilanova da Cerveira, porque estaba invitado polo señor Alcalde e as autoridades de alí. O día seguinte ía inaugura--la praza de Galicia, en Vilanova da Cerveira.

O señor Alcalde invitoume a cear coas outras autoridades. Cando estaba ceando acercóuseme a miña secretaria, quen me dixo que había uns señores que querían falar comigo. Pregunteille quen era, porque non me parecía oportuno falar con ninguén nese momento. Díxome que ela supoñía que eran xentes que estaban fuxidas. Eran señoras e señores que estaban na porta, que dicían que querían falar comigo e que de alí non marchaban ata conseguilo.

Pareceume oportuno saír ó "hall" e preguntarlles que querían. Dixéronme que querían falar comigo. Engadiron que eles querían presentarse á Xusticia, pois querían ser xulgados, pero que isto se tramitase rapidamente. Resposteilles que non tiña nada que ver con isto e que, se querían facer algunha pregunta ou algunha suxerencia ó Presidente da Xunta, escribisen unha carta, que se lles contestaría. Volvín ó comedor, según comendo e isto foi todo. Duraría un minuto ou dous, coma moito.

Logo recibín unha carta duns señores, que teño aí. Podo ensinala. E os servicios xurídicos contestaron, naturalmente, que non había nada que facer. Foi o mesmo que lles dixera eu: que eu non tiña nada que facer con este asunto, que era un asunto da Xusticia.

Isto é todo o que teño que contestar a esta Cámara.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño):

Moitas gracias, señor Presidente.

Réplica do señor Deputado autor da interpelación.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ¿Permíteme, señor Presidente, para unha cuestión de orde?

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Ten a palabra o señor Deputado.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, eu creo que os Grupos Parlamentarios podemos fixar posicións, segundo o Regulamento, e desde logo eu reclamo ese dereito.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Señor Guerreiro, ten razón, pero eu estou seguindo o Regulamento.

Iso farase despois cando se lles dará intervención ós Grupos Parlamentarios. Pero de acordo co artigo 151 do Regulamento agora imos oír ó interpelante, en turno de réplica, despois ós Grupos Parlamentarios e logo a Xunta fixará posicións definitivas.

Señor Dorgambide, pode facer uso do seu dereito de réplica, por 5 minutos.

O señor GARCIA DORGAMBIDE: Señor Presidente, señora e señores Deputados, primeiro, non poño en dúbida a palabra do señor Presidente --¡faltaría máis!--, aínda que polas noticias que temos, que saíron nunha serie de periódicos, non foi a secretaria do señor Presidente, senón que o intermediario foi o propio señor Carreño.

Cando hai unha entrevista deste tipo, en que se desconfía dunhas persoas que a toda costa queren ver ó señor Presidente, que teña que se--lo señor Presidente, coa carga que leva a institución, quen teña

que falar e enfrentarse con esas persoas --e aínda que lamentando a situación, digo que o señor Presidente está totalmente á marxe diso-- ós que vivimos nese ambiente tenso de problemas de contrabando dáno--la impresión de que eles se sentiron un pouco con certa cobertura.

Hai que meditar que, efectivamente, parece que foi unha entrevista dun só minuto, pero hai que recoñecer, señor Presidente, que ten a súa transcendencia.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Grupos Parlamentarios que queiran fixar posicións.

Señor Guerreiro, o Grupo Mixto tense que repartir--lo tempo. Son 2 minutos e medio para cada un.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor Presidente, Señorías, eu quero dicir, en primeiro lugar, que non dubido da boa vontade do señor Presidente da Xunta de Galicia. Non creo que fixese esa entrevista consciente da súa gravidade; é dicir, non digo que el tivese unha intención subxectiva de facer un dano grave, que fixo, á institución.

Nese sentido creo que subxectivamente foi inocente. Pero, señores Deputados, vou dicir algo, non xa tanto como crítica, senón para que se corrixa unha cousa moi importante: se mañá o Presidente do Goberno Español vai viaxar a Francia, e ceando no camiño aparece fotografado cun terrorista de ETA, por esa mesma casualidade, sen tal, ¿que pasaría neste país?

Un Presidente do Goberno ten que seleccionar con quen se entrevista, porque non é un cidadán normal, porque porta a representación desta Nación que se chama Galicia, e non pode facer iso.

Pero nas palabras do señor Pre-

sidente --que parece ser que foron sinceras-- hai algo moi grave: é que se entrevista nun país extranxeiro cuns cidadáns sabendo previamente que son perseguidos da Xusticia española. Son fuxidos, dino as súas palabras; é dicir, perseguidos pola Xusticia deste país. Despois de saber iso, non se pode entrevistar con ninguén.

Mesmo se vostede naquel momento non tivese escolta persoal, non tivese protección das forzas da orde de Portugal, etc., ten que escapar pola porta de atrás, pero non se pode entrevistar cuns perseguidos da Xusticia española. ¡Non se pode entrevistar!

Polo tanto, eu creo que isto non se debe volver plantexar. Non se pode entrevistar un Presidente con fuxidos da Xusticia do seu propio país --iso é unha cousa grave--, e menos o pode facer nun país extranxeiro, e menos dicir que se van facer xestións ou que escriban unha carta. Creo que iso é inocencia política, pero é un problema grave.

Ante perseguidos pola Xusticia española, o Presidente do Goberno non ten que facer xestións de ningún tipo; que se presenten á Xusticia, e punto. Non se pode nin pensar en que podemos ser intermediarios. Creo que iso danou seriamente a imaxe das institucións galegas e que non se debe repetir, polo ben de Galicia e da Autonomía.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Pode facer uso da palabra o Deputado señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, non vai ser este Deputado, e moito menos non tendo datos fidedignos, quen faga acusacións gratuítas, pero tampouco será este Deputado quen minimize o problema do contrabando, que é un problema gravísimo aquí e en calquera parte do Estado.

En primeiro lugar, teño que dicir que o contrabando non se produce só en Galicia, nin moito menos. É falsa a noticia que se dá noutros sitios respecto desa cuestión. Non vou ser eu o que minimize en absoluto o contrabando, senón que o veo como un creador dun perigoso poder paralelo, como unha perigosa posibilidade de creación dunha organización clandestina, que se se crea e se consolida inevitablemente vai tender a influír na vida política e económica de forma negativa para o conxunto da sociedade, e como un poder que sen dúbida se utilizará no futuro noutro tipo de actividades moito máis ilegais có tabaco.

Paréceme que esta é unha realidade indubitable, e que polo tanto a organización contrabandista debe ser duramente perseguida. Iso está claro. Nese sentido, o meu compañeiro de Grupo e mais eu tomámo--la responsabilidade de solicitar que esta Cámara nomee unha Comisión de investigación, xustamente para perseguir este poder paralelo que se está creando, e non en absoluto para perseguir a ningún grupo político. Eses son enganar fáciles, que por outra parte distraen a nosa xente, a xente humilde que colabora nestas cuestións nunha actividade económica consecuenta.

Desde o meu punto de vista, preocúpame enormemente a imaxe tremenda que se está creando de Galicia --falsa por outra parte--, como un país de mafiosos ou contrabandistas, cousa que nós queremos evitar para combater--las mafias e para combater esa imaxe.

Por outra parte, non será tampouco este Deputado quen faga este xogo, señor Presidente, para servir de instrumento a loitas partidistas que non queren evita--lo contrabando, nin a creación de mafias, posiblemente, senón para ter certo rendemento de tipo electoral. Tampouco nós caeremos nesa tentación.

Dito isto, quérome referir ás palabras do señor Presidente da

Xunta, que me parecen moi preocupantes.

En primeiro lugar, esas palabras, mesmo pola sinceridade con que foron ditas, demostran, diríamos, o carácter persoal do noso Presidente, característica de bondade persoal que ninguén lle puxo en dúbida, e non serei eu desde logo quen lla vai poñer. Pero tamén demostran outra das súas características: a inxenuidade política. E un Presidente de Galicia non pode ser inxenuo politicamente. Aí, evidentemente, o señor Presidente caíu nunha trampa política.

Esta podía ser unha anécdota, que podíamos discutir aquí e non lle dar moita importancia, pero eu creo que o señor Presidente, con esa súa inxenuidade política, cae noutras trampas. Por exemplo, cando vai a Madrid ou a calquera outra parte do Estado amosa tal humildade política que é claramente prexudicial para os nosos intereses políticos. Polo tanto, esa inxenuidade nas súas actuacións ten máis gravidade ca esta cuestión que estamos aínda a discutir.

Nese sentido para min é criticable esa posición do Presidente, e así o poño de manifesto.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Señor González Mariñas, pode facer uso da palabra.

O señor GONZALEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, coa intervención do señor Presidente do Goberno eu sentíame tentado de facer outra practicamente idéntica ós términos da que tiven ocasión de facer esta mañá, con motivo da moción sobre as irregularidades no Concello do Grove. Pero non me vou estender neste mesmo sentido.

Diciamos esta mañá que é evidente que unha tarefa fundamental do Parlamento é velar xustamente

pola legalidade, por instar que se cumpra esa legalidade. Esa é unha forma de velar polo prestixio, pola dignidade das institucións da nosa Autonomía. Diciamos tamén --e penso que é un sentido xeral do debate desta mañá-- que hai que erradicar da nosa sociedade todo tipo de comportamentos impropios que poden conducir ó escepticismo, á negación, ó desengano global da sociedade galega de cara ás súas institucións autonómicas. Diciamos tamén que se non combatemos certos comportamentos equívocos, indubidablemente poderíamos incorrer nun risco de cobardía e estaríamos abonando dalgún xeito o desalento, a falta de fe, a indiferencia e o abstencionismo electoral, nesta sociedade e nas súas institucións representativas. Dalgún xeito, isto que aboia no ambiente poderíase repetir case literalmente.

Hai que coidar estas actitudes; hai que tamiza--las intermediacións nas entrevistas; hai que evitar este tipo de situacións, aínda que despois das palabras do señor Presidente de Galicia, quedou claro que son situacións circunstanciais, e desde logo non buscadas.

En todo caso, se iso non foi así, como quedou hoxe expresado neste Parlamento, a dignidade da Xunta de Galicia esixía un desmentido inmediato. Penso que deixar tanto tempo este equívoco na opinión pública de Galicia non é bo para as institucións galegas, máis aínda cando o propio señor Presidente de Galicia hoxe recoñecía nesta Cámara que el sabía que estas persoas coas que se entrevistou en Vilanova de Cerveira eran fuxitivos ou fuxidos, polas razóns que fose.

Polo tanto, queda aquí a explicación do señor Presidente do Goberno, que indubidablemente nós aceptamos e respetamos. Pero desde Coalición Galega pediríamos unha actitude máis rápida desde a Presidencia no desmentido deste tipo de comportamentos impropios sobre situacións evidentemente equívocas, que non fan ningún ben á nosa Comu-

nidade Autónoma.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Ten a palabra o señor Mella.

O señor MELLA VILLAR: Señor Presidente, sobre a proposta que se está estudiando hoxe aquí, eu teño que dicir algo.

Dalgún xeito preferiría estar calado, pero eu quero defende--las institucións galegas.

Señor Presidente, vostede, independentemente das discrepancias políticas que poidamos ter, ten un defecto básico e unha virtude persoal: é que moitas veces trata os temas políticos pensando que son privados. E dicir, aplica vostede as normas da vida privada á vida política, o cal non é bo.

Quero dicir antes de nada que creo as súas explicacións. Xamais dubidei delas. Mesmo considero que isto que se está a dicir aquí é dalgunha maneira superficial.

Pero hai algo que me preocupa, e é que nunha revista de ámbito nacional apareceu unha portada cun home e un sombreiro, unha cousa de AP, coma se o Goberno Galego fose contrabandista. Iso, desde logo, por respecto ás institucións eu non o podo tolerar. Paréceme unha demagogia non aceptable por ningún galego, sexa do Partido que sexa, e penso que eu con AP teño unhas certas diferencias, pero non podo admitir iso.

Polo tanto, eu pregaríalle, señor Presidente, que nestes casos en que planea unha dúbida aínda que sexa de lonxe --e esa dúbida está enraizada ademais no feito de que vostede, persoalmente, moitas veces opera na vida política coa mesma inxenuidade e a mesma sinxeleza con que o fai na vida privada, cousa que non debe ser-- dalgún xeito

vostede debe explicalo, non en forma de disculpas, senón dun feito que pasou.

Tódolos Gobernos teñen o seu "fique", señor Presidente; todo o mundo ten o seu problema. Entón, polas institucións, como representante das institucións vostede debe dicir, sinxelamente: "Señores: a min colléronme nunha encerrona. Saín como puiden"; e aquí rematouse o tema. Porque eu poderei desconfiar de calquera, pero de vostede, neste tema non desconfío.

Agora, o que si lle pediría é que, en cambio, a algúns señores do seu Partido --do que vostede é a cabeza máxima--, se son verdadeiramente demostrables que están no contrabando, ¡por favor! ¡rómpace--lo carné! Non llo digo para que AP teña un voto menos, senón sinxelamente porque as institucións galegas quedarán máis purificadas de todo este problema.

En principio, o que quero dicir, señor Presidente, é que imos deixar estes temas. Temos outros moi importantes que tratar nesta Comunidade. Temos temas moi importantes que discutir. Non se deixe pechar en cousas que á fin e ó cabo, no fondo, todos sabemos que vostede non está involucrado neles.

Tendo en conta isto, señor Presidente, a min paréceme que esas declaracións de tipo persoal non son suficientes. Ten que haber unha declaración de tipo político, condenatoria desa actividade, porque vostede non só é Don Xerardo Fernández Albor, tamén é o Presidente da Xunta de Galicia, e polo tanto é o meu Presidente. Eu quedo absolutamente por riba destas pequenas campañas ou demagoxias que se poden facer sobre este tema, do que sei que vostede, en términos xerais --porque non a Xunta-- está libre.

Entón, eu pediríalle esa enerxía política, pública, por riba desa bondade persoal con que vostede a veces se explica.

Máis nada, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Pode facer uso da palabra o señor Martínez Larrán.

O señor MARTINEZ LARRAN: Señor Presidente, parece ser que soy el único parlamentario que sube a la Tribuna para contestar esto.

Subo porque le doy importancia al tema, y para reflejar dos sentimientos que tengo ahora, completamente contradictorios: uno, de una gran satisfacción; y otro, no sé si es de pena, o de desasosiego. Me daría ganas de decir de asco, pero no lo digo. (Risos).

La satisfacción que tengo es sencillamente por lo que usted, señor Presidente, ha hecho, y por lo que ha dicho hoy; por su actitud en Vilanova de Cerveira.

Y mi pena es por cierta actitud que estoy viendo en este Parlamento, con un gran dolor. Siento una pena, vamos a llamarle, institucional, porque la palabra que se emplea es "institucional". Satisfacción, primero, por su actitud, señor Presidente, porque podía yo hacer referencia ahora a mil citas bíblicas, evangélicas, de la historia universal, de la historia de la política, de la historia de la literatura, para decirle que el acto más noble del Magistrado, del hombre más noble, es cuando se baja y se acerca al que es pobre, al enfermo y al delincuente: (murmurios)... al delincuente, no para protegerlo, sino para incorporarlo e insertarlo, si es posible, en la vida social.

¡Ese es el momento maravilloso del alto Magistrado! ¡Ese es el gran momento! Y pongo un ejemplo, por no hacer todas las citas, que tengo muchas. Cito a Concepción Arenal: "Ama al delincuente. Odia al delito." Al fin y al cabo ésta es la reconducción de un principio de moral cristiana, que es: "Ama al

pecador y odia al pecado", aunque haya pecados exquisitos. (Murmurios)

En esto se centra el asunto: usted es llamado por unos presuntos señores procesados --recalco lo de presuntos-- ¿y qué le piden a Su Señoría?

¿Le piden su exoneración? ¡No! (Murmurios)

Le piden nada menos, ... (Interrupcións)

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): ¡Silencio, por favor, especialmente en el público!

Continúe, señor Diputado.

O señor MARTINEZ LARRAN: Gracias, señor Presidente.

Piden que la Justicia se aplique con celeridad. ¡Pobres hombres! No saben que la morosidad de la Justicia es un tema endémico y epidémico, en España, en el mundo y en la historia. Porque cuando Hamlet en su monólogo --aquel famoso del "Ser o no ser"-- decía, "Dormir y tal vez soñar. Y pensar que con un sueño serafín, a pesar del corazón"...

Lo sé de memoria. Pero lo cierto es que cuando él dice que es forzoso que nos detengamos a considerar cuáles son los sueños que pueden venir después del sueño de la muerte, empezaba a decir que si no hubiera algo después de la muerte, por qué habíamos de soportar en este mundo las traiciones del hermano, las traiciones de las esposas, las tardanzas de la Justicia. El no se refería a las injusticias, porque Hamlet, y Shakespeare sabían que la justicia humana es poco eficaz. No es total.

Había, por lo tanto, en Dinamarca --que olía a podrido-- tardanzas de la Justicia; y también en Inglaterra había tardanzas de la Justicia.

¿Y le pedían al señor Presidente que procurara evitar que esa justicia se acelerara? ¡Huy! ¡Huy! ¡No! Ellos venían a someterse a la Justicia.

Por lo tanto, yo le doy mi felicitación y mi satisfacción --que creo que es la de mi Grupo-- por su actitud, que está clara, transparente y nítida.

También le quiero felicitar, señor Presidente, por lo que ha dicho, y porque su elocuencia está en todo lo que lo que usted no ha dicho. Usted pudo reconvenir, pudo replicar, pudo atacar a quienes le atacaban, y sin embargo ha tenido la virtud maravillosa de saber callar. Eso es maravilloso: saber callar es muy difícil.

Como bien sabe, señor Presidente, su silencio obliga a mi silencio, porque a mí me gustaría realmente decir muchas cosas aquí, pero la luz roja me lo impide. (Murmurios)

Yo querría hacer una recomendación a la Cámara, diciendo que nosotros, el Grupo de Alianza Popular, que apoya al Gobierno, queremos que aquí se depure todo, pero con prudencia, con pruebas, con justicia, con serenidad y con humildad. Y no nos olvidemos que cuando la ironía, la procacidad, la injusticia --pero sobre todo la ironía y la procacidad--, se hacen con poco estilo, cuando se hacen con poco fundamento, cuando se hacen con poco ingenio, huelen a chabacanería y a mal gusto. Cuando se hacen con ingenio sirve de distensión, pero cuando se hacen con ese otro estilo, entonces provoca el silencio, que es la más irremisible condena del que ataca y del que agrede con violencia. Y cuando se ataca y se critica con violencia, solamente hay dos fundamentos: el rencor o la injusticia deliberada.

Yo no tengo por qué recomendar nada a la Cámara, pero recordad, señores Diputados, que estamos entrando en un trámite en que no fal-

tan dos anos para las elecciones, como decía el señor Presidente González Márquez, que se iba a divertir.

¡Falta un año, nada más! Esperamos que se produzcan muchos acontecimientos como éstos, pero no nos vamos a divertir, porque partiendo de la honradez de la Xunta y del Grupo Parlamentario que la apoya, a nosotros nos molesta este tipo de intervenciones parlamentarias. No le puedo hacer recomendaciones a nadie, ni darle ningún consejo. Lo único que pido es que demos a esta Cámara la altura que ella se merece, y no la convirtamos en una plaza de baratería.

Perdón, señor Presidente, y con esto termino, aunque tenía mucho por decir.

Muchas gracias. (Aplausos na Sala)

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Muchas gracias, señor Martínez Larrán.

Ten a palabra o señor Presidente da Xunta, no turno de réplica.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fernández Albor): Señor Presidente, Señorías, queríalle contestar ó señor Guerreiro, niso dos culpables.

Eu e maila miña secretaria supoñiamos que, posiblemente, esa xente non ía marchar de alí. Entón non podía saltar por unha ventá, porque non as había. Tiña que falar con eles. Parecíame mellor que fose diante de tódolos xornalistas, diante das autoridades portuguesas, diante de todo o mundo que alí estaba, e impedir que se dese un espectáculo. E, ó mesmo tempo, tampouco me teño que avergonzar por falar cuns señores que podían ser ou non delinquentes, pois eu non estou aquí para non poder falar con eles. Eu falo con todo o mundo. O caso é que non sabía se eran delinquentes ou se non o eran.

Téñolles que dicir outra cousa: eu recibo cartas de delinquentes da cárcere, e contéstoa. En ocasións, fago cousas que me parecen que son de xusticia. Non estou dicindo unha cousa que sexa mala. Dígoo diante da Cámara con todo o peso que se poida significar. Se é malo que un señor conteste a outro que lle escribe, pois téño que dicir aquí. E se era malo que eu falase cuns señores que estaban esperando alí para falar conmigo, digo que non era unha entrevista preconcebida: era simplemente falar dun xeito imprevisto cuns señores. Non sei se eran delinquentes ou non. Pero, posiblemente, aínda que o soubese como supoñía, polo que me dixo a miña secretaria, falaríalles tamén, para lles preguntar que querían e contestarlles. Isto non é algo que poida avergonzar nin a Galicia, nin ó Presidente da Xunta de Galicia.

O señor Nogueira dígolle que, naturalmente, estou en contra do contrabando, como o estiven durante toda a miña vida, e tamén en contra de tódolos mafiosos. Estou en contra, e fago aquí esta declaración con enerxía, pois hai que perseguilos

De paso dígolle, ademais, que naturalmente que tódolos señores de AP, ou do PSOE, ou do Partido Comunista que cometan actos punibles deben ir ó cárcere. E punto. Pero é distinto a que un señor fale con alguén, do que ademais non se sabe quen é.

O do "inxenuo político", ... Ben, é a súa Señoría quen o pensa. A min paréceme ben que vostede pense así. Dixo moitas cousas peores de min durante todos estes anos, non soamente inxenuo ou incompetente. Dixo de todo, e a min paréceme ben. Está no seu deber de aproveitar tódolos momentos para face--la súa propaganda política. Pero eu creo que soamente é iso: unha propaganda política.

E respecto da miña humildade en Madrid, imos ser serios: ¡de humildade nada! Imos defender a Galicia

como hai que defendela, onde hai que defendela e facendo o que haxa que facer. ¡Niso si que non admito humildade ningunha!

O señor González Mariñas téño-lle que recoñecer que eu non contestei na prensa, e pode que sexa un defecto. Pero a min parecíame mellor que para o prestixio da institución e mais do Presidente de Galicia era moito mellor non botar máis lama nisto, cousa que fariamos se nos poñemos a contestar ás interpelacións a través da prensa.

Unha interpelación contéstase nesta Cámara. E se as interpelacións se fan nos periódicos, débense contestar nos periódicos; como as interpelacións que se fan aquí, contéstanse aquí. Se é un defecto, recoñézoo. Pero eu cría e creo que non é un defecto non contestar, na prensa, a unha interpelación do señor García Dorgambide.

O señor Mella xa lle dixen que o único que pedía esa xente era que acelerase a Xusticia. Resposteilles que eu non podía accelera--la Xusticia. Respecto das outras cousas que di da miña actividade persoal, ben, é tamén un criterio do señor Mella. Eu creo que non, que teño unha actividade persoal, e outra como Presidente da Xunta de Galicia. O que sucede é que podo ter erros, pero xamais son erros que poñan en tea de xuício a credibilidade do Presidente da Xunta de Galicia na súa actividade institucional.

O señor Larrán, dígolle que o sinto moito: non lle quería dar tanta sona a este debate. El levantouno, pero quérolle dicir que estou de acordo nunha cousa: non debemos seguir polo rumbo destes debates.

O outro día dicíallo a un distinguido periodista de aquí de Galicia, e desgraciadamente seguimos por este camiño. A lama sobre as institucións en ocasións vén por traer estes temas. O mellor, cunha pregunta por escrito, contestábase. E se o señor Deputado cría que me

debía facer unha reprimenda pública, debía facer. En cambio, ó face--la interpelación na prensa, vaise degradando, van saíndo outros señores, ocorren outros actos que nada teñen que ver con nós aquí en Galicia. Pero neste enfrentamento saen prexudicadas as institucións autonómicas galegas. O meu silencio respondía a iso: para que non se tocasen máis estes temas que levan ó desprestixio de todos.

Traio o exemplo de Marañón sobre os médicos, que dicía: "Non creades que se atacades a outro médico a xente vai dicir que este médico é bo e este é malo, senón que dirán que é cousa de médicos".

Eu pídovos que evitedes que a xente diga fóra deste Parlamento: "E cousa de políticos".

Máis nada, e moitas gracias. (Aplausos na Sala).

-DE DON CAMILO NOGUEIRA ROMAN, DO G.P. MIXTO, SOBRE GRAVES PROBLEMAS PLANTEXADOS PARA GALICIA NAS ULTIMAS NEGOCIACIONES DO GOBERNO CENTRAL PARA A ENTRADA DE ESPAÑA NAS COMUNIDADES EUROPEAS.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Pasamos ó punto seguinte, que é outra interpelación, de don Camilo Nogueira Román, do Grupo Mixto, sobre problemas plantexados para Galicia nas últimas negociacións do Goberno Central para a entrada de España nas Comunidades Europeas.

Señor interpelante, dispón vostede de dez minutos.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, este Parlamento en distintas ocasións --pero desde hai moito tempo, non en Pleno-- respecto do problema da entrada no Mercado Común, ocupouse dos problemas que causaría a Galicia este evento político.

O propio Parlamento, coas súas iniciativas --concretamente a de crear unha Comisión Parlamentaria de estudo dos problemas do Mercado Común, a iniciativa á súa vez do Grupo PSOE-- contribuíu, non cabe dúbida, a crear na sociedade galega un certo ambiente de preocupación responsable sobre un problema tan importante. Pero o noso Partido político e eu como Deputado consideramos tamén necesario que á altura en que estamos das negociacións co Mercado Común, o Parlamento Galego deba debater en Pleno esta cuestión, e mesmo que tivese ocasión de mostrar --coa aprobación ou polo menos debate dunha moción-- a súa postura concreta en apoio das nosas reivindicacións.

Antes de facer isto quero dicir, para que non se entendan as miñas palabras como unha visión catastrofista da situación en Galicia, que eu teño unha visión esperanzada do futuro económico do noso país. Creo que Galicia ten unha base económica firme para lograr unha prosperidade económica no próximo futuro, tanto enerxética, coma mineira, coma agraria, pesqueira e mesmo industrial.

As empresas galegas están nun comenzo de apertura ó comercio internacional, indubidable e moi serio en moitos sectores. Hai un certo principio de autogoberno plasmado na autonomía política, e mesmo creo eu que se pode notar neste momento un certo dinamismo empresarial na nosa economía. Mais para que estas circunstancias encaixen xustamente na prosperidade económica de Galicia é preciso que se produza unha serie de decisións políticas, mesmo inmediatas, das cales vai depender que esta esperanza se plasme en realidade ou se frustre por moitísimos anos.

Neste senso temos que sinalar decisións políticas que afectan á reconversión naval e a outros sectores neste momento en crise; decisións que afectan á financiación da Autonomía --problema gravísimo--; decisións políticas que afectan á

realización dunha efectiva política de desenvolvemento industrial, nada burocrática, para ser efectiva; ou mesmo --e este é o motivo que nos trae a esta interpelación--, decisións políticas referentes ás negociacións da entrada na Comunidade Europea.

Noutra ocasión díxose aquí, e eu mesmo fixen mención, que posiblemente ó final, nas negociacións do Estado Español co Mercado Común, quedase para unha negociación última --mesmo para face--los axustes definitivos ó Estado Español-- o paquete galego, é dicir, a serie de cuestións que afectan seriamente ó noso futuro económico.

Polo que sabemos está aínda sen negocia--la cuestión da industria do sector lácteo e cárnico e das industrias correspondentes; está aínda sen negociar ou acorda--la pesca; ou tamén os asuntos sociais. Mesmo podiamos falar dalgo que tamén pode ser importante: está aínda sen negociar, por exemplo, na industria, o sector do automóbil, que ten unha grande importancia para a economía galega, a través dunha cidade tan fundamental na nosa estrutura económica, como é Vigo e a súa comarca.

Neste sentido, cando se está falando polo Ministro Boyer de que hai que "despaquetizar" --paréceme que utilizou este neoloxismo-- a negociación, de tal forma que se vaian aprobando aquelas cuestións nas que hai acordo, moito nos tememos que se non hai unha iniciativa enérxica desde Galicia, se aproben tódolos asuntos que son indiferentes á nosa economía, e se ceda ó final naqueles paquetes de asuntos que realmente condicionan o noso futuro económico. Mesmo estamos vendo que cando se fala do problema agrario, como un problema que se vai negociar, moi raramente se nomea aquel problema agrario que afecta basicamente a Galicia, é dicir, o dos produtos continentais.

¿Como está a situación desde o noso punto de vista, e desde o noso

modesto coñecemento da situación?

Non entramos agora na consideración daqueles problemas que parecen resoltos por acordos previos, como é o caso da construción naval. Pero na cuestión dos produtos lácteos —insisto nisto, porque é decisivo— existe o perigo de que o Mercado Común limite a produción láctea galega para o futuro, precisamente cando no sector galego se está producindo unha evolución espontánea desde hai varios anos, que pode levar a unha transformación radical dun sector tan importante para a nosa economía.

A agricultura galega en certa medida derivou de forma espontánea de cara á produción láctea. Neste momento prodúcense en Galicia 1.500 millóns de litros cada ano, pero a posibilidade de produción pode ser de 3.000 millóns ou mesmo de 4.000 millóns de litros cada ano. Se neste momento en Galicia se aplican as restriccións á produción láctea que hai no Mercado Común, posiblemente se frustre de forma definitiva un crecemento que pode ser moi esperanzador.

¿Cal é a posición negociadora do Estado Español neste momento? ¿Cal é a esixencia da Xunta de Galicia? ¿Onde se produce esta esixencia? Iso é algo que nós descoñecemos e en todo caso quixeramos que quedase clarificado despois deste debate.

O mesmo podíamos dicir da pesca: pode entra--lo Estado Español no Mercado Común e Galicia ser un país alleo no relativo á pesca; ou definitivamente entrar realmente na política azul da Comunidade. Non sabemos realmente --eu desde logo descoñezoo-- cales son as posicións negociadoras últimas do Goberno Español, e en todo caso eu descoñezo tamén cal é a posición de defensa do noso sector por parte da Xunta de Galicia.

O mesmo que digo respecto destes sectores que escollín como significativos da nosa economía pode-

ríao dicir respecto dos asuntos sociais, e concretamente da presenza dos traballadores galegos nos países europeos. Eses traballadores galegos, ¿serán comunitarios no próximo futuro ou seguirán sendo extranxeiros durante os próximos dez anos? E aí a cuestión que hai que debater.

O fío disto, señoras e señores Deputados, quixera facer unha mención que revela ata que punto a negociación pode estar castrada por unha certa miopía, non xa por parte do Estado Español, senón mesmo por parte da Comunidade Económica Europea. Por exemplo, pode se--lo caso da cuestión dos produtos alimenticios, fálese de pesca ou fálese do leite.

E realmente unha ironía falar neste momento de excedentes comunitarios de leite, cando é evidente que a fame no mundo faría absolutamente ridículos eses excedentes. Se realmente se contempla a nosa integración no Mercado Común e a propia política comunitaria desde unha perspectiva mundial, da creación dunha orde económica mellor, esta cuestión é absolutamente insignificante, e esta consideración que acabo de formular iría a favor do noso progreso económico.

Por outra parte, hai cuestións importantísimas tamén, como é o problema das Leis Harmonizadoras, que posiblemente se atreva a establecer--lo Estado Español para adecua--la nosa normativa legal á comunitaria. Indubidablemente esta condiciona o noso futuro, que é o da nosa Autonomía. Neste sentido algo debe ter tamén que dici--lo Goberno Galego.

Despois desta breve presentación eu quixera saber cal é a posición negociadora do Goberno Español en temas tan fundamentais para Galicia; en que medida nos van beneficiar ou prexudicar; cal é a postura do Goberno Galego; que está a facer; mesmo que está a facer en Bruselas.

Neste sentido teño que recordar, por exemplo, que o Goberno Vasco, ante a perspectiva de que realmente se estea negociando en prexuício dos intereses de Euskadi, ameazou aínda onte cun voto negativo no referendo sobre a OTAN, se non se defenden de forma apropiada as posturas vascas na negociación. Isto, claro está, revela ata que punto o ter un Goberno representativo dos intereses propios é importante para defender cuestións como as que nos ocupan nesta interpelación.

Por outra parte, ademais, nós quixeramos saber que medidas específicas pensa toma--lo Goberno para contrarresta--los aspectos negativos da entrada no Mercado Común, tanto no sector agrario, coma no sector pesqueiro, coma no sector industrial; e mesmo que medidas específicas hai na defensa dos intereses dos traballadores galegos no extranxeiro.

Esas medidas específicas son absolutamente necesarias, e en todo caso, analisando o Presuposto de 1985, non vexo que haxa unha política específica para senta--las bases e elimina--lo impacto negativo desta próxima entrada inevitable do Estado Español no Mercado Común.

Quixera que todos fosemos conscientes deste problema, e o Parlamento debe saber en que terreo xogamos para que, no seu día, se é preciso e se así o quere, tome as decisións oportunas de tipo político.

Máis nada, e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Resposta da Xunta.

Ten a palabra o señor Concellero.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMIA E FACENDA (Trebolle Fernández): Señor Presidente, Señorías.

Comenzo dicíndolle ó ilustre parlamentario que interpela ó Goberno Galego que unha boa parte das preguntas que plantexa na súa interpelación tiveron a honra de expoñelas na Comisión non Permanente de seguimento das negociacións de adhesión ás Comunidades Europeas o día 5 de outubro último.

Nembargantes, quixera aproveitar--la interpelación non só para contesta--las preguntas que se me fan nesta interpelación, senón tamén para comentar algúns outros temas. En canto termine unha última ronda de negociacións coa Administración Central irei poñendo en coñecemento do Pleno desta Cámara aquelas actuacións que o Goberno Galego está levando a cabo, especialmente desde tempos recentes, sobre do problema que pode plantexa--la integración do Estado Español nas Comunidades Europeas.

Como primeira aproximación ó tema quixera deixar claros dous puntos que xa expuxen nesta Comisión, dos que creo importante que o Pleno sexa consciente.

Estamos ante un proceso irreversible. Non é este o momento de plantexar unha negativa desde Galicia á adhesión á Comunidade Europea, entre outras cousas por sentido común, porque no peor dos casos é a solución menos mala, de cara ó futuro, para a economía española.

Hai unha segunda cuestión, que tamén ten que quedar moi clara, sen que o Goberno Galego trate de renunciar, apartar ou botarse fóra as responsabilidades que como tal ten: non se pode esquecer que a obriga, a responsabilidade total desa negociación --mesmo como consecuencia do Tratado de Roma-- corresponde ó Goberno Central. O Goberno Galego fará fronte ás súas responsabilidades, estámolo facendo xa neste mesmo intre, pero que non quede nin sequera a medio esclarecer: a responsabilidade total corresponde ó Goberno Central. Ademais é unha responsabilidade irrenunciabile, da que non se pode descargar botándo-

lle--lo morto ás Comunidades Autónomas. E o Goberno Central o que ten esa responsabilidade irrenunciabile, como é responsabilidade dos Gobernos Autónomos --como o noso, o Goberno Galego-- o facer frente ás responsabilidades que dentro das competencias estatutarias e constitucionais lle corresponden.

Feitas estas dúas primeiras aproximacións ó tema e na liña en que o señor Nogueira iniciou o seu discurso, quixera apuntar tres grandes aspectos nos que a integración española na Comunidade Europea pode afectar á Comunidade Galega.

En primeiro lugar, penso que hai un tema que se deriva da adhesión ó Mercado Común, que é a implantación dentro de España do imposto sobre do valor engadido ou a "TDA", dito en términos europeos. Esa implantación do IVE, prevista para o 1 de xaneiro do ano 86, segundo as miñas últimas conversacións co Goberno Central vai ser vista proximamente no Consello de Ministros do Goberno Central.

Ese proxecto de lei xa supón, de seu, un problema ou unha cuestión que hai que considerar de cara á adhesión de España no Mercado Común. ¿Por que? Porque no momento en que se implante o IVE plantéxanse dous problemas importantes, desde a perspectiva da financiación da Comunidade Autónoma.

Un primeiro é que alcance e coincidencias vai te--la cesión da fase minorista do IVE á Comunidade Autónoma Galega. Respecto disto xa se está a traballar, preparando un documento que permita negociar firmemente co Goberno Central.

Segunda cuestión: supón tamén a corrección da porcentaxe de participación da Comunidade Autónoma Galega nos ingresos do Estado, por canto implica unha modificación substancial do ordenamento tributario español, e forzosamente a modificación da porcentaxe de participación.

Hai tamén un segundo grupo de problemas, que serían os institucionais. Aí hai que ter en conta dous tipos de aspectos: un primeiro, xa aclarado, sobre a quen corresponde a responsabilidade da negociación; pero queda un segundo grupo de aspectos institucionais, sobre os que hai que estar alerta, e ós que me vou referir.

Baixo esa invocación permanente do acervo comunitario pódese pretender reducir ou limita--la interpretación e o contido do propio Estatuto de Autonomía. Este é un segundo aspecto moi importante que hai que destacar e sobre do que hai que estar advertido. Neste senso, a Comunidade Autónoma, o Goberno Galego, eu persoalmente, xa teño posto en coñecemento da Administración Central, por escrito, aqueles aspectos nos que consideramos --especialmente en temas de política económica-- que o ingreso na Comunidade Europea non debe supoñer de ningún xeiro un recorte das competencias actualmente vixentes.

E hai un terceiro grupo de aspectos, que a Súa Señoría tamén apuntou. Poderíanse resumir naquel impacto que se espera, tanto en agricultura, leite e produtos derivados, carne, pesca; no sector secundario, todo o tema do sector industrial, reconversión, automoción, confección e tamén a industria conserveira, loxicamente; aspectos de política social, como apuntou a Súa Señoría; e aspectos de política rexional.

Polo tanto, podíamos chegar a facer ata 5 grandes bloques nos que se poden producir e vaise producir un impacto pola integración de España na Comunidade Europea en relación co noso país.

Delimitadas estas cuestións, o Goberno Galego, dentro da órbita das súas responsabilidades, plantéxase tres grandes obxectivos, que poderíamos resumir así. En primeiro lugar, o Goberno Galego ten que promover un axuste importante da estrutura da economía galega para

facер frente a esa economía que nos espera no mundo da Comunidade Económica Europea.

Hai un segundo grupo de obxectivos, como o preparar uns programas. Penso que a Súa Señoría leu moi rápido o Presuposto, ou non o fixo con bastante detemento, porque xa hai cuestións que teñen relación con esa posible integración, no Presuposto do 85.

Pido perdón pola incidencia, pero aproveito a mesma aclaración que a Súa Señoría fixo ó termina-la súa exposición.

Hai que preparar unha serie de programas que permitan acceder ós fondos europeos, tanto ó FEDER, coma ó FEOGA, nas dúas vertentes; coma ó Fondo Social Europeo. En terceiro lugar, hai que estar nas negociacións.

Eses son os tres grandes obxectivos, digamos xenéricos, que o Goberno Galego ten plantexados e nos que está xa traballando intensamente, eu diría intensísimamente. O menos penso que para a Administración Central neste momento somos unhas persoas bastantes pesadas, polo menos, porque damos demasiado a lata.

Pois ben: dentro destes tres obxectivos incardínanse as contes-tacións que puidese face-la Súa Señoría en relación coas tres preguntas na que se concreta a inter-pelación e vouno tratar de facer puntualmente.

Podíame extender --e se iso é de interés, podémolo facer no seguinte turno-- naqueles aspectos concretos de cada un deses temas: leite, carne, política rexional, política social e sector industrial. Concretamente, podemos falar de cales son as reivindicacións que se están plantexando xa ó Goberno Central, e que están feitas por escrito ante os negociadores directos en Bruselas. Pero por tratar de axustarme ó tempo de que dispoño, eu quixera pasar a contestar rapi-

damente ás preguntas da interpela-ción.

A primeira pregunta é respecto de que accións efectivas realiza o Goberno Galego para defender e garantir--los intereses galegos nas últimas negociacións para a entrada do Estado Español na CEE.

En primeiro lugar, como comen-tei naquela Sesión da Comisión non permanente de Seguimento, o Goberno Galego organizou un grupo de exper-tos. Neste momento xa son 7 ou 8 persoas que están adicadas e espe-cializadas en temas da Comunidade Europea. Ademais, espérase que no próximo "staff" de Bruselas poida haber tres persoas da Comunidade Autónoma, no que estarán aproxima-damente uns catro ou cinco meses.

Por outra parte, estanse facen-do estudos nas Consellerías máis afectadas, e hai reunións con ou-tras Comunidades Autónomas, de pro-blemática similar, manténdose cons-tantemente negociacións coa Admi-nistración Central. Estas negocia-cións reiniciáronse o 25 de setem-bro, creo recordar, relanzando e non limitando aquelas informacións que viña facendo a Administración Central, en que representantes da Secretaría da Comunidade Europea viñan, contaban ou largaban o seu invento sobre como estaban as nego-ciacións, reunión tras reunión re-petían o mesmo invento, e non se facía outro tema.

Actualmente esixiuse que ó lado de representantes dos negociadores directos en Bruselas --é dicir, dos altos cargos da Secretaría de Rela-cións do Estado coa Comunidade Eu-ropea-- estivesen tamén persoas dos Ministerios sectoriais, que son os que teñen que indicar cal é a polí-tica concreta que hai en cada un deles. Ademais teñen que indicar como está plantexada esa política económica desde o Estado, desde a Administración Central, para que o Goberno Galego saiba en que medidas se está acertando e en que medidas ten que propoñer cambios sobre esas actuacións previstas polo Goberno

Central.

En honor á verdade direi que o único tema que ata agora non se puido discutir coa Administración Central foi o da pesca. O parecer, por distintas ocupacións e obrigas ineludibles, a persoa, o alto cargo que tiña que vir como representante dese Ministerio sectorial, aínda non compareceu. Nembargantes, está previsto que proximamente se realice esta última reunión, trala realización da cal poderá presentarse un documento completo das reivindicacións do Goberno Galego ante a negociación en Bruselas.

A segunda pregunta di: ¿Realizou o necesario traballo informativo ante as Comunidades Europeas para facer ve-la profundidade dos problemas galegos?

Non se fixo ata agora ningunha xestión directa en Bruselas.

¿Que medidas pensa tomar en adiante en defensa dos intereses de Galicia?

En primeiro lugar, terminar todo este ciclo de reunións coa Administración Central e elevar un documento ultimado de tódalas reivindicacións do Goberno Galego para que sexan tidas en conta, como debe ser, na última ronda de negociacións ante o Goberno Central, e logo en Bruselas.

Máis nada. Moitas gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): ¿Quere replica--lo autor? (Asentimento). Ten a palabra o señor Nogueira, polo término de 5 minutos.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Moitas gracias, señor Presidente.

Señorías, en primeiro lugar quixera facer unha precisión respecto do presuposto do 85: eu non dixen que non houbera mencións no

Presuposto 85 ós problemas do Mercado Común; o que dixen é que non había unha política económica de transformación de certos sectores, inscrita no Presuposto do 85, tal como merece a gravidade do problema.

Despois, señor Presidente, quixera dici--lo seguinte; porque as miñas preguntas poden ser moi concretas, pregunto, por exemplo, ¿cal é a posición negociadora do Goberno Español ante o Mercado Común no sector lácteo galego, parte fundamental do sector español?

Galicia neste momento produce 1.500 millóns de litros, e non lle podo dici--la cifra con exactitude, pero pode producir 3.000 ou 4.000. Se chega a iso seremos un país agrícola próspero; pero se producimos 1.500 millóns de litros, seremos un país pobre, onde desapareza a inmensa maioría dos agricultores.

¿Cal é a posición do Goberno Español? ¿Permite a negociación co Mercado Común a entrada medrada ata os 3.000 millóns ou ímonos ver limitados coma se fosemos Dinamarca ou Francia? Esa é a cuestión concreta que plantexo.

Da decisión que se tome depende o noso futuro económico ou unha parte fundamental do noso futuro económico. E voulle dicir unha cousa parecida, aínda que menos evidente, respecto do sector cárnico. Calquera que sexa a posición do Goberno Español, ¿cal é a posición do Goberno Galego? ¿Canto pensa que se pode producir de leite en Galicia e con que tipo de explotacións?

Isto pertence a unha visión política global do que se quere para o futuro económico de Galicia. Non é unha cuestión pormenorizada, que hoxe en día non se poida citar ou cifrar.

¿Que pasa coa pesca? ¿Imos ser un país membro no momento da entrada, ou seremos un país alleo durante dez anos?

Outra cuestión da que quero falar é das empresas que souberon saír dalgunha forma da crise económica. Témo--los exemplos de empresas mixtas en Australia, ou en Irlanda, ou en Sudáfrica, ou en Arxentina, ou en Mozambique. Aquelas empresas, ¿poden mante--lo seu status, ou esa acción que fixeron vai ser desbaratada pola entrada no Mercado Común? O Estado Español, e en concreto Galicia, ¿pode facer contratos con terceiros países, ou van ser feitos desde Bruselas, en prexuício de Galicia? ¿Que posición ten o Goberno Español? ¿Que posición ten o Goberno Galego?

Penso, señor Presidente, que non hai posición do Goberno Español, polo menos non a hai influída polas posicións galegas. Non existe, e en todo caso, se existe, eu non a coñezo. Que conste que por preocupación política profesional fixen bastantes pescudas, e ninguén me dixo nada. E as lecturas non dan ningunha ilustración; non se sabe cal é.

O Goberno Galego pregunteille oficial e oficiosamente, e tampouco, que eu saiba, coñece cal é a posición de negociación; e desde logo o que tampouco non sabe é cal vai se--la decisión última do Goberno Español. Iso para min é preocupante, porque nesas cuestións ou noutras xogámo--lo futuro da nosa economía. Non é unha cuestión accesoría.

Mesmo neste momento o problema xa non é se entramos ou deixamos de entrar no Mercado Común, senón en que condicións se entra, porque son tanto ou máis importantes có feito de entrar ou non entrar. Por exemplo, no automóbil, se entramos favorecendo as teses das empresas americanas --General Motors e Ford--, é unha cousa; se entramos favorecendo as teses das empresas establecidas no Estado Español desde hai dez anos, é outra cousa diferente, e afecta á fábrica de Vigo.

¿Que está facendo o Goberno Galego? ¿Está influíndo algo na nego-

ciación ou onde sexa? Eu non sei. ¿Os traballadores seguirán sendo extranxeiros, ou o día seguinte son traballadores comunitarios? ¿Imos te--lo pasaporte --creo que é grante ou roibo-- da Comunidade, ou non o teremos?

Eu non sei cal é a posición española, non sei nin creo que o saiba o Goberno Galego, por moito que me contesten agora --que creo que se está preparando algún Conselleiro--; pero non me vai contestar, porque non creo que tampouco o saiba. E se o sabe, mellor; eu felicítome.

Ademais non sabemos cal vai se--la postura que saque da manga a última hora o señor Morán. Non creo que sexa tan favorable coma a de Xibraltar. Supoño que será moito máis desfavorable, porque por desgracia non somos Xibraltar. Pero, en fin, falo dalgúns aspectos de Xibraltar, non de todos.

Polo tanto, eu quixera saber cousas concretas, porque esas son as que poden decidir unha postura desta Cámara, o debate e a moción conseguinte ou a resolución. Digo isto nun sentido absolutamente positivo.

Estas son as preguntas que fago, e non entro en cuestións como por exemplo o IVE, que nos afecta, que afecta a todo o Estado, especificamente as competencias autonómicas e outras moitas cuestións. Realmente, aí non tería nada que dicir. Simplemente, hai unhas reivindicacións que facer desde Galicia, pero iso máis ben é unha cuestión interna do Estado Español, e non un problema da negociación. Neste momento preocúpame menos, aínda que pode ser tanto ou máis importante có que remato de dicir.

Máis nada, señor Presidente. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): ¿Grupos Parlamentarios que queiran fixar posicións?

Señor De Vicente, pode facer uso da palabra.

O señor DE VICENTE VAZQUEZ: Desde o escano, señor Presidente, se mo permite.

Soamente vou dicir que a exposición que fixo o señor Conselleiro foi ampla e magnificamente realizada. Despois desa xuntanza que tivemos na Comisión de Seguimento --na que por cerca de tres horas o señor Conselleiro fixo unha exposición exhaustiva de toda a xestión, desde a segunda quincena de xuño deste ano ata o día 5 de outubro-- cada un dos membros da Comisión que alí participaron felicítáronse e felicitaron ó señor Conselleiro pola xestión que se estaba facendo e pola información que daba.

Sen lugar a dúbidas, desde o Goberno da Nosa Terra, as institucións galegas xamais deixaron de lado o tema da Comunidade Económica Europea. Tanto o Partido Socialista, coma Alianza Popular, xa no ano 82, nesta Cámara fixeron mención á posibilidade da integración de España na Comunidade Económica Europea e ás repercusións que podía ter en Galicia. Na época en que eu era Conselleiro teño que dicir que desde o primeiro momento fixen xestións no nome do noso Goberno. En xaneiro de 1983, coa Comunidade catalana, e en febreiro coa Secretaría de Estado, fixémo--las primeiras xuntanzas que se plasmaron nunha institucional que se celebrou no mes de marzo de 1983. Estivo aquí o Secretario de Estado, en reunión presidida polo señor Presidente da Xunta.

Coido que o Goberno Galego non deixou un momento este tema e estivo permanentemente presente. Fíxose unha programación de xuntanzas informativas. O principio non tiñamos unha idea clara e precisámonos informar. Efectivamente, así foi, e de feito no seo do Goberno estivo a idea por parte dalgúns membros de facer xa unha oficina institucional que facilitase a información e fi-

xese por medio das canles establecidas as debidas xestións, co obxecto de ve--las necesidades da Nosa Terra, crea--la nova infraestructura, opinar ó respecto e facilita--la información ó Goberno Central.

Despois foi parado, coido que por xestións persoais. Pero desde a chegada do señor Conselleiro de Economía teño a constancia de que el maillo seu equipo fixeron un esforzo ímprobo. Cóntame que estiveron no mesmo as demais Conselleirías, como as de Industria, Agricultura, Traballo, de acordo cun programa que xa empezaron a cumprir nos derradeiros meses de setembro, outubro e novembro. Foron xornadas maratonianas, e tomouse conciencia da situación. Teñen información e presentaron as nosas inxerencias ó Goberno Central.

Como moi ben dixo o señor Conselleiro, está xa pendente de recibir--la última información co obxecto de facer ese escrito definitivo en que se plasmen tódalas inxerencias de Galicia, de feito cristalizadas en parte por esas xornadas técnicas que as institucións autonómicas Xunta--Parlamento de Galicia fixeron no derradeiro mes de maio. Aquí, na nosa Comunidade, estase facendo un grande esforzo, estase poñendo ó día, e aínda que comenzamos dous anos despois cós cataláns, penso que xa estamos moi cerca do nivel que Cataluña acadou coa información da Comunidade Económica Europea.

Na miña opinión penso que debemos felicitar ó señor Conselleiro de Economía e ó seu equipo por este gran esforzo que está facendo. Polo tanto, esta información que periodicamente está intentando dar ó Parlamento pódenos satisfacer e podemos dicir que polo menos Galicia vai estar enteirada de como están as xestións e o Goberno Central vai ter información precisa das necesidades da Nosa Terra.

O señor PRESIDENTE (Moure Mari-

ño): ¿O señor Conselleiro quere facer uso da palabra? (Asentimento).

Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMIA E FACENDA (Trebolle Fernández): Moitas gracias, señor Presidente.

Quixera facer uso e mesmo abuso da súa amabilidade, para contestar ó señor Nogueira, tal como se merece, polo interés que pon no tema.

En primeiro lugar, quérome abrir con absoluta sinceridade ante a Cámara, ante os representantes do noso pobo. Teño que dicir con absoluta honestidade e con toda a sinceridade de que son capaz, que resulta en ocasións moi difícil saber en que condicións está negociando o Goberno Central con Bruselas. Teño que dicir tamén, coa mesma solemnidade --porque o tema é digno de ser destacado-- que en ocasións as persoas que representan ós Ministerios sectoriais --que son os que deben indicar que política económica se esconde detrás das decisións negociadoras, de cara a Bruselas-- veñen sen ningunha capacidade política de diálogo, e por tanto limítanse "a soltar un mandao", e pido perdón pola expresión.

Creo que con iso contesto a unha das primeiras preguntas que me facía o señor Nogueira e creo que o fago con toda claridade. E agora contesto á segunda.

O Goberno Galego está explicando con toda claridade que é o que pensa e que é o que quere en cada un dos sectores nos que supostamente teremos impactos.

Vaime permiti--la Súa Señoría que simplemente enumere uns pequenos datos sobre as cuestións que plantexou. Por exemplo, falou do sector agropecuario. Neste sentido, os puntos reivindicativos que o Goberno está esixindo que sexan portados polos representantes do Goberno Central en Bruselas son os

seguintes. En primeiro lugar --a pesar da tónica mediterránea con que se está levando a cabo toda a negociación-- preténdese que o leite e os seus derivados sexan considerados produtos sensibles, así como tamén a carne e o gando.

En segundo lugar, é preciso conseguir un período transitorio mínimo duns dez anos. Dentro dese período transitorio haberá que facer unha continxencia de intercambios fundamentalmente de leite e carnes, que se adapte ós niveis de produción, calidades e precios medios do Estado.

Outra cuestión que se plantexa en torno ó establecemento de cuotas é o impensable que resulta a aplicación de cuotas á produción no sector lácteo, ata que non se acaden os niveis comunitarios medios de produtividade en litros/hectárea e non se chegue a niveis excepcionarios.

En canto a temas de reestructuración, é preciso que as medidas dirixidas ó desenvolvemento do sector que resulten incompatibles coa lexislación comunitaria se manteñan durante o período transitorio, podendo isto quedar claramente constatado ademais no Tratado de Adhesión.

Así mesmo faise preciso arbitrar un sistema de axudas financeiras, acordadas coa natureza das actividades productivas que se van promover, de forma que posibiliten unha posta en produción de superficies ociosas ou subempregadas baseándose na consecución de préstamos con prazos mínimos de 12 e 15 anos, con carencias de 3 ou 4 anos e baixos intereses que posibiliten a viabilidade económica das explotacións.

En torno ó tema da agricultura de montaña, que os criterios para a aplicación da lei de agricultura de montaña para a Comunidade Autónoma se axusten ó que sinala a directiva da CEE. Deberíase facer diferenciando claramente os conceptos de

zona de agricultura de montaña da área desfavorecida. E é preciso tamén este mecanismo á hora de aplica-la lei 25/84, do 30 de xuño, de agricultura de montaña, no apartado 6 do punto 1, artigo 2º, referente á vocación eminentemente agraria de zonas que sofren circunstancias limitativas da súa produción.

Quizá deste mero enunciado que estou facendo rapidísimamente ás Súas Señorías se percatarían de que moitas ou a inmensa maioría das conclusións das xornadas técnicas Parlamento--Xunta, foron feitas pola propia Xunta e están defendéndose ante o Goberno Central.

Outro tema que plantexaba a Súa Señoría é o da pesca. Aquí é onde está máis preocupado o Goberno Galego e onde menos información dispoñen sobre as negociacións. A miña intención --e vou falar nesta ocasión a título estritamente persoal-- é que ata agora non houbo negociación de pesca entre Madrid e Bruselas, senón que se están levando unhas conversas de posturas extremas, que non se aproximan, sen existir ata hoxe negociación no tema.

Polo tanto, as posicións iniciais do Goberno Galego, de saída, para iniciar a negociación ante o Goberno Central respecto das Comunidades Europeas pasan entre outros polos seguintes temas.

Primeiro, o respecto á nosa cuota histórica. Polo tanto, non se debe admitir ningún tipo de limitación de cuotas, nin de especies, nin de capturas.

O acceso en ningún momento pode supoñer unha perda sobre o existente hoxe, senón que ten que supoñer unha mellora substancial sobre a situación tradicional.

Que se respeten tódolos convenios asinados por empresas mixtas. Ademais, que se teña en conta, tanto desde o Goberno Central coma no que sexa competencia da Comunidade Autónoma, fundamentalmente a rees-

tructuración da frota pesqueira e tódalas canles de comercialización importantes, onde haberá que estudar como podemos ir acoplando as nosas institucións típicas galegas que xa están a funcionar en Europa.

Por outra parte, eu quéro lle dicir tamén coa mesma sinceridade e honestidade con que estou falando, que hai un tema que é moi claro: no momento en que o Estado Español quede integrado na Comunidade Europea, desde logo, as políticas comunitarias serán de aplicación en España. Polo tanto, en todos eses temas que afectan ás políticas económicas da Comunidade, evidentemente as normas, as grandes directrices virán desde Bruselas, non virán xa nin sequera desde Madrid.

Tamén falou o señor Deputado de política social. A ese respecto voulle comentar, moi por encima, os temas fundamentais que se están esixindo na negociación. Por exemplo, en relación co tema do principio de libre circulación, estase tratando de conseguir que se diminúa ó máximo a duración do período transitorio, que a CEE trata de que sexan sete anos. Estase buscando a igualdade absoluta de dereitos dos traballadores galegos cos traballadores dos países de orixe. Estase procurando unha equiparación total, e reivindicase o dereito á reagrupación familiar, e ademais a que eses familiares reagrupados dispoñan dos mesmos dereitos ó traballo ca aqueles que xa o tiñan no seu momento.

Cando se trata de traballadores que estean en paro, esíxese igualdade absoluta e total de dereitos cós traballadores dos países nacionais onde se estean desempeñando estes galegos. O mesmo no caso de traballadores galegos que retornen a Galicia: igualdade de trato cós traballadores nacionais do país onde prestasen os seus servizos en tódolos temas relacionados co desemprego, Seguridade Social e prestacións sociais.

Pídese tamén a potenciación do

SEDOC para que se trate de verdade dunha auténtica oficina de emprego, intracomunitaria, que ademais posibilite o exercicio do dereito á libre circulación dos traballadores.

Tomo outro tema, por exemplo, en zonas prioritarias. Tal como informei na Comisión, o Goberno Galego solicitou formalmente que Galicia sexa considerada zona de prioridade absoluta, co que se garantizan os máximos beneficios procedentes do Fondo Social Europeo.

Falando deste Fondo Social Europeo, en relación co que a Súa Señoría apuntaba xa no Presuposto deste ano hai algúns proxectos de fomento de emprego que se incardinan cos que son perfectamente válidos e aceptables, para se beneficiar do devandito Fondo.

Tamén se pide o recoñecemento de títulos académicos, diplomas e certificados que fagan posible o exercicio do dereito á libre circulación, e en temas de Seguridade Social, a totalización de tódolos períodos de cotización esixidos para ter dereito a determinadas prestacións, á exportabilidade de tódalas prestacións, etc.

Quérolle dicir á Súa Señoría que se está a facer un traballo en profundidade, con reunións semanais, en ocasións cada dez días, e van ter un próximo broche cunha recapitulación xeral, a través da Secretaría de Estado das Comunidades Europeas, e mailos Ministerios sectoriais interesados no tema. Unha vez que se celebre, haberá un documento oficial do Goberno Galego, que será elevado ó Goberno da Nación con tódolos pronunciamentos e con tódalas súas consecuencias. Pero quérolle asegurar á Súa Señoría que ese traballo que se está facendo non ten outro norte cá defensa da economía galega, e de tódolos traballadores galegos.

Máis nada, señor Presidente. Moitas gracias pola súa amabilidade.

-DE DON PABLO GONZALEZ MARÍÑAS, DO GRUPO PARLAMENTARIO COALICION GALEGA, SOBRE GRADO DE CUMPRIMENTO E RESULTADOS OBTIDOS DA APLICACION DOS ARTICOS 3, 7, 8, 11, 12 E 13 DA LEI DE RECOÑECEMENTO DA GALEGUIDADE.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Moitas gracias, señor Conelleiro.

Corresponde considera--la interpelación de Don Pablo González Mariñas, sobre grado do cumprimento dos resultados obtidos da aplicación de determinados artigos da Lei de Recoñecemento da Galeguidade.

Os artigos xa os irá dicindo o señor interpelante, que pode facer uso da palabra.

O señor GONZALEZ MARÍÑAS: Señor Presidente, Señorías, a Lei de Recoñecemento da Galeguidade, do 15 de xuño de 1983, como tódalas Sús Señorías coñecen, ten xa máis dun ano de vixencia. Pódese dicir que case ano e medio.

Como todos recordamos, foi aprobada unanimemente polo Parlamento de Galicia, como desenvolvemento do artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Non hai máis que repasa--lo "Diario de Sesións" desta Cámara, para comprobar como tódolos Grupos puxeron sinceras esperanzas nesta Lei de Recoñecemento da Galeguidade, como un primeiro instrumento de unión, de colaboración de tódolos galegos asentados dentro e fóra de Galicia.

Isto foi así, por riba das discrepancias que puido haber no Pleno que se celebrou no mes de xuño de 1983 --que en todo caso penso que estaban dirixidas a aumenta--la eficacia e o ámbito aplicativo da iniciativa-- púxose de manifesto un evidente apoio parlamentario a esta Lei. O tempo demostrou, sen embargo, que o Executivo Galego tardou moito tempo en lle dar verdadeiro contido. E cando se produciu a dis-

cusión dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para este ano en curso, foron os Grupos da oposición os que posibilitaron o cumprimento da Disposición Adicional. Era aquela que, quizá dun xeito innecesario, pero que evidentemente estaba así, salientaba a necesidade dunha partida específica presupostaria para poder acadar--los obxectivos previstos nesta importante Lei.

Hoxe en día, transcorrido xa ano e medio da súa vixencia, atopámonos con que non é coñecido por completo da opinión pública galega o grado de cumprimento de moitos mandatos substantivos desta Lei de Recoñecemento da Galeguidade. Pero todos entendemos que debe operar como o máis grande instrumento lexislativo que temos na Comunidade Autónoma para a integración na vida cultural e social galega de todas esas Comunidades asentadas fóra do territorio de Galicia.

Esta é a razón de que transcorrido este lapso de ano e medio, o Grupo Parlamentario de Coalición Galega presente esta interpelación. Suscítase neste momento, que entendemos oportuno, e ten unha serie de preguntas moi concretas, coa inquedanza de poder levar ó coñecemento desta Cámara o grado de cumprimento da Lei.

As preguntas de que consta esta interpelación son as seguintes. En primeiro lugar, ¿que resultados foron obtidos ata hoxe da aplicación do artigo 3º da Lei de Recoñecemento da Galeguidade? En concreto, ¿que tipo de canles de recíproca comunicación e apoio entre Galicia e as Comunidades Galegas asentadas fóra dela, foron creados por virtude de aplicación destes preceptos? ¿Impulsou a Xunta algún tipo de tratado ou convenio con Estados onde existan Comunidades Galegas de acordo co que establece o artigo 7 do noso Estatuto de Autonomía? ¿Foi promovido algún acordo ou algún convenio nos términos previstos no artigo 35 do propio Estatuto de Autonomía?

En segundo lugar, ¿deu cumprimento a Xunta de Galicia do artigo 7 da Lei, organizando servizos didácticos e audiovisuais para facilitar ás Comunidades Galegas o coñecemento da nosa lingua, da nosa cultura, das nosas tradicións? Se e así, ¿cantos, colaborando con que Comunidades e con que institucións especializadas neste eido?

En terceiro lugar, ¿fomentou a Xunta, de acordo co previsto no artigo 8 desta Lei de Recoñecemento da Galeguidade, a creación de prensa e revistas para uso escolar dos galegos residentes fóra de Galicia?

En cuarto lugar, ¿cantos cursos ou ciclos especiais, como está previsto na Lei, sobre lingua, historia e cultura galegas organizou a Xunta de Galicia en Universidades e institucións docentes e culturais dos países onde existen Comunidades Galegas, tal como establece --repetido-- o artigo 11 da Lei que aprobamos todos?

En quinto lugar, ¿cal é a efectividade ata o momento do artigo 12 desta Lei? Déuselles cabida ás Comunidades Galegas nalgún Concello ou nalgún Instituto de Galicia no ano e medio en que leva en vigor esta Lei?

En sexto lugar, respecto dese Consello de Comunidades Galegas que está constituído ou creado polo artigo 13 desta Lei, ¿cando quedará definitivamente constituído, e cando se aprobará o Regulamento que posibilita a realización desas funcións consultivas, desas funcións de asesoramento que este Consello ten atribuídas?

Por último, e sétimo lugar, ¿cando pensa a Xunta dictar--las normas regulamentarias precisas para o debido cumprimento desta Lei?

Tras ano e medio de vixencia da Lei, penso que son preguntas absolutamente pertinentes. A información do Executivo Galego pode ilustrar--la opinión da Cámara sobre o grado de cumprimento que se lle es-

tá dando a esta Lei, que aprobamos todos como un instrumento importante para esa integración na vida cultural e social galega desas Comunidades asentadas fóra de Galicia.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Gracias, señor González Mariñas.

Contestación da Xunta. Ten a palabra o señor Conselleiro, que dispón de 10 minutos.

O señor CONSELLEIRO DE TRABALLO, SEGURIDADE SOCIAL E EMIGRACION (Corral Pérez): Señor Presidente, Señorías, efectivamente é moi pertinente a interpelación do señor González Mariñas. Ten relación cun tema que lle é grato á Xunta e a este Conselleiro, e é bo que veña periodicamente a esta Cámara, de representación do pobo galego, para que non nos esquezamos dos outros galegos que senten quizais máis ca nós a idea de Galicia.

Téñolle que empezar por dicir que, cuantitativamente --se estamos falando ó pé da letra, e do desenvolvemento normativo dunha lei que como todas se ten que producir-- eu estaría de acordo con vostede en que estamos en débeda. O Conselleiro sente que non vai todo o de prisa que debera o desenvolvemento lexislativo --tomando as verbas ó pé da letra-- co desexo do propio Conselleiro e co desexo da propia Cámara.

Pero estamos falando dun feito que non é sinxelo: estamos falando da emigración. Era un feito que, anque padecido por Galicia, non estaba sendo contemplado desde a nosa situación, na cal existen institucións e goberno propios. Neste eido atopámonos con competencias exclusivas do Goberno Central, e cun Estatuto de Autonomía feito por uns redactores e logo referendado polo pobo galego que tiraba moi polo alto, que fixaba metas que había que

ir conseguindo a modiño e necesariamente ó longo de moitos anos.

Este feito singular de Galicia estaba sendo tratado desde unha Administración Central e, loxicamente, sen que sexa crítica, a cultura que chegaba ás Comunidades dun xeito indiscriminado era unha cultura nacional, unha cultura de ámbito estatal. Aquelas Comunidades máis senlleiras recibían máis cultura, máis aproximación, pero en definitiva faltaba a sensibilidade propia que temos que te--los que estamos servindo ás institucións autonómicas.

¿Que fixemos? Había unha Carta de España, cun censo artificial e sentímo--la necesidade de elaborar un censo provisorio, que non se podía facer exclusivamente con comunicacións epistolares, falando teoricamente dun recoñecemento da galegitude que xa era sentido polos nosos galegos, que estaban tanto en América coma en Europa. A vez que había que facer iso, había que aproxima--las nosas institucións ó coñecemento desas Comunidades.

Fixémo--la aproximación mediante un grande esforzo persoal do Presidente da Xunta de Galicia, que percorreu países europeos e americanos. Foi un esforzo da propia Consellería, e tamén do propio Parlamento, en calidade de representante do pobo galego. Noutros casos participaron eximios literatos galegos que connosco se aproximaron a leva--la cultura galega a distintas colectividadeas espalladas polo mundo. Creo que nisto todos estamos de acordo: todos sentímo--lo mesmo; a Galicia séntena máis no extranxeiro cós nosos paisanos, e máis có que a sentimos aquí.

Eu xa non apelo a razóns políticas; senón que sinxelamente sinalo o egoísmo persoal do que vive en Galicia: como xa a vive, porque está nela, non ten necesidade da expresión do sentimento de Galicia coa forza que teñen os nosos paisanos que emigraron. E o paisano que emigrou, á vez que traballou e saíu

adiante, tivo unha parte importante do seu esforzo, da súa inqueda e do seu traballo, para dedicar a preservar vivísima a identidade de Galicia. Polo tanto, na aproximación inicial que fixemos á emigración, o primeiro sentimento que recibimos foi que estabamos ante galegos de primeira categoría, dos cales tiñamos moito que aprender.

Alí aprendemos que non alcanzan soamente as leis e o seu desenvolvemento lexislativo. Hai que aspirar a conseguir eses obxectivos a través do tempo, aínda que pensamos que tamén foron asumidos nesta Cámara, porque xa viñemos varias veces falar aquí desta grande preocupación dos galegos.

Eses obxectivos son os seguintes. Primeiro: aproxima--las institucións galegas ós nosos paisanos. Refírome novamente non só ó esforzo feito, senón ó que se segue facendo, de aproximación persoal, e mesmo institucional.

Hailles que facer partícipes da nova realidade galega. Logo verémolo, porque vou contestar puntualmente a cada unhas das preguntas respecto do que fixemos neste eido.

Que os países onde traballan coñezan ós galegos, que xa os coñecen por eles mesmos, pero que sexan tamén como componentes dun pobo que ten identidade e institucións propias.

Logo, a outra obriga nosa --tamén no marco do tempo e movéndonos no eido da liberdade de elección que ten toda persoa-- é, desde aquí, colaborando coa Administración Central, abrir posibilidades para que o retorno dos galegos que desexen voltar á súa terra, poida facerse nas mellores condicións. En definitiva, abrir posibilidades de emprego, abrir posibilidades de realización dos nosos paisanos aquí en Galicia.

Dentro deste marco, o Goberno Galego trae a Lei de Recoñecemento da Galeguidade, e con iso un grave

compromiso, non soamente técnico, de desenvolvemento lexislativo, senón de dedicación. Cando se fai exame de conciencia, cada un co seu traballo e co seu comportamento, digo con toda sinceridade que estamos sempre coa sensación de que estamos en perda, de que non avanzamos suficientemente.

De calquera xeito estamos tranquilizados por eses galegos da emigración, que unanimemente nos din que vaiamos a modiño, que non apuremos. A maior parte deles teñen a súa situación resolta. Moitos emigraron por necesidade, pero o primeiro que desexan antes que voltar e resolve--lo seu problema é que Galicia se modernice, que vaia abrindo os brazos a tódolos seus fillos. Pero tanto os de aquí coma os de alá, en ningún caso queren vir aquí competir cos galegos que están traballando ben.

En definitiva, é unha actitude de xenerosidade que non se solve soamente co desenvolvemento técnico--lexislativo, senón cunha serie de esforzos institucionais que temos que estimular e acrecentar para acelerar. Non é tan só o problema do retorno, senón da creación do sentimento dunha Galicia que transcenda as nosas fronteiras, que haxa un pobo perfectamente apretado en torno ó seu Goberno, ó seu Parlamento e ás súas institucións, para dar testemuño da nosa presenza alí onde queira que esteamos.

Pero mesmo para aqueles que non tiveron oportunidades de elixir e tiveron necesidade de emigrar, queremos que estean perfectamente encravados, estean integrados nas nosas Comunidades. Para nós é unha satisfacción velar competindo con outras, estas, si, normalmente moi detrás respecto do nivel de integración que teñen os galegos.

Contéstolle rapidamente. ¿Que tipo de canles de recíproca comunicación e apoio entre Galicia e as Comunidades de galegos asentadas fóra, foron creadas?.

En primeiro lugar quero dicir que hai unha comunicación permanente. Son 117 as Comunidades asentadas, que periodicamente reciben o Diario Oficial de Galicia; o Boletín Oficial do Parlamento; toda clase de circulares informativas, evacuación de consultas en tódolos aspectos que lles interesan, educativos, culturais, medidas de fomento de emprego, créditos preferenciais que aquí se están concedendo, coma as PYMES, por exemplo; os relativos á vivenda, cooperativas, etc. Hai contactos permanentes neste senso.

¿Impulsou a Xunta algún tipo de tratado ou convenio con Estados onde existen?

Non; claramente non. ¿Por que? Porque acaba de pisa--lo terreo o meu compañeiro de Economía e Facenda, dando conta do documento que se elaborou polos expertos da Consellería de Traballo e os negociadores españois coas Comunidades Europeas.

Preferimos non nos complica--la vida de momento, e fixa--la postura da Comunidade Autónoma Galega en canto ó establecemento de determinadas cláusulas, como a consagra--lo dereito de circulación de traballadores en toda Europa. Pensamos que deste xeito se acaba o problema da emigración europea, ó adquiriren os nosos traballadores galegos a mesma consideración de circular e traballar libremente, ter acceso a través dos SEDOC ás oficinas de emprego. Xa está previsto isto, a través dos plans dos próximos Presupostos, para acceder ás axudas do Fondo Social Europeo, etc.

Hai un documento de política social no que témo--la resposta recentísima, a través da da 25a. sesión de nivel ministerial, celebrada o 23 de outubro, en Luxemburgo. Aí están practicamente recollidas tódalas inquiredanzas da Xunta de Galicia nos aspectos de política social.

Respecto das outras Comunidades

Autónomas, dígolle que é moi complicado recorrer ás Cortes Españolas para establecer contactos, convenios culturais, educativos, etc. Estase procedendo a facelos "de facto", nuns casos a nosa Consellería, noutros a Consellería de Educación e Cultura. Non recorreremos; pode ser criticable, pero aínda non recorreremos a esta fórmula.

¿Se se están organizando servizos didácticos ou audiovisuais?

Efectivamente; non soamente enviamos un fondo editorial ás 117 Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, senón que estamos neste momento esgotando a segunda remesa. A primeira foi de 120 volumes e a segunda esgotámola. Enviámoslles a tódalas Comunidades Galegas todo o que hai de Galicia en tódolos eidos de produción: literaria, cultural, musical, de ensaio, etc., de Galicia. Tódalas Comunidades Galegas terán dentro dun mes toda a produción galega, que penso que é importante.

Respecto doutro tipo de actividades, sería moi longo cansar ás Súas Señorías. Hai celebración de cursos, aquí, para fillos de emigrantes; cursos de folclore, de coñecemento de cultura galega; de contacto e coñecemento de Galicia por fillos de galegos; xestións que se están facendo no extranxeiro para crear Cátedras de Galego na biblioteca xuvenil da UNESCO; no Instituto de España en Munich, para crear alí unha Cátedra de Galego.

O mesmo ocorre na Universidade de Nova York, a través da recente viaxe que fixo o Presidente da Xunta, que será unha realidade inmediata. Para comenzos do ano 1985 están programados cursos de iniciación e habilitación de Galego nas nosas Comunidades asentadas dentro de España.

Con cargo ós Presupostos do ano 1984 xa hai un equipo redactor, para poñer en marcha --inquiredanza que vostede manifesta-- unha revista xuvenil. Están traballando niso Ca-

tetráticos de Bacharelato. O primeiro número estará a saír a finais deste ano, para que chegue a todas as Comunidades e a todos os fillos dos nosos emigrantes.

Outra pregunta. ¿Deúselles cabida ás Comunidades Galegas nalgún Consello ou Instituto de Galicia?

Non temos noticia de que a estean integrando, porque como posteriormente funcionará o Consello de Comunidades Galegas, ata agora veu funcionando a Federación Mundial de Sociedades Galegas. Esta reuniuse hai dous anos e debeuse reunir no verán pasado.

Do mesmo xeito que veu ó Parlamento o Proxecto de Lei de Recoñecemento da Galeguidade, para o seu desenvolvemento, queremos tamén que opine a Federación Mundial de Sociedades Galegas, que xa existe hai moitos anos. Pensamos que sería unha descortesía pola nosa parte crea-lo Consello de Comunidades Galegas marxinando a opinión da Federación Mundial de Sociedades Galegas. Se ó final imos facer practicamente o mesmo, non hai por que ter este xesto de descortesía con esta Federación Mundial. Esta reuniuse, e unha das súas conclusións --coma outras que temos aquí-- é que efectivamente apoian a creación dese Consello. E un procedemento polo cal moitos deses representantes renuncian a seguir compoñendo a Federación Mundial de Sociedades Galegas, para quedaren subsumidas no Consello de Comunidades Galegas.

Polo tanto, no primeiro trimestre do próximo ano quedará perfectamente constituído o Consello de Comunidades Galegas.

Hai unha pregunta respecto de cales son as inqueданzas dos nosos emigrantes.

Rematando, porque canso ás Súas Señorías, dígolles que algo está previsto levar a cabo no próximo Presuposto do ano 1985. Hai unha vella aspiración manifestada tanto a través de contactos individuais

cos nosos emigrantes, coma nunha conclusión da Federación Mundial de Sociedades Galegas. Ela ten que ver esa inqueданza pola integración dos seus fillos na sociedade dos países nos que están vivindo, polo rexeitamento que se produce en moitas ocasións. A inqueданza, en xeral, refírese ó desexo de que os seus fillos estudien e se integren en Galicia.

No Presuposto que virá a esta Cámara está prevista a creación dunha residencia. Terá máis usos cóos dunha simple residencia, porque vai posibilitar que nos períodos de vacacións dos fillos de emigrantes, estes poidan vir a Galicia, en viaxes non soamente de carácter turístico, senón tamén de coñecemento cultural e ata folclórico. Trátase de que aquí haxa un lugar construído e subvencionado pola Xunta de Galicia. Posteriormente estará rexido por un Patronato, no que estarán representados os nosos emigrantes. Será unha especie de colexio maior, no que moitos fillos de emigrantes poidan vir estudar en Galicia.

En definitiva, hai unha serie de cumprimentos de carácter estritamente técnico, e logo toda unha serie de inqueданzas e traballos que se van reflexando na preocupación diaria. Estámolo facendo así, apoiándonos no propio coñecemento que temos nesta Cámara do feito de emigración, e tamén nas vellas estruturas, aínda de actualidade, que tiñan os propios emigrantes.

Por exemplo, hai outra inqueданza dos galegos cando veñen a España. Para moitos deles --que non teñen Seguridade Social-- un accidente, unha enfermidade que lles poida ocorrer pode supoñer--la quebra e a ruína dunha familia. Para estes casos estamos xestionando xa un seguro, por un precio moi módico, a efectos de que ese risco que para eles é importante, que aínda ninguén llelo resolveu, poida quedar resolto tamén de inmediato.

En definitiva, penso que esta é

a forma de operar. Por unha banda, témo--lo noso desexo sinxelo de esgotar tódalas posibilidades que dean os mecanismos legais que aquí estamos producindo, sen perder xamais de vista o que nos estean demandando os propios emigrantes desde a súa preocupación vivida polo feito do emigración.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Gracias, señor Conselleiro.

Señor González Mariñas, ¿quere facer uso do seu dereito de réplica? (Asentimento).

Dispón de 5 minutos, señor Deputado.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, con moita máis brevidade de 5 minutos.

A resposta do señor Conselleiro de Traballo a min, certamente, páreceme desalentadora.

Fala o señor Conselleiro de que se fixo un censo provisorio de Comunidades Galegas; que se realizaron viaxes, espallando a nosa cultura galega; que se fixeron contactos, tratando de aproxima--las institucións galegas ós nosos paisanos que están fóra de Galicia, para que participen desta nova Galicia que estamos a facer.

Este é un clima que hai que crear, evidentemente, pero temos un instrumento legislativo, aprobado nesta Cámara por unanimidade, e ademais, cunha grande esperanza de tódolos Grupos Parlamentarios. Houbo sinceras expectativas neste instrumento para a unión e colaboración de tódolos galegos, dos que témo--la sorte de estar asentados en Galicia e dos que están fóra.

Realmente, se un fai un simple relato do que o señor Conselleiro nos acaba de dicir, o desalento é notorio.

Díno--lo señor Conselleiro que hai canles de comunicación e apoio entre Galicia e esas Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, porque se lles envía o Diario Oficial de Galicia.

Cando se lle pregunta ó señor Conselleiro se impulsou algún tipo de tratado, convenio con Estados onde existen Comunidades Galegas, pois di que non, que iso é difícil.

Cando se lle pregunta se promoveu algún tipo de acordo ou convenio, en aplicación do artigo 35 do Estatuto de Autonomía, di que isto é difícil, que tampouco se fixo nada disto. O plantexarlle se se fixeron servicios didácticos ou audiovisuais para facilitar ás Comunidades Galegas o coñecemento da nosa lingua, cultura e tradicións, contéstase que si, que se fixo; pero cando se lle pide unha cuantificación, cantos e con que tipo de Comunidades e institucións especializadas se colaborou neste sentido, non hai resposta.

Tampouco hai resposta sobre a creación de prensa e revistas para uso escolar dos galegos residentes fóra de Galicia. Parece un instrumento importante, previsto no artigo 8 da Lei, pero tampouco hai resposta.

Preguntamos pola colaboración con Universidades e institucións docentes doutros países onde existen Comunidades Galegas, de acordo co artigo 11. Tampouco sabemos nada disto.

¿Cal é a efectividade do artigo 12? Dise que existe unha Federación Mundial, que de momento isto é complicado, que hai unha cuestión de cortesía. Tampouco hai efectividade real do previsto no artigo 12 da Lei.

Non hai resposta tampouco de cando se aprobará o Regulamento do Consello das Comunidades Galegas, nin de cando pensa a Xunta dicta--las normas regulamentarias precisas para o debido cumprimento desta

Lei.

Eu tiña a intención persoal de que esta interpelación servise, polo menos, como alicerce para buscar unha eficacia máxima da Xunta nesta cuestión. Non tiña, por suposto, premeditada a presentación dunha moción, pero o desalento que me produciu a intervención do señor Conselleiro fai que o meu Grupo Parlamentario teña que propoñer polo menos o estudo da posibilidade de presentar unha moción subseguinte a esta interpelación.

Máis nada. Moitas gracias.

(Pide a palabra o señor Conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración)

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Despois, señor Conselleiro.

Agora corresponde o turno ós Grupos Parlamentarios que queiran fixar posicións. (Denegación).

Ten a palabra o señor Conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE TRABALLO, SEGURIDADE SOCIAL E EMIGRACION (Corral Pérez): Gracias, señor Presidente.

Señor González Mariñas, a palabra "desalentador" penso que é impropia. Imos entrar un pouco, entón, a respostarlle o que eu cría que lle contestara, pero non se me entendeu perfectamente. Debinme expresar mal.

Primeiro tema: tódalas Comunidades Galegas coñecen as súas institucións. Entón, enviárlle--lo Boletín Oficial do Parlamento, o Diario Oficial de Galicia e a presenza a través do esforzo que fai persoalmente o Presidente, que facemos nós e os membros deste propio Parlamento, é o testemuño exemplar do que estou asegurando.

No eido da cultura, non se pode

dicir que sexa facer nada enviarlles nun ano toda a produción --como acabo de dicir-- que existe en Galicia, que penso que non a ten ningún galego. Perdón; alguén pode tela, pero moitos de nós, non; e xa está en poder das 117 Comunidades. Eses son feitos concretos.

En materia de educación, anunciar con previsión presupostaria que se satisfai a maior inquedanza --son as conclusións da VI Xuntanza da Federación Mundial de Sociedades Galegas-- de crear aquí un lugar de estudos para os fillos de galegos de fóra é algo no que penso que non se podía soñar. Somos capaces de facelo, porque hai institucións autonómicas. Agora poderán estudia--los seus fillos unha carreira universitaria en España, e isto eu penso que é importante.

Hai materias que poden parecer residuais, pero a título individual son centos ou miles de galegos que veñen a España de vacacións, e que --repito-- un accidente ou unha enfermidade pode supoñe--la quebra dunha familia. Disto ninguén se preocupara, e nós ímolo resolver inmediatamente. Poderase considerar un problema menor, pero non o é tanto cando afecta a unha persoa ou a unha familia.

Falando do desenvolvemento da Lei de Recoñecemento da Galeguidade, dicimos que antes de fin de ano haberá unha revista escolar. Naturalmente que se tarda tempo, porque hai moitos especialistas traballando nela. Téñase en conta que estamos falando de mozos e de nenos, e hailles que facer chegar desde Galicia algo atractivo, anque contan xa con moita literatura infantil, toda a producida en Galicia, que está en mans dos fillos dos nosos emigrantes.

Agora queremoslles achegar esta revista infantil e xuvenil, escolar, publicación que está prevista na Lei. Acabo de asegurar que antes de fin de ano estará elaborada, e que no primeiro trimestre lles estará chegando. Penso que é algo

perfectamente concreto.

O mesmo digo dos medios audiovisuais. Hai que enriquecer non soamente con medios literarios, senón tamén con audiovisuais. Ben; pois toda a música producida en Galicia está chegando a tódalas Comunidades Galegas. Estamos elaborando "cassettes", e logo unha serie de diaporamas e diapositivas para que o coñecemento de Galicia lles chegue perfectamente a través de imaxes e a través de sons. Polo tanto, non estamos parados. O que pasa é que eu non son amigo de presumir. O contrario sempre desexo mostrarme en débeda co meu propio traballo, e querendo facer máis.

En definitiva, señor González Mariñas, se vostede quere presentala moción, para min será gratísimo, porque vai reflexa-la preocupación institucional desta Cámara polo feito da emigración. Será un momento máis en que toquemos este tema aquí, no que ademais afortunadamente nos poñemos sempre de acordo. O máis que poderíamos facer sería unha radiografía e analiza-lo traballo da Consellería que ten atribuída esta competencia. O final podíamos dicir, falando de aspectos cuantitativos, que se debería facer moito máis. Nese momento direilles que si. Agradézolles todo aquilo que sexa estímulo para que nós traballemos máis e fagamos máis cousas.

Agora, se teño que facer unha valoración obxectiva, penso que estamos facendo un grande esforzo. ¡Oxalá que coa súa axuda, co impulso e a utilización lexítima e lícita do dereito parlamentario de controlar e estimular, axuden a este Conselleiro a dar conta desta inxente e realmente apaixoante labou-
ra;

Moitas gracias.

-DO SEÑOR GONZALEZ MARIÑAS, DO GRUPO PARLAMENTARIO COALICION GALEGA, SOBRE APLICACION DO REAL DECRETO DE TRANSFERENCIAS EN MATERIA DE PRO-

TECCION DE MENORES E POLITICA DO GOBERNO O RESPECTO.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Seguimos coa outra interpelación do señor González Mariñas, sobre aplicación do Real Decreto de transferencias en materia de protección de menores e política do Goberno ó respecto.

Pode facer uso da palabra o Deputado interpelante.

O señor GONZALEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, é evidente que a problemática do menor, da xuventude, non tivo ata agora en España a atención que indubidablemente merece.

Probablemente por razóns de concepción social --ou, mesmo, se as Súas Señorías o entenden mellor así, de falta de sensibilidade social-- foi case sempre unha materia desatendida, desenfocada, levada dalgún xeito con criterios paternalistas, decimonónicos, marxinais, e sobre todo con criterios ineficaces; organizado sobre o vello criterio de hospicios, de correccionais, que está aínda aí, pivotando sobre nós coma unha concepción realmente caduca do que é esta materia.

No seu tratamento, esta non é unha problemática exclusiva de España e, por suposto, tampouco de Galicia, senón de case tódolos países. Probablemente foi esta razón a que levou á ONU a declarar a 1979 como "Ano Internacional do Neno". Eu entendo que tivo o importante efecto de incrementa-la atención sobre a infancia e sobre a xuventude en tódolos foros internacionais.

Foi un incremento da atención, como primeiro paso para busca-la eficacia na acción, nun problema certamente urxente, que se vai agravando por momentos.

O problema dos menores, o problema da xuventude en Galicia é indubidablemente moi grave. En documentos internacionais sobre a materia mesmo se di que hai dúas variables que condicionan a situación dos menores no mundo: democracia e renda. Os altos niveis de democracia e de renda correspóndense sempre con aquelas situacións máis favorables para o tratamento deste problema. Pola contra, dictadura e pobreza son en cambio o marco que define as peores traxedias da infancia, as peores traxedias da xuventude.

Penso, señores Deputados, que non hai máis que reflexionar sobre estas dúas coordenadas, en tempos aínda recentes, para comprender que o que herdamos en Galicia neste eido é indubidablemente unha situación que non pode ser boa.

Pero o que ocorre é que xa foron traspasadas á Xunta de Galicia as funcións e servicios desde a Administración do Estado nesta materia de protección de menores. Foi como consecuencia do Real Decreto do 29 de febreiro deste ano. Pero aínda que a efectividade dos traspasos se data no 1º de xullo do ano 83, en Coalición Galega entendemos que é o momento oportuno de chamar a atención da Cámara e do Goberno sobre un problema que ten unha evidente transcendencia social.

Todos coñecemos tamén nesta Cámara que a Xunta presentou un Proxecto de Lei de Servicios Sociais que contén un artigo --concretamente o 3º, se mal non recordo-- que está adicado á infancia e á xuventude. E indubidable que na discusión deste proxecto --tanto en Ponencia coma en Comisión-- terémola ocasión de aportar criterios sobre este tema. E moi especialmente que se debe avanzar con ambición de cara a un auténtico Estatuto do Menor. En Coalición Galega entendemos que debería ser un traballo de todos, enfocado por riba de lexítimas e estrictas posicións ideolóxicas e políticas. Será un traballo de todos se é que aquí realmente

comprendemos que se debe ir de cara a un Estatuto do Menor, e polo tanto a un traballo dirixido polo criterio da eficacia social. Por suposto, dentro do respecto ós máximos valores e á conciencia propia de cada individuo, pero sen dúbida avanzando no criterio da igualdade de oportunidade, dentro da Comunidade e da realización progresiva de todos, nun marco social que, indubidablemente, ten que ser máis xusto có que é neste momento.

Iso, dicía, verémolo na discusión da Lei, pero penso que son datos importantes que enmarcan o sentido desta interpelación. Entendo que este é o entorno desta interpelación, que neste caso non ten tanto o sentido do exercicio dun control político acucioso sobre a actividade do Goberno, coma dunha auténtica chamada de atención e, se se quere, de incitación para lle dar a este problema da xuventude a prioridade e o esforzo que nós entendemos que esixe e que non se lle está dando, polo menos de momento.

Sen incidir máis neste marco xeral e indo á interpelación concreta, hai que recordar que o Real Decreto do 29 de febreiro deste ano 1984 aproba ese traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma Galega, nesta materia de protección de menores. Son traspasos que, repito, se efectúan con efectividade a partir do día 1º de xullo de 1983, e que inclúen tamén a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión do imposto do 5% sobre espectáculos públicos, así como o rendemento producido por este imposto.

A efectividade desta transferencia --que ata agora soamente foi sentida pola nosa sociedade respecto do imposto do 5% sobre espectáculos públicos-- pon de manifesto a necesidade perentoria dunha política autonómica galega nesta materia de protección de menores, que entendo que aínda non está formulada, nin é, por tanto coñecida da nosa opinión pública.

A falta desta política contrasta dun xeito notorio coas necesidades e coas urxencias que son advertibles nesta orde na nosa Comunidade Autónoma. Practicamente en todos os centros transferidos dedicados a esta materia de protección de menores, a situación é enormemente preocupante. Na Casa Tutelar de Menores de Palavea, na Coruña; no Colexio San Xosé de Calasanz, tamén na Coruña; no Colexio Santo Anxo da Garda, en Rábade, Lugo, advírtese un enorme abandono. Esa situación obedece unha veces á ausencia de Director; outras veces porque se facilita só o ensino de catro grados de EXB, cando en realidade os alumnos que están alí chegan ata os 16 anos. Outras veces é por falta de persoal específico adicado a esta tarefa, que é indubidablemente educativa e especial. Ademais hai que ter en conta que, mesmo, nalgún destes Centros, como é o caso de Palavea, xa se inverteron enormes cantidades para o seu acondicionamento.

Todo isto entendo que configura unha situación grave, unha situación preocupante, caracterizada en xeral por unha precariedade evidente, tanto polas condicións dos centros, coma, sobre todo, pola falta dunha liña política clara neste sentido. Nalgúns extremos que comentamos na nosa interpelación, pódese comprobar que se atenden conxuntamente rapaces que son obxecto de protección, simplemente por seren menores --pola súa condición familiar ou social, de estaren nesa situación--, con outros que están afectados por unha problemática tan especial como pode ser a drogadicción.

Non hai por que carga--las tintas, pero a situación é moi grave. Evidentemente, vén herdada, pero entendemos que o Goberno de Galicia ten que tomar unha rapidísima posición e as medidas oportunas.

Estas son as razóns e o contexto que xustifica esta interpelación, que remata nunha serie de preguntas concretas. Vou enumerar,

polo menos, as máis importantes.

¿Cal é a política da Xunta de Galicia respecto da protección de menores?

¿Daráselles ás instalacións transferidas a atención e uso que reclama esta demanda social, verdadeiramente urxente e perentoria?

¿Que liñas e que plan de actuación pensa seguir--la Xunta de Galicia respecto desta temática de tanta transcendencia social, como é a protección de menores?

¿Cal é o presuposto que se vai destinar para este fin neste ano 1984, e tamén en 1985? ¿Vanse dotar estes Centros dos imprescindibles educadores especializados? ¿Cando se fará esa previsión?

¿Que destino se lles deu, ata agora, polo menos, a eses cantidades que xa veñen sendo recadadas polo Executivo Galego, dese imposto do 5% sobre os espectáculos públicos?

Dentro da política global, ¿que proxectos ten a Xunta para facilitar--la asistencia destes menores, que están acollidos nesas casas tutelares, ós Centros de BUP e ós Centros de FP?

¿Que plans posteriores de integración pode ter deseñados xa a Xunta, despois da asunción destas funcións e servicios, para a integración destes menores no mundo laboral? ¿Cales son eses plans de integración que se pensan poñer en práctica?

En definitiva, unha pregunta global --isto xa é naturalmente unha cuestión política que o Executivo ten que decidir--. ¿Ten previsto ou non o Executivo remitir ó Parlamento un auténtico Proxecto de Lei do Menor? Se non é así --porque pode haber outro tipo de programación--, ¿cales son as razóns de que non se avance no que eu entendo persoalmente que sería un bo marco legislativo para enfocar e resolver

globalmente esta problemática, repito, perentoria e urxente, que é unha auténtica demanda social neste momento en Galicia?

Máis nada, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Grazas, señor González Mariñas.

Contestación da Xunta.

O señor VICEPRESIDENTE PARA ASUNTOS POLITICOS E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA (Barreiro Rivas): Grazas, señor Presidente.

Señorías, tratarei de ser breve, nunha resposta a un tema certamente importante, na procura de que os asuntos que aquí se tratan, que teñen esta envergadura, empecen por atraer a atención da propia Cámara. Sería o primeiro símbolo que teríamos que buscar, para nos dar conta de que sobre nós tamén está a atención do pobo de Galicia.

Desde logo, alégrame en especial que o señor González Mariñas plantexe esta interpelación, que significa que comparte esta preocupación por un tema de tanta importancia, e que a comparta especialmente coa Consellería da Presidencia, que está recibindo aínda neste momento a transferencia efectiva destas competencias. Polo tanto, desde agora ten a posibilidade de abordar unha nova política de protección do menor e da muller, a partir do ano 1985.

Con carácter xeral --e antes de pasar a dar respostas concretas ás preguntas que se formulan na interpelación do señor González Mariñas-- digo que, en xeral, este é un tema que en España non só non está ben atendido, senón que non está nin sequera correctamente enfocado. É moi difícil que en pouco tempo se lle consiga dar a volta a un sistema de reinserción ou a un sistema educativo, por chamarlle dalgunha maneira, que se vén arrastrando ó

longo de moitos anos. Diría que mesmo se veñen arrastrando ó longo de moitos séculos, e son fallas fundamentais, nas que a súa corrección non só esixe a vontade dun novo plantexamento, senón sobre todo a preparación dos educadores, os medios materiais adecuados para iso e tamén un pouco, se se quere, a propia comprensión social. Deste xeito, determinadas experiencias que hai que levar a cabo na educación destes nenos, destes rapaces, poderanse realizar coa colaboración social que necesita para que isto en vez de ser un control sexa unha auténtica reeducación en orde á reinserción social.

A Xunta de Galicia, desde o mesmo intre en que recibiu as transferencias do Goberno Central na materia de protección de menores, tivo unha fonda preocupación polo tema, entendendo que é un grave problema social. Froito desta preocupación é a propia reestructuración do decreto orgánico da Consellería da Presidencia, que crea hai pouco a Subdirección Xeral de Protección de Menores e da Muller, precisamente co obxecto de lle dar un novo xiro a toda a política que ata agora se viña levando nestes dous asuntos de transcendental importancia.

A Xunta de Galicia, xa en xullo de 1984, mantivo unha reunión con Directores dos centros co obxecto de estudar as necesidades destes, así como para confeccionar os presupostos de 1985. A Consellería da Presidencia, a través da Dirección Xeral de Xusticia, marcou unha política na cal o obxectivo final é unha verdadeira e real reinserción social do menor. Para iso marcámonos os seguintes obxectivos e liñas de actuación.

O obxectivo básico dos Centros, na medida do posible, é a integración dos menores nun sistema de vida similar ó de calquera outro neno.

Lograr unha relación minimamente normalizada entre os menores e o entorno socio-familiar, engadindo

un coñecemento crítico da sociedade e analisando a súa situación dentro dela, uníndose á actividade transformadora do entorno social.

Conseguir que o Centro se converta nun verdadeiro fogar, e iso trae consigo a necesidade de que o menor se sinta directamente vencellado a el.

Téñolle que dicir a este efecto que a actual situación, ímolo dicir así, das estruturas físicas dos Centros de Menores, na maioría dos casos non é mala, xa que teñen bos edificios e boas instalacións. O que non están é realmente dotados o suficiente de persoal técnico adecuado nin tampouco doutros medios de educación modernos, de acordo coas técnicas que hoxe en día se teñen de reinserción social do neno. De tal xeito, o que foi noutros momentos un problema grave, que era a propia deficiencia das instalacións, hoxe está practicamente mellorado.

Noutro sentido, a Xunta de Galicia neste ano ten actuacións para levar a cabo a mellora dos Centros de protección da muller, e tamén xa se herdán algunhas actuacións neste sentido. No caso do neno, as condicións melloraron substancialmente nos últimos anos, e por tanto, exclusivamente nese aspecto da dotación dos Centros, a situación non é dramática. O que si é mala, e herdada, é a atención que se pode prestar desde estes Centros, xa de boa estrutura.

No referente á liña de actuación da Consellería da Presidencia, esta entende que no esencial virá dada polo intercambio das opinións e coñecementos que se produzan unha vez que os Centros estean dotados dos medios e persoal necesarios, pero aínda así atrevémonos a avanzar unhas liñas de carácter xeral.

Son as seguintes: poñer en práctica unha pedagogía que apunte á reinserción do menor nun contexto social, por medios culturais e morais, fomentando a orientación e

coñecemento das diversas técnicas por medio dunha educación integral do neno.

O obxectivo básico dos Centros será a integración dos menores na sociedade, como calquera outro neno, para o cal se debe cambiar a filosofía ata hoxe imperante de beneficencia para se converter nunha verdadeira labor asistencial, compensando as deficiencias que ten o neno no ámbito familiar.

A integración do neno no entorno social, diferenciando moi nidiamente o que é protección do que é a tutela, diversificando as institucións e tendendo á especialización.

Como o denunciaba o señor González Mariñas, non se debera producirlo feito de que nenos cunha problemática totalmente distinta --como poden ser problemas de drogadicción ou mesmo de delincuencia-- estean misturados con outros, que o único que teñen é problemas no entorno familiar ou cousas semellantes. Pero hai que ter en conta que non teñen realmente que ter unha situación de tutela no sentido correccional, senón única e exclusivamente un labor asistencial.

Xa que os Centros, nos casos de protección, acollen a rapaces con carencia familiar, tenderá a suplir esta falla, para o cal se lle dará un carácter mixto, ó fin de non desface--lo núcleo familiar de irmáns de distinto sexo, cando existen.

Creación dunha rede de asistencia social, na que o tratamento do menor se faga no seu entorno, con medidas de asistencia no propio domicilio do menor, onde se fará un seguimento e control.

Está no ánimo desta Consellería da Presidencia a creación dun servizo de vixilancia correctora naqueles casos nos que o menor, por motivos delictivos, estea a cargo do tribunal tutelar.

Entendendo esta liberdade vi-

xiada como unha medida penal con carácter psico--pedagóxico, débese dar unha verdadeira vixilancia correctora coa creación dos Conselleiros e Delegados de Asistencia ó Menor, tal e como se vén facendo nos países democráticos europeos. Os criterios pedagóxicos basearanse na liberdade e a dignidade da persoa, tendo en consideración o aspecto físico dos Centros, dentro dunha educación efectiva, estimulando os lazos coa súa familia e procurando que o menor adquira o seu autocontrol na súa vida emocional.

No aspecto do coñecemento daráselle ó menor a ferramenta cultural necesaria para o seu desenvolvemento social e cultural, axeitado á integración no mundo laboral.

Os aspectos éticos tenderán a facilita--la comprensión da xusticia, liberdade e responsabilidade, tanto no eido social coma individual.

Unha actuación terapéutica tendente a traballar sobre dos grupos e do psiquismo dos menores, e o contacto institucional e ambiental. É intención desta Consellería, a través da Dirección Xeral de Xusticia, a creación dunha Mesa de Directores de Centros, coa correspondente Comisión de seguimento, ó obxecto de que a liña de actuación sexa homoxénea e coordinada en tódolos Centros dependentes desta Comunidade Autónoma.

A Consellería prestará a atención necesaria ó obxecto de que os Centros estean en consonancia coa demanda social, ou sexa, que os Centros se adecúen ó menor e non o menor ás características dos Centros.

Permítame, señor González Mariñas, lembrarlle unha vez máis que esta Comunidade Autónoma recibiu os Centros con moitas fallas e carentes do persoal necesario, e atopou serias resistencias e dificultades para nomear mesmo ó persoal de libre designación. Tal foi o caso,

por exemplo, do Director de Montea--legre, en Ourense. Desde o cese do antigo Director --por excedencia voluntaria producida o 31 de decembro de 1983-- o Consello Superior tardou 8 meses en nomea--lo novo Director, aínda cando este reunía tódolos requisitos legais esixidos polas propias normas do Consello Superior.

No referente ó tema presupostario pónolle de manifesto ó señor González Mariñas que o Consello Superior leva a súa xestión económica ata decembro de 1984, é dicir, que aínda non está efectivamente transferida. Nembargantes, esta Consellería tivo intención de destinar importantes presupostos, co obxecto de paliar deficiencias existentes tanto a nivel persoal coma nas instalacións, e que naturalmente se viu limitada pola propia capacidade presupostaria da Comunidade Autónoma namentres non se poida incrementar, polo medio do perfeccionamento, a recadación que debe de servir para sustentar este tipo de asistencia.

No tocante ó nomeamento dos educadores, a curto prazo esta Consellería comunicou ó Consello Superior a conformidade para que se saquen a concurso as vacantes existentes e presupostadas para 1984 polo propio Consello. As devanditas vacantes cubriranse de acordo co establecido no convenio do ensino privado polo cal se rexe o persoal laboral dos Centros.

No referente ó posible acceso dos menores a BUP e Formación Profesional, esta Consellería, tendo en conta os principios constitucionais en canto á igualdade de oportunidades e ó dereito á educación, manifesta que se establecerá un convenio coa Consellería de Educación e Cultura, e coa Consellería de Traballo, ó obxecto de que os menores poidan ter, dunha parte, unha bolsa salario, e por outra se poidan recoller nos Centros asistenciais. En Formación Profesional, hai un Centro concertado con equipamento necesario para cinco ramas,

de Formación Profesional 1 e Formación Profesional 2, e a posible ampliación ó Bacharelato Unificado Polivalente.

No referente á integración no mundo laboral, é intención desta Consellería que se establezan convenios coas empresas privadas ó obxecto de que o menor poida ter un acceso digno ó mercado do traballo unha vez que sexa posible a súa reinserción na sociedade.

A Consellería nestes momentos está traballando no desenvolvemento dunha lei específica do menor, que naturalmente podería te--lo título de Estatuto do Menor en Galicia --ou calquera outro título, unha vez que se establecese o seu texto--, onde se recolla a problemática do menor, non só na súa protección e tutela, senón tamén na normativa para a adopción.

Convén suliñar que está en fase de discusión a Lei de Servicios Sociais, na que tamén se terán que insertar xa que dalgunha maneira están conexas.

A futura Lei do Menor recollerá que a protección do neno se basea nos principios de liberdade e respecto, nos seus sinais de identidade e características individuais e colectivas de acordo cos principios da Declaración dos Dereitos do Neno, da Organización de Nacións Unidas, e as resolucións da UNICEF, asegurando o cumprimento destes dereitos.

Téñolle que dicir tamén ó señor González Mariñas que, de acordo coas previsións, o proxecto de lei poderíase remesar ó Parlamento Galego para o seu estudo, probablemente --non me atrevo a afirmalo totalmente-- dentro do mes de febreiro do próximo ano 85. De tal xeito, esperaríamos que cando o Parlamento reiniciase a súa andadura estivese xa aprobado este Proxecto de Lei.

Remato dicíndolle ó señor González Mariñas que a Consellería da

Presidencia sente profundamente o problema destes nenos galegos, e que desde moito antes de recibirlas transferencias xa tiña elaborado un plan de actuación que se empezará a poñer en práctica sen demoras.

Aproveito para agradecerlle todas as suxerencias que fixo vostede na súa intervención e que, naturalmente, a través desta experiencia podemos ir incrementando a nosa preocupación polos nenos galegos e tamén a nosa forma por resolver esta importante problemática.

Insisto unha vez máis dicindo que é un tema que ten moi mala factura na súa tradición en España, que está moi mal dotado e que é moi difícil --cando aínda non está nin sequera transferida totalmente a xestión dos recursos adecuados para este fin; cando aínda hai que pactar a dotación dos centros correspondentes para que estean ó completo as previsións de educadores e de persoas que están integradas na labora destes Centros; cando aínda está a transferencia practicamente recién chegada-- que se produza xa un cambio. Hai que ter en conta que son varios séculos de tradición no tratamento correccional destes menores en España, con desvío do que debe se--lo plantexamento moderno destas solucións.

Quede entendido que a través da Subdirección Xeral de Protección de Menores e da Muller se está intentando poñer rapidamente en funcionamento esta nova e activa política asistencial ó neno.

Señor Presidente, señora e señores Deputados, gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): ¿Quere facer uso do seu dereito de réplica, señor González Mariñas?

O señor GONZALEZ MARIÑAS: Señor Presidente, Señorías, agradezo as palabras finais do señor Vicepresi-

dente do Goberno, no sentido louvatorio da interpelación, no que poida ter de estímulo para afrontar desde a Xunta de Galicia unha actividade nun eido social que é indubidablemente preocupante para todos.

Penso en todo caso que hai que reflexionar que as transferencias de funcións e servizos nesta materia teñen xa un ano e medio de efectividade.

Pregaríalle tamén ó señor Vicepresidente a resposta sobre unha serie de cuestións que quedaron pendentes. Por exemplo, preguntábase na nosa interpelación: ¿Cal é o presuposto que se vai destinar a este fin de protección de menores no ano 1984; e a ser posible, tamén, cal é o presuposto que se vai destinar a este fin no ano 1985?

Preguntábase así mesmo que destino se lles deu ata agora ás cantidades recadadas polo imposto do 5%. Son cuestións importantes que quedaron sen resposta na intervención do señor Vicepresidente, á parte do xeito xenérico en que foron respostados algúns destes planteamentos.

En todo caso entendo que a interpelación tiña unha preocupación dobre: por unha parte, ve-lo que se fixo ata agora; e sobre todo esa proxección de futuro.

No que se fixo ata agora estou de total acordo co señor Vicepresidente, de que tal vez os Centros en si, fisicamente, non son malos. De acordo. Pero o que si é claro --iso recoñecía el tamén-- é que a dotación destes Centros é mala, que é malo o ensino que se imparte, que non hai especialización e que a situación é preocupante.

Neste sentido hai que suliñar que a Xunta de Galicia ten tódalas competencias. Evidentemente, non ten as estrictas competencias económicas que seguen a depender do Consello de Madrid; pero no que é a posibilidade de organizar estes Centros, face-lo esforzo de dota-

los dos servizos, dalgún xeito artellar como deben funcionar eses servizos e darlles un contido proporcionado por unha política pensada pola Xunta de Galicia de protección de menores, para iso, si, temos tódalas competencias.

En canto ó tema do que se fixo ata agora nun segundo punto, como unha cuestión meritoria falaba o señor Barreiro de que a Xunta de Galicia demostraba dalgún xeito a preocupación do Goberno Galego sobre esta cuestión, e de que se fixera unha reestructuración da Consellería da Presidencia nese sentido.

E evidente: está no Diario Oficial de Galicia, pero eu preguntárialle tamén se nesa creada Subdirección Xeral está realmente nomeado o Subdirector Xeral. ¿Están nomeados tamén tódolos outros membros? Toda esa estrutura orgánica, ¿ten cobertura? Levamos ano e medio, pero ¿realmente está cuberta esa existente estrutura orgánica? Realmente, ¿existe un Subdirector Xeral da materia? ¿Existen os Xefes de Servizos, os Xefes de Sección que poidan levar adiante esta tarefa? Esta é unha dúbida que eu quixera que o señor Vicepresidente tamén me clarexase.

Respecto do presuposto, do que o señor Barreiro non falaba, pódolle dicir que había aproximadamente 400 millóns para este ano 1984, se os meus datos non son malos. Para este ano e para 1985 parece que hai 50 millóns, pero que non son de nova inversión, senón para rematar dous Centros que se están a construír e que estaban xa programados. Non sei por quen.

Este é un dato tamén preocupante, porque estas transferencias teñen xa unha efectividade de ano e medio, e paréceme que non se preveu nada no ano 85. Se existe esa fonda preocupación do Goberno Galego sobre este problema, haberá que ter polo menos unha previsión presupostaria, supoñendo que esas competencias económicas ademais van ser to-

tais.

Por todas estas razóns, alégrome moito desa concienciación da Xunta de Galicia na preocupación do problema, e tamén por toda esta declaración de principios.

Comparto moito do que dicía o señor Barreiro, de atender esa pedagogía dunha educación integral do neno, de non buscar un sistema de beneficencia, serán de asistencia social. Se non hai esa inqueda, aquí seguiremos facendo unha política de hospicios e correccionais, evidentemente decimonónica, que non ten nada que ver co século en que vivimos.

Estou de acordo con toda esa política de integración no entorno social, de non mistificación de problemáticas diferentes, de crear unha rede de asistencia social, de se servizo de vixilancia correctora, etc. O que pasa é que a min esa declaración de principios sóame moito. Sóame ademais a un documento catalán, que sinto non ter aquí. Paréceme que tampouco se fixo moito esforzo desde a Xunta de Galicia, serán que máis ben é unha transcripción duns documentos, que poden estar moi ben, pero que desde logo non revelan un fondo estudio propio desta materia.

Repito, alegraríanos moito que esta interpelación nosa servise para concienciar definitivamente e sobre todo para fomentar unha acción agresiva do Goberno Galego, cunha política propia, ben diferenciada.

Alegrámonos moito tamén desa promesa do Estatuto do Menor, con esta ou outra formulación que poida revelar e discutir nesta Cámara esa política do menor que a Xunta de Galicia promete traer aquí para o mes de febreiro.

Máis nada. Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): ¿Grupos Parlamentarios que

queiran fixar posicións? (Denegación).

Ten a palabra o señor Concelleiro.

O señor VICEPRESIDENTE PARA ASUNTOS POLITICOS E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA (Barreiro Rivas): Brevisimamente, para responderlle ó señor González Mariñas, puntualizando algúns extremos.

En primeiro lugar, o do ano e medio de transferencias referidas ó tema da protección do menor á Xunta de Galicia é tan teórico, que non existe realmente ese ano e medio.

O Decreto, que ten efectividade --segundo o seu texto-- desde xullo do ano 83, publícase en febreiro do ano 84. De tal xeito, é moi difícil saber en que consiste a efectividade retroactiva dun Decreto, cando ata que se publica un non ten ningunha posibilidade de intervir directamente na xestión da materia transferida. Tal vez se podería sinala--lo posible entendemento que se intentou, na medida do posible, entre as autoridades que seguen xestionando os intereses que se van transferir --en tanto non se produza a publicación do decreto-- e a Comunidade Autónoma.

En virtude de que hai esa expectativa de transferencia, polo tanto hai unha determinada disposición a levar a cabo unha política en forma conxunta. Pero, realmente, é unha transferencia retroactiva que non ten ningunha eficacia.

A eficacia da retroactividade dun decreto ás veces conséguese cando hai valores económicos de por medio, por exemplo, cando unha determinada recadación ten unha eficacia retroactiva. Polo tanto, ós efectos de bens transferidos empézase a contar desde a data en que figura o decreto. Neste caso nin sequera é así, porque a propia xestión dos bens do Consello aínda seguen sendo xestionados polo Consello, ata rematar 1984. Ou sexa, que

neste caso é absolutamente imposible, non só pensar na retroactividade, senón que é imposible tamén pensar na eficacia propia da xestión --mesmo despois de rematado e publicado-- o decreto en tanto non se produza a total e efectiva transferencia, igual que sucedeu cos Patronatos da vivenda rural, no seu día.

Quérolle dicir, por outra parte, que os presupostos previstos neste ano para atender este tema da protección de menores suman en total 463.104.000 pesetas. Supoñen un incremento de 68.137.000 pesetas sobre dos presupostos do ano anterior.

Nos demais temas digo única e exclusivamente que a súa segunda intervención, na medida en que remacha determinados términos xerais da primeira, é naturalmente compartida por esta Consellería, desde o punto de vista da súa importancia e desde o punto de vista da necesidade urxente da súa solución.

Por outra parte, está previsto o nomeamento inmediato do Subdirector Xeral de Protección de Menores, que está neste momento única e exclusivamente pendente da transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia. Xestionouse e está a punto de lograr un funcionario do Corpo Superior de Institucións Penitenciarias, experto precisamente no tema da protección dos menores. Polo tanto, desde a experiencia acumulada de varios anos ó servizo deste tema, pensamos que poida realizar unha laboura inmediata. Polo interés que poida te-la información, digo que este funcionario é natural de Galicia, e esperámo-la súa volta aquí, cunha experiencia acumulada ó longo dunha serie de anos de profesionalidade.


Gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE (Moure Mariño): Suspéndese a Sesión, para continuar mañá ás dez e media da mañá.

Levántase a Sesión.

Eran as sete e corenta minutos da tarde.





FOLLA DE SUSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome
Domicilio
Cidade Teléfono
Desexo suscribirme ó Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do
día de de 19 ata o 31 de decembro de 19
Con data de de 19 envíolles por xiro ou talón
nominativo, número a cantidade de Pesetas.
..... a de de 19
Firmado

Edición e suscripción:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Baixos do Pazo de Raxoi - Santiago de Compostela.
Teléfonos 981/587022 - 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 2.500 Pts. Número solto: 60 Ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre
Domicilio
Ciudad Teléfono
Deseo suscribirme al Boletín Oficial del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas, a partir
del día de de 19 hasta el 31 de Diciembre de 19
Con fecha de de 19, les envío por giro postal o talón
nominativo, número, la cantidad de Pesetas.
..... a de de 19
Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de publicaciones del Parlamento de Galicia.
Bajos del Palacio de Rajoy - Santiago de Compostela.
Teléfono 981/587022 - 587212 - 587412 - 587612.
Suscripción anual: 2.500 Ptas. Número suelto: 60 Ptas.


NOTA:

A suscripción é anual, por anos naturais. O período da suscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, a efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de suscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.

PUBLICACIONES DO PARLAMENTO DE GALICIA



Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Estatuto de Autonomía de Galicia Lei da Sede das Institucións Autonómicas Lei Reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 2	Lei de normalización lingüística
Vol. 3	Lei de limitacións á propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 4	Lei de recoñecemento da galeguidade Lei de Fundacións de interés galego Lei do Consello da Cultura Galega
Vol. 5	Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1982 Lei para o incremento dos tipos de taxas de cuantía fixa Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 6	Lei de sanidade escolar
Vol. 7	Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia
Vol. 8	Lei reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia Proposición de Lei da terceira canle de televisión Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
Vol. 9	Lei do Valedor do Pobo Lei de símbolos de Galicia

Distribúe
GALAXIA
Reconquista, 1 - Vigo
Teléfono (986) 218204

De venda
en librerías